

AS SERIES DE FICCIÓN PARA TELEVISIÓN

Cambio e evolución nas estruturas narrativas e produtivas.

O panorama galego no contorno internacional.

Autor: Francisco Negreira Rodríguez

Tese de doutoramento UDC / Ano 2021

Director: José María Paz Gago

Programa de doutoramento en Estudos Literarios



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Índice xeral	
Resumo	05
1. Introducción.	07
2. Obxetivos.	09
3. Metodoloxía	11
4. As series de ficción televisiva:	
clasificación, estrutura e sistema de produción.	18
4.1. Clasificación dos formatos de ficción televisiva.	21
4.2. O proceso de elaboración da serie televisiva.	26
4.3. A evolución dos sistemas de distribución.	35
5. A distribución por medio da Web.	41
5.1. Internet como plataforma de promoción.	42
5.2. As plataformas de vídeo en <i>streaming</i> e a minería de datos.	46
5.3. Os novos competidores.	55
5.4. A televisión en aberto na era de Internet.	57
5.5. A medición de audiencia ante as novas plataformas.	61
5.6. Influencia das plataformas baixo demanda na televisión convencional.	65
5.7. O impacto das plataformas de vídeo na exhibición en salas de cine.	68
6. A evolución das series de ficción. Os modelos de referencia.	70
6.1. As series en EEUU: evolución histórica.	72
6.2. As novas <i>network</i>.	80
6.3. A televisión por cable.	83
6.4. O contexto español.	85

7. O contexto galego.	88
7.1. A importancia da estrutura profesional, institucional e asociativa.	90
8. As series galegas de ficción televisiva.	112
8.1. A definición do catálogo das series de televisión galegas.	119
8.2. As series de televisión en aberto.	123
8.3. Os esquemas narrativos.	152
8.4. As series para Internet.	156
9. Fichas técnicas das series galegas de televisión.	173
10. Fichas técnicas das series web galegas.	269
11. Conclusións	316
12. Anexos.	321
12.1. Bases de datos e ficheiros en liña.	322
12.2. Listaxe de series galegas para Internet en castelán.	330
12.3. Entrevistas	332
13. Notas.	388
14. Bibliografía.	411

Resumo.

O presente traballo pretende analizar o fenómeno da escrita dramática para televisión no seu conxunto, desde a súa clasificación ata os mecanismos da súa estrutura narrativa. Así tras definirmos o obxecto de estudo, as series de televisión e as súas características fundamentais, faise un achegamento ao modelo de referencia na súa elaboración, o norteamericano, o que nos permite comprender o nacemento e transformación dos distintos formatos, así como a evolución social e demográfica do seu público obxectivo. Desta forma preténdese axudar a comprender a translación da narrativa complexa e para público adulto que se vai producir nas últimas décadas, desde o discurso cinematográfico ata o televisivo. En último lugar, analízase o fenómeno da produción de series de ficción en Galicia e explícanse as circunstancias da súa aparición, definiremos o corpus de estudo e analizaremos brevemente cada unha das producións.

Resumen.

El presente trabajo pretende analizar el fenómeno de la escritura dramática para televisión en su conjunto, desde su clasificación hasta los mecanismos de su estructura narrativa. Así, tras definir el objeto de estudio, las series de televisión y sus características fundamentales, realizamos un acercamiento al modelo de referencia en su elaboración, el norteamericano, lo que nos permite comprender el nacimiento y transformación de sus distintos formatos, así como la evolución social y demográfica de su público objetivo. De esta forma se pretende ayudar a comprender la traslación de la narrativa compleja y para un público adulto que se va a producir en las últimas décadas, desde el discurso cinematográfico hacia el televisivo. En

último lugar, se analizará el fenómeno de la producción de series de ficción en Galicia y se explicarán las circunstancias de su aparición, definiremos el corpus de estudio y analizaremos brevemente cada una de las producciones.

Abstract.

The present work aims to analyze the phenomenon of dramatic writing for television as a whole, from its classification to the mechanisms of its narrative structure. Thus, after defining the object of study, the television series and its fundamental characteristics, we made an approach to the reference model in its elaboration, the North American, which allows us to understand the birth and transformation of its different formats, as well as the evolution social and demographic of your target audience. In this way, it is intended to help understand the translation of the complex narrative and for an adult audience that is going to take place in recent decades, from the cinematographic discourse to the television one. Lastly, the phenomenon of fiction series production in Galicia will be analyzed and the circumstances of its appearance will be explained, we will define the corpus of study and briefly analyze each of the productions.

1. Introducción.

O presente traballo de investigación xorde a partir dunha longa experiencia na docencia, especializada no eido dos procesos e medios de comunicación, que me permitiu reflexionar sobre o fenómeno da escrita dramática para televisión e observar a carencia nesta área de estudos especializados a respecto das necesidades específicas da análise deste fenómeno, sobre todo desde o medio educativo e desde a perspectiva dos estudos semióticos. Unha carencia que é case absoluta se nos referimos ao caso concreto das series galegas. Dada a actual relevancia que a presenza habitual da televisión ven ter na formación en valores da sociedade, e o seu peso como medio fundamental de entretemento da poboación en xeral, considero pertinente a elaboración do presente traballo que pretende modestamente, achegar algo de información e reflexionar sobre o fenómeno das series de televisión desde unha perspectiva galega.

A relevancia que os medios de comunicación teñen na nosa sociedade e, en concreto, a importancia do estudo da ficción audiovisual, xustifica a necesidade de identificar como se definen e articulan os produtos audiovisuais para poderen ser axeitadamente analizados fóra dos ambientes profesionais onde estes produtos son elaborados. Partindo dos conceptos teóricos básicos e dunha visión de contextualización desta produción especializada, pretendemos atinxir unha visión de conxunto da escrita audiovisual seriada, co fin de poder comprender como se articula a narración de ficción nas series de televisión. Pretendemos acadar unha visión de conxunto das circunstancias da súa produción, co fin de poder explicar o seu funcionamento.

Con este traballo pretendemos responder á necesidade de paliar o escaso número de estudos que analicen este importante aspecto da industria audiovisual do noso país e fornecer ao docente e investigador, datos útiles para a análise das series de ficción televisiva desde unha perspectiva galega. Ao tempo, preténdese achegar criterios claros de clasificación referidos ás series de televisión que permitan contextualizar estes produtos no seu entorno produtivo, pois na nosa opinión, cómpre desenvolver materiais que axuden a analizar a realidade do contexto cultural en que nos atopamos. Se concordamos na importancia que teñen os medios de comunicación de masas na elaboración e transmisión de estereotipos e patróns culturais, así como no importante que é desenvolver a capacidade crítica para recoñecermos estes fenómenos e reaccionar axeitadamente ante eles, debemos aceptar que as series dramáticas de televisión disfrutan, neste sentido, dunha posición privilexiada á hora de definiren e transmitiren valores.

Nos últimos anos, a industria audiovisual galega afronta regularmente a produción de series de televisión. Algúns destes produtos gozan dunha máis que elevada aceptación por parte da audiencia, con porcentaxes de *share* moi elevadas na media española. Isto fai das series de ficción de produción propia, un produto moi importante para a nosa industria dado o importante volume de man de obra especializada que emprega e o volume de negocio que xera.

2. Obxectivos.

Pretendemos responder a preguntas básicas que nos permitan progresivamente unha maior comprensión do fenómeno das series de televisión: Que é unha serie de ficción televisiva?, como se escriben e producen estas series? Cales son as influencias máis importantes na súa evolución recente? Temos en Galicia un sistema propio de series de televisión? Desde cando se fan series de ficción en Galicia? Cantas se produciron? Cantas foron concibidas para a televisión convencional en aberto e cantas para seren distribuídas a través de Internet? A que responde a proliferación actual de series en rede?

Como xa se indicou, o presente traballo pretende achegarse ao tema de estudo desde unha perspectiva descritiva, de forma que ao final da investigación teñamos unha visión de conxunto do sistema de produción das series de ficción televisivas, comprendamos como se elabora a súa escrita e por tanto, as particularidades do seu discurso. Tendo todo isto en conta, os obxectivos fundamentais que se perseguen neste traballo son:

- Entender cales son as influencias máis importantes na elaboración das series de televisión, os cambios sociolóxicos que interviron no seu consumo e que favoreceron nos últimos anos unha maior complexidade na elaboración das liñas argumentais das historias.
- Comprender como os medios e circunstancias da produción e, en concreto, os novos sistemas de distribución do que o seu exemplo máis importante sería Internet, veñen modificar formalmente as series de televisión.
- Caracterizar a situación concreta das series galegas de ficción televisiva, que circunstancias interfieren na súa aparición e evolución posterior.

- Elaborar un pormenorizado estudio cuantitativo destas producións, e determinar o medio de distribución planificado na súa produción. Estudar, polo tanto, cantas se fixeron nun primeiro momento para a televisión e máis recentemente para Internet.
- O obxectivo último é poder converter este traballo nunha investigación aplicada, ao achegar esta información ao público, así como ao profesorado e alumnado do noso sistema educativo, co fin de que poida servir como aproximación a este fenómeno e aportar unha información de base que facilite nun futuro desenvolver investigacións relacionadas e, polo tanto, poda contribuír a unha maior coñecemento e comprensión do audiovisual galego.

3. Metodoloxía.

Seguindo a teoría de investigación cualitativa pretendemos contemplar unha ampla perspectiva que reflecta o traballo de todos os elementos que interveñen no obxecto estudado, desde a variedade dos enfoques e os métodos propios deste tipo de investigación (Flick, 2004). A fiabilidade do procedemento basearase na precisa aclaración da orixe dos datos e as circunstancias do seu rexistro, así como na escrupulosa diferenciación entre o dato e a interpretación por parte do investigador. Describiremos o proceso seguido na recollida de datos e sinalaremos os documentos analizados.

As interpretacións procedentes da análise dos datos, terán un enfoque predominantemente descritivo, apoiado en evidencias procedentes dos documentos orixinais, é dicir das series analizadas. A situación actual en torno á investigación nos estudos culturais ten avanzado e asumido importantes mudanzas nos últimos tempos. O cambio é debido, en parte, ao cuestionamento crítico do tipo de coñecemento que pode ou debe achegar a investigación. Unha parte importante da comunidade académica considera que a investigación tradicional optou por un certo reduccionismo metodolóxico, o que desembocou na crise e reconsideración do paradigma de investigación de corte positivista e na apertura a novas perspectivas de acceso á realidade social. Deste modo, poderíase caracterizar a situación actual de plural, fronte a una situación previa que algúns teñen denominado como estándar (Erickson, 1989), monolítica e hexemónica (González e Escudero, 1987). A cuestión de fondo, común ao groso de críticas sobre a investigación nas ciencias sociais tradicional, non é outra que a acusación de ter adoptado un modelo epistemolóxico propio das ciencias naturais, esencialmente o da física, modelo que impuxo á investigación nas ciencias sociais unhas construcións teóricas e metodolóxicas impropias do seu obxecto de estudio. Reflexións máis específicas tenden a

sinalar, ademais, entre os seus principais erros (Güba e Lincoln, 1981; Gimeno, 1985; Filstead, 1986; Escudero, 1987; Shulman, 1989), que o uso dunha perspectiva cientifista sobre as ciencias sociais no seu conxunto equiparaba os fenómenos sociais a fenómenos físicos.

A adopción do método científico (en consonancia co anterior) como modelo por excelencia para estudar as ciencias sociais, xeraba un tipo de coñecemento formal, afastado da práctica, máis atento ao incremento do coñecemento cuantitativo das manifestacións humanas, que a un coñecemento comprensivo do mesmo. A ignorancia das diferenzas entre a construción científica do coñecemento formal e a construción máis experimental, sensitiva, persoal e psicosocial do coñecemento práctico, facía que o primeiro, pola súa natureza prescriptiva e procedimental, contribuíse sobre todo a incrementar de forma acumulativa un coñecemento formal sobre as ciencias humanas, mais desvinculado dunha vertente explicativa en relación coa sociedade, carente, a miúdo, de significado e impacto sobre esta. A incorporación dun punto de vista hermenéutico comprensivo, enriquecerá sen dúbida a nosa investigación.

Na nosa opinión, compre expoñer os vínculos entre investigación, coñecemento e utilidade práctica. É preciso construír un coñecemento que integre, renove e perfeccione, tanto o coñecemento formal como o da análise práctica do mesmo. No noso caso concreto, un coñecemento máis amplo do fenómeno da práctica televisiva, por medio dun elemento importante do mesmo como son as series de televisión, debe contribuír a comprender as implicacións da articulación e transmisión dos sistemas de valores nunha sociedade concreta, mais tamén na comprensión do funcionamento dunha póla importante das industrias culturais desa sociedade, así como das implicacións económicas e sociais a modo de externalidades positivas, que se evidencian por medio destes produtos nesa sociedade.

Os traballos de Guba e Lincoln (1981), Escudero (1987) e De Miguel (1988), coinciden en considerar tres grandes correntes investigadoras de aproximación á realidade social: a corrente positivista, a corrente interpretativa, tamén denominada fenomenolóxica ou hermenéutica e a corrente sociocrítica.

A corrente positivista inspírase na filosofía do positivismo lóxico; pódese caracterizar pola equiparación que realiza entre feitos físicos e educativos, e polo uso do método hipotético dedutivo para explicar as manifestacións culturais. A corrente hermenéutica ou interpretativa parte da crítica á postura naturalista. Distingue entre fenómeno físico e fenómeno psíquico. A intencionalidade e significado deste último van ser os seus atributos fundamentais, de modo que atribuirá aos feitos sociais un significado subxectivo que non se atopa nos feitos das ciencias naturais. Vai expor a investigación nas ciencias humanas como un intento de comprender os procesos sociais na súa complexidade e non só como condutas naturais que poidan ser explicados a través de conexións causais e intentará interpretar a complexidade das prácticas culturais como un conxunto de fenómenos provistos de significado e intención. Recoñece que estas prácticas se compoñen de accións que deben ser entendidas no seu contexto e no seu sentido construtivista e dialéctico. Estas prácticas xéranse, desenvólvense e modifican no seo de determinadas institucións e contextos cos que interaccionan, de forma que esta corrente sostén unha visión do proceso cultural non suxeito a leis constantes e universais. Por último, fará fincapé na necesidade de comprender intimamente o fenómeno cultural antes de o explicar.

A corrente sociocrítica vai coincidir coa corrente interpretativa na crítica á postura positivista que desprezara as cualidades psicolóxicas do fenómeno cultural. Con todo, como

característica fundamental, pon o acento na cualidade social do proceso cultural. Vai sinalar a imposibilidade de disociar o fenómeno cultural do proceso histórico social no que ten lugar. Non ter en conta esta perspectiva dificulta o cambio e a transformación temporal. O feito de entender a dinámica dos procesos que interveñen na acción cultural, implica intentar entendela dentro do seu contexto sociocultural e, ao mesmo tempo, aceptar que está influído á súa vez, pola acción cultural.

Enténdese que, de igual maneira que a manifestación cultural é unha practica social e ideolóxica non neutral, debemos aceptar que a investigación tampouco o pode ser. É preciso, pois, que a investigación reflexione e explique a ideoloxía que a sustenta e que a comparta cos participantes na mesma en todo o proceso de investigación (Kemmis, 1983).

Esta corrente ofrece un coñecemento que poderíamos caracterizar como interactivo, ao asumir que tanto o coñecemento en si, como a práctica, forman parte dun todo e que se modifican, inflúen e constrúen reciprocamente. O propósito final da corrente crítica non é so o de perseguir a comprensión da realidade senón, o de influír na súa transformación a partir do compromiso coa mellora da sociedade.

Aínda que estas son as principais correntes imperantes no ámbito da investigación social e cultural actual, compe sinalar que outras perspectivas son posibles desde a actual situación de pluralidade teórica en que nos atopamos. Actualmente non só se presenta a necesidade de vincular investigación, teoría e práctica, tamén se apela á necesidade de comprometer esta coa mellora e transformación da práctica. A existencia de ópticas diferentes en relación coa investigación é unha fonte sistemática de revisión, avance e mellora da educación e a cultura (Shulman, 1989).

No presente traballo partimos dun punto de vista próximo ás correntes interpretativas e sociocríticas, e achegarémonos á análise do que pode supoñer o fenómeno das series de televisión no entorno social, procurando unha visión holística desta manifestación cultural que se ve influída como neste caso é evidente, pola evolución dos medios de comunicación e dos cambios sociais que estes producen na nosa sociedade.

Neste apartado revisamos os principais métodos e técnicas utilizadas no noso estudo, baseados na análise de documentos audiovisuais. Dada a natureza particular deste traballo utilizamos damos unha importancia capital ao estudio dos documentos. P. Woods, (1987), establece distintas clasificacións da documentación segundo o seu grao de privacidade, na presente investigación, traballaremos fundamentalmente con artigos e publicacións científicas e rexistros tecnolóxicos como páxinas web e arquivos audiovisuais .

Os rexistros tecnolóxicos habitualmente engloban aqueles documentos que utilizan unha linguaxe non escrita, baseados na imaxe e na expresión oral. O vídeo, a fotografía e a gravación de audio, adoitan ser os rexistros máis comúns deste tipo. Nós incluimos no presente traballo tamén as gravacións en vídeo das entrevistas a diversos profesionais destacados do audiovisual galego, co que empezamos a documentarnos no presente traballo e nos anexos incluimos tamén as transcripcións de ditas entrevistas.

De forma destacada, redactamos unha serie de fichas sobre cada unha das producións, desenvoltas a partir da información recopilada dos distintos portais especializados en series de televisión galegas. A inconstancia dalgúns dos repositorios electrónicos utilizados, aconsellaba gardar copia de moitos destes materiais, co fin de puideran ser consultados ao

longo do proceso de redacción da investigación, e tamén para que se poidan contrastar ou modificar no futuro os datos aportados. De feito durante a elaboración da documentación deste traballo, foi desconectado o portal da Axencia galega do audiovisual, ao integrarse por decisión política no Consorcio audiovisual galego, co que boa parte dos datos que antes estaban alí aloxados, deixaron de ser accesibles.

Este proxecto de investigación pretende abordar o tema de estudio desde varias perspectivas, e delimitar as distintas categorías que interveñen cando intentemos estudar as series de televisión non so desde o eido literario, senón no seu conxunto. Ademais dos creadores deste tipo de textos, e os receptores, entre o que se atopa o espectador, compre tamén estudar aos mediadores, que interveñen como distribuidores, comunicadores ou dan aloxo a este tipo de contidos.

Desde o punto de vista do enfoque, quixemos incorporar a teoría semiótica ao análise das series de ficción galegas. Nun primeiro momento consideramos a posibilidade de analizar en detalle algún título en concreto, do que extraer unha visión particular da construción de ficción do audiovisual en galego. Centramos o noso esforzo investigador en facer unha ambiciosa listaxe de todo o panorama da ficción seriada, tanto en aberto como para Internet, e comentaremos ademais puntualmente, algúns aspectos salientables dalgunhas destas obras que entendemos que son importantes para comprender a construción da narrativa das series en Galicia. Identificaremos tamén unha serie de estruturas habituais e construción de personaxes, que se replican en numerosas producións e intentaremos explicar o por que da súa multiplicación nas nosas producións.

Dado que a linguaxe audiovisual combina varias materias diferentes da expresión, como defendía Mitry (1990), intentamos aportar unha visión o máis ampla posible do conxunto da

producción do audiovisual galego, tanto nos seus aspectos narrativos e formais, como empresariais. Neste estudio, entendemos a utilidade da aplicación da semiótica, en tanto ciencia encargada de aportar teorías e métodos que abarcan o estudio dos signos nas prácticas significantes, non soamente como substitución material de obxectos, fenómenos ou conceptos, co que facilita o intercambio de información na sociedade, senón tamén, como disciplina crítica que facilita a comunicación na semiosfera da cultura¹ (García e Finol, 2006). Dado que o presente traballo pretende dar unha visión o máis ampla posible ao fenómeno da escrita seriada de ficción audiovisual galega, unha visión ampla do conxunto poderá contribuír a súa comprensión.

Non podemos esquecer que o noso sistema de produción vese confrontado a profundos cambios que se están a producir no ecosistema das series a nivel mundial (Scolari, 2015), do que as nosas series non son alleas. O audiovisual ten sufrido numerosas transformacións ao longo da súa existencia. A chegada das plataformas de vídeo en *streaming* obrigan a unha reformulación da ontoloxía da linguaxe audiovisual, e esta, á súa vez, ten propiciado unha nova cultura cinematográfica. Vivimos nun tempo que nace á calor dunha nova forma de narralo² (Blanco 2020). Ademais de analizar polo miúdo a distinta literatura publicada a cerca deste suxeito. Utilizamos para este traballo, diversas bases de datos, en especial a do Centro Superior de Investigacións Científicas, así como aplicacións de xestión de referencias bibliográficas. Consultáronse numerosas monografías especializadas, e traballouse con boa parte da bibliografía científica publicada neste campo desde finais dos ano noventa, consultada en varias bases de datos e revistas electrónicas, e consultamos todos os portais e bases de datos en liña, que puideran aportar información sobre o obxecto da nosa investigación.

4. As series de ficción televisiva: clasificación, estrutura e sistema de produción.

A estrutura do presente traballo pretende axudar a comprender o complexo sistema de produción das series de televisión e que lugar ocupa a produción galega neste marco. Para intentar responder a esta necesidade, acometemos unha investigación dividida en tres partes. As dúas primeiras, permitirían contextualizar as series relacionándoas co seu entorno produtivo e a terceira analizará con maior detalle as producións galegas ao longo destes anos. A produción galega ten características particulares derivadas do pequeno mercado ao que vai dirixida inicialmente e que determinan as súas necesidades de produción e que trataremos con maior detalle mais adiante, pero en absoluto se apartan dos esquemas xerais da industria audiovisual e das súas estruturas de clasificación produción e distribución, que coñecer, para comprender mellor onde se insire o noso modelo produtivo. E así, na primeira parte, relacionase a tradición cinematográfica recente e os esquemas de produción e de distribución. Na segunda parte, contéplanse os referentes de influencia inmediata, basicamente o modelo de series norteamericano e, de forma máis concisa, o español. O modelo norteamericano analízase con maior detalle, dado que é o máis importante a nivel mundial, na medida en que establece actualmente os parámetros de produción e é responsable das modas e tendencias na profesión.

Na terceira parte, analízanse con atención as series de ficción televisiva galegas. Establecese en primeiro lugar, un listaxe das distintas series que conforman o panorama produtivo galego. Para iso, establecemos os criterios de selección, referimos as distintas bases de datos dos portais de Internet especializados ou xeneralistas que achegan información sobre este suxeito e, por último, seguindo os criterios previamente definidos, elaboramos a listaxe de series definitivo . Por último, incluímos unha breve referencia a cada unha das producións: ano de

producción e título, liña argumental e datos básicos. Estas entradas complementáanse dunha forma máis desenvolvida, nos anexos do traballo, coa inclusión das fichas completas, artísticas e técnicas, elaboradas a partir das bases de datos de Internet consultadas.

Pola súa relevancia, parécenos oportuno sinalar os importantes cambios acaecidos no consumo da ficción audiovisual que se veñen producindo nos últimos anos, e que están determinados pola incidencia da evolución tecnolóxica e os sistemas de distribución. Esta mutación provocou un cambio sociolóxico no tipo de espectador habitual das series de televisión e, a súa vez, unha evolución dos temas e contidos argumentais destas. Para comprender como se produce este cambio compre analizar brevemente a evolución recente da produción cinematográfica e a súa influencia no eido televisivo.

Nos anos 70 o cinema asumía o control do discurso político, os temas sociais e a evolución estética. Ademais de ser un medio de entretemento, reflectía os problemas e as inquedanzas da sociedade, mais todo iso ía mudar rapidamente. A finais da década dos 70, aparece un novo fenómeno mediático: o cinema evento. O exemplo paradigmático pode ser un título como *Stars Wars*, película do ano 1977, dirixida por George Lucas, e que pronto se converte nun fenómeno social. Os espectadores nos meses seguintes van mostrarse receptivos a produtos comerciais que reproducen os personaxes ou fan referencia ao universo da película. Irán aparecendo xoguetes, cómics e videoxogos que incrementan os beneficios de quen posúa os dereitos comerciais do filme. Os grandes estudos cinematográficos descubren que pode haber un negocio lucrativo moi interesante, non só na venda de entradas, senón tamén no *merchandising* relacionado coa produción cinematográfica. Pouco a pouco, as películas íranse convertendo nun grande negocio, cuns beneficios comerciais que se estenderán a outros mercados por medio das licenzas de imaxe.

Con todo, este tipo de produtos están destinados a un público obxectivo moi concreto: os adolescentes. Desta forma comezará un rápido proceso de infantilización dos argumentos a cambio de máis acción e imaxes cada vez máis espectaculares e cheas de efectos especiais, cos que atraer a estes espectadores máis novos. Este tipo de cine ocupa a maior parte das salas cinematográficas actuais. O cine feito para outros públicos pasa a ser unha parte secundaria da produción cinematográfica. O público adulto vaise vendo relegado das salas e refúxiase nas súas casas, onde ao mesmo tempo se produce un fenómeno oposto, as series televisivas irán gañando en complexidade narrativa, ata o punto de chegar a falar dunha “nova idade de ouro da televisión estadounidense” (Pérez López, 2011: 15), por mor da calidade narrativa das súas series. Así, tense afirmado que, mentres a ficción cinematográfica máis comercial “avanzaba cara a súa disolución e baleirado” (Reviriego, 2011: 7), en certa medida a pequena pantalla veu coller o relevo do cine na construción do relato audiovisual.

4.1. Clasificación dos formatos de ficción televisiva.

Co fin de delimitar o noso obxecto de estudo, imos definir os distintos formatos de ficción televisiva co fin de determinar o que é unha serie televisiva e os seus tipos. Habitualmente clasifícase a ficción de televisión en distintos formatos: telefilmes, series, miniseries e seriais ou telenovelas.

O concepto de “formato televisivo”, que veu a substituír ao xa obsoleto concepto de “xénero televisivo”, é unha noción semanticamente moi ampla, cun variado espectro de significados. Tanto operadores e practicantes do medio audiovisual como teóricos e analistas, manexan hoxe, porén, un significado bastante preciso do formato. Tal sentido preciso do termo refírese esencialmente aos programas de entretemento, para os que precisamente se creou esta denominación: concursos, xogos, *magazines*, *realitys*, *talk-shows*, etc. Estes programas teñen un esquema organizativo xeneral máis ou menos fixo, unha estruturación predeterminada orixinal de accións e actores que pode ser transformada e adaptada a cada circunstancia e país.

Milly Buonnano, un dos máis destacados expertos italianos, precisa ese término actual de formato: o cal remite sempre de modo directo, sen necesidade de ulteriores especificacións, a un concepto, un modelo o un esquema de transmisión televisiva, elaborado (e probado) inicialmente nun país e, sucesivamente, exportado ou adquirido noutros mercados (2005, p. 20). Buonnano afirma: na área da ficción televisiva, a identificación e a distinción dos diferentes formatos remiten a compoñentes estruturais, como o número de partes (desde unha soa como no caso da *TVmovie* ata os millares dos seriais); a duración (25 ó 50 minutos ou outro tipo de unidades horarias máis ou menos estándar), a periodicidade (cotiá, semanal...) e

a morfoloxía dos segmentos (episodios independentes, capítulos que continúan ou unha mestura de ambos); a fórmula narrativa (conclusión final, apertura ilimitada, vía intermedia entre o serial aberto e o pechado...) Cada un dos formatos de ficción (*TVmovie*, miniserie, serial aberto ou pechado), caracterízase por unha combinación e unha relación específicas entre estes ou, eventualmente, outros elementos (Buonnano 2005, p. 20 y 2002).

Os telefilmes¹ (*tv movies*) son longametraxes de ficción, dirixidas especificamente á televisión, que duran máis dunha hora. As series² son obras que se emiten en capítulos sucesivos, que manteñen unha continuidade temática entre eles. As miniseries³ teñen un número limitado de capítulos, o que lles confire unha elevada coherencia narrativa. Os seriais ou telenovelas⁴ caracterízanse polas súas entregas periódicas, xeralmente diarias; carecen de tramas episódicas e estas fican abertas para seren desenvolvidas nos capítulos seguintes.

O telefilme trátase dun produto de ficción non seriado. Normalmente é producida polos estudos de televisión. Ao contrario que o resto dos formatos televisivos de ficción, a película para televisión é habitualmente unha obra única que conta unha historia completa.

As diferenzas coas longametraxes cinematográficas son moito máis sutís. Nun principio o telefilm é concibido para ser lanzado na televisión e non nos cines; ao mesmo tempo, desde unha perspectiva máis técnica, non se filma en película senón que se rexistra en vídeo, aínda que na medida que cada vez se grava máis o vídeo dixital de alta definición con destino á pantalla grande, esta diferenza tamén perde peso. Numerosos títulos cinematográficos concibíronse inicialmente para a televisión, mais foron estreados en cine, como *Mulholland Drive* de David Lynch ou *Elefant* de Gus Van Sant. Outros pasaron polos cines despois de seren éxitos en televisión como *Duel* de Spielberg.

A pesar de que hai telefilmes de grandes orzamentos, verdadeiras superproduccións, na actualidade en España unha película para televisión é case sinónimo dunha película barata, cun presuposto reducido, entre un terzo e unha cuarta parte do presuposto dunha película para cine. Dende 1999, ano de aprobación da directiva coñecida como "Televisión sen Fronteiras", impúxose pola lei en España a obriga das televisións de investir en cine europeo o 5% dos seus ingresos brutos anuais. Houbo entón unha proliferación de telefilmes producidos polas canles españolas como un medio para cumprir na forma coa directiva.

Unha serie de ficción televisiva é unha obra audiovisual que se emite en capítulos sucesivos que manteñen unha continuidade temática entre eles. Á diferenza do serial, onde as tramas fican abertas dun episodio para o seguinte, na serie hai numerosas tramas autoconclusivas que se resolven en cada episodio, establecendo certa unidade narrativa independente (Sánchez Noriega, 2002: 740). Podemos, á súa vez, subdividir a categoría de serie, e sinalar a teleserie, que é un formato pensado para unha hora de duración, de contido esencialmente dramático. Algunhas dan cabida a elementos de humor, son as chamadas "dramedias" (Douglas, 2011: 415).

Por outra parte temos os formatos dirixidos ao espazo de media hora, cun claro ton de humor, a *sit-com*, abreviación en inglés de "*situation comedy*" ou comedia de situación (Comparato, 1993: 285). A comedia de situación ten os seus inicios nos EUA con "*I Love Lucy*", emitida pola CBS entre 1951 e 1957. Narraba as aventuras de Lucy Ricardo, que abandonaba unha cómoda vida de ama de casa para se dedicar á súa carreira artística, e os encontros e desencontros co seu marido nesa situación. Foi orixinalmente un programa de radio que pasou máis tarde á televisión cunha duración de 25 minutos. O público podía ir ver o espazo

en vivo. Cuns poucos personaxes e un humor baseado en gags sinxelos, “*I Love Lucy*” marcará as características posteriores deste formato.

Actualmente, a *sit-com* nos EUA teñen unha duración de 21 ou 22 minutos para encaixaren a publicidade nas franxas de media hora de emisión. Polo xeral, prográmanse dúas *sit-com* xuntas no período inmediatamente anterior á hora de máxima audiencia, que se denomina en inglés “*access prime time*”. Grávase a miúdo con público en directo, na súa orde cronolóxica e con multicámara. A historia recente da comedia de situación está marcada polo éxito de *Cheers*, *Frasier*, *Seinfeld* e *Friends*.

A miniserie caracterízase por ter un número limitado de capítulos (Comparato, 1993: 284), o que permite unha elevada coherencia narrativa e a fai especialmente axeitada para a adaptación literaria. De feito é unha adaptación da novela *The Rise and Fall of the Third Reich* (O ascenso e caída do Terceiro Reich), realizada en 1966 pola cadea ABC, a que se considera a primeira miniserie. Con todo, serán *Rich Man, Poor Man* (Home rico, home pobre) en 1976 e, especialmente, *Roots* (Raíces) en 1977, os primeiros éxitos importantes que farán popular o formato en todo o mundo. Actualmente, son moi populares as miniseries da canle norteamericana HBO, con títulos como *Band of Brothers* (Irmáns de Sangue), *John Adams*, *Generation Kill* ou *The Pacific*.

O serial é un xénero dramático de ficción que se caracteriza polas súas entregas periódicas, xeralmente diarias. Practicamente carece de tramas episódicas; estas fican abertas para seren desenvolvidas nos capítulos seguintes. Os seriais televisivos teñen a súa orixe inmediata nos radiofónicos que, á súa vez, remiten á tradición literaria do folletín por entregas de finais do século XIX.

No modelo norteamericano denomínaselles *soap operas* (Sánchez Noriega, 2002: 742), literalmente, "obras de xabón", a causa dos patrocinadores habituais dos primeiros seriais, xa dende a radio, que adoitaban ser as empresas de fabricación de produtos para a limpeza, xa que estes seriais se emitían en horario de mañá e ían dirixidas ás amas de casa como público obxectivo. Posteriormente pasaron a emitirse tamén en horario de tarde, aínda que sempre fóra do horario de máxima audiencia ou *prime time*. A este horario dende a mañá ata *prime time*, chámasele en inglés *daytime*, dando lugar a outro termo común para o serial nos EE.UU, *daytime drama*.

Nos anos 80 comezan a programarse seriais en horario de máxima audiencia. Será o caso de *Dallas*, *Dinasty* (Dinastía) e *Falcon Crest*, seriais que terán unha grande influencia no drama para a televisión, ao xeneralizar o uso de tramas seriais. A partir dos anos 90, nun intento por tratar de adaptar estes produtos a outros segmentos da poboación, aparece o serial xuvenil.

Así, podemos distinguir entre serial aberto, *open serial* en inglés, cun número ilimitado de capítulos, que dependen exclusivamente de manter unha audiencia elevada, e o serial pechado, *closed serial*, cun número limitado de capítulos, mais moi numeroso, polo xeral, por enriba do cento. A telenovela é unha modalidade do serial, propia dos países latinoamericanos. Na súa orixe había marcadas diferenzas co serial anglosaxón, unha produción máis modesta, diferentes contidos e temática, e unha clara tendencia cara ao serial pechado, sen grandes variacións no elenco protagonista. Porén, o éxito internacional de telenovelas como a colombiana "*Yo soy Betty, la fea*", (emitida en orixe entre 1999 e 2001, estreada internacionalmente en máis dun centenar de países e posteriormente adaptada en outros moitos, entre eles España e EUA), esvaece as diferenzas entre o serial anglosaxón e a telenovela ou, mesmo, coa serie.

4.2 O proceso de elaboración da serie televisiva.

No seguinte punto imos centrarnos no proceso de desenvolvemento da escrita da serie televisiva e as súas particularidades en relación co seu sistema de produción, o que nos permitirá comprender mellor a relación entre estes sistemas e a evolución da súa estrutura narrativa, pero tamén a evolución dos contidos e do público obxectivo ao que van dirixidas.

Pitching.

En primeiro lugar prepárase o lanzamento, *pitching*, que é unha presentación oral da idea do proxecto, por parte dos creadores, durante uns 20 minutos, a unha comisión de executivos. Se se dá o visto bo á idea, desenvólvese a "Biblia", que é o texto sobre o que se constrúe un proxecto de serie (Douglas, 2011: 415).

Nela aparece o concepto e o tema xeral da historia, os espazos ou localizacións onde transcorrerá a acción, así como os personaxes e as distintas relacións que se establecen entre eles. Descríbensenos con abundancia de detalles a que se dedican, cal é a súa historia persoal, os seus gustos e afeccións; esta é unha información vital para ser desenvolvida ao longo de futuros episodios e para evitar contradicións a medida que avanzan os capítulos. A "Biblia" non é completamente rixida senón que irá evolucionando a medida que o faga a historia e os personaxes. Cada capítulo dunha serie de ficción consta dun número determinado de pequenas historias e o seu número depende do orzamento, estilo e duración da serie.

O máis habitual é que estas sexan catro ou cinco por capítulo. A estas pequenas historias chamámoslles tramas e, seguindo as convencións narrativas, todas elas constan dunha estrutura tripartita, é dicir teñen unha presentación, un nó e un desenlace. Tamén aparecen

reflectidas na “Biblia” o número de tramas por capítulo e o seu tipo. Hai tramas de tipo profesional, familiar, amoroso, etc. Hainas de tipo persoal, referidas a un protagonista, ou de tipo coral, que atinxen á totalidade dos personaxes, etc.

Capítulo piloto.

Unha vez que unha canle de televisión acepta un proxecto, o habitual é rodar un capítulo piloto. Un piloto é o primeiro capítulo dunha serie, o seu prototipo (Douglas, 2011: 418) e pode ser de maior duración que o resto dos capítulos. No piloto aparecen os personaxes, os espazos onde se vai desenvolver a acción e os grandes desencadeantes das historias principais.

O piloto debe amosar aos executivos da canle que a serie é viable e ten os ingredientes necesarios para atraer a audiencia. Nos EEUU menos dun 5% dos proxectos darán lugar a un piloto e, dos pilotos rodados, só entre un 30 e un 40% dará lugar a series de televisión.

Grupo de foco.

É habitual someter o piloto ao xuízo dun "grupo de foco" nunha sala interactiva. Os grupos de foco son grupos de investigación de mercado, formados por un número pequeno de espectadores, seleccionados por criterios estatísticos para que sexan representativos de amplos sectores da sociedade. Estes espectadores visionan o piloto nunha sala especial. Un pequeno dispositivo no repousabrazos das súas butacas permítelles marcar os puntos interesantes ou aborrecidos do que están a ver.

En Estados Unidos é habitual que o capítulo piloto se achegue á duración dun telefilme; deste xeito, se ao final a serie non é desenvolvida, polo menos se pode explotar comercialmente en

forma de produto individual, como lle aconteceu a David Lynch coa súa película *Muholand Drive* que, na orixe, ía ser o primeiro capítulo dunha serie para a ABC. Se a cadea dá o visto bo sobre o capítulo piloto, desenvólvese unha primeira tempada que, polo habitual, comprenderá ao redor dos vinte e dous, vinte e catro episodios (axustándose o seu número ao calendario de produción da cadea); tamén se pode contratar media tempada, se a serie ten un debut tardío e non comeza coa maioría das estreos en setembro, senón máis tarde. Ou tamén pódese facer un encargo curto, cun número diverso de episodios máis pequeno, ao redor dos seis e, se teñen unha boa acollida por parte do público, encárganse máis (Douglas, 2011: 98).

Polo xeral, esta é a tendencia nas canles xeneralistas en aberto que adecúan o número de episodios ao calendario, emitindo un episodio por semana, dando comezo as emisións habitualmente en setembro e finalizando en marzo. Esta forma de programar non afecta ás canles de televisión por cable, que dispoñen de moita máis liberdade, tanto no número de episodios como nas datas de emisión.

A escrita dramática.

Unha serie de televisión é desenvolvida por un equipo de guionistas. O primeiro que se fai é un mapa xeral das tramas da temporada completa, apuntando a grandes trazos o que lle acontece aos personaxes ao longo dos distintos episodios. Esta planificación inicial preséntase aos produtores que deben dar o seu visto bo, tendo en conta o presuposto.

O seguinte paso consiste en desenvolver as tramas que compoñen cada capítulo. Cada trama ten a súa propia presentación, nó e desenlace. Pode haber unha única trama nun episodio mais o habitual é que haxa varias, que se vaian entrelazando, alternando as secuencias de cada unha delas. Con este fin, realízase unha “escaleta”, que é unha pequena segmentación das

escenas que compoñen a trama. Cada trama terá un número determinado de secuencias en cada episodio, dependendo da duración deste; entre 5 e 8 escenas como media.

Posteriormente vólvese presentar o proxecto aos produtores e estes deciden se é ou non viable. Os criterios que poden provocar o seu rexeitamento son fundamentalmente económicos, (por exemplo, que haxa un número excesivo de exteriores que adoitan encarecer o presuposto); tamén poden influír criterios de planificación da produción como, por exemplo, que non estean dispoñibles todos os actores nese momento, que non cheguen a tempo permiso de rodaxe, etc. ou, excepcionalmente, que a temática da trama reflecta conflitos que se consideren problemáticos.

A estrutura entrelazada.

Cando os guionistas xa teñen a “escaleta” das tramas aprobadas establecen o entrelazado destas. Como dicíamos anteriormente, as distintas secuencias que compoñen unha trama non se presentan ante o espectador de forma lineal, senón que se van mesturando coas secuencias que compoñen o resto das historias do episodio.

Así, á secuencia de presentación da trama 1, pódelle seguir a secuencia de presentación da trama 2, seguida da segunda secuencia da trama 1, á súa vez, seguida pola presentación da trama 3, etc. Cando todas as tramas foron presentadas, mestúranse entre elas as secuencias de desenvolvemento e, ao final do episodio, coinciden xuntas as secuencias de desenlace das distintas historias.

Esta "estructura entrelazada" é a forma característica do discurso narrativo das series de televisión. Unha vez decidida a orde das secuencias, os guionistas lánzanse a escribir os

diálogos, procurando que as frases sexan curtas e que non haxa problemas de *raccord* emocional, isto é, que non varíe incoherentemente o estado de ánimo dos personaxes; se un protagonista está triste nunha secuencia non pode estar alegre de forma inexplicada na secuencia seguinte. Unha vez finalizado o guión, o equipo de produción dispónse a gravar o episodio.

Estrutura dramática

A estrutura dramática das series que se pasan en aberto en EEUU está lixeiramente modificada a causa da publicidade. En lugar de tres actos temos en realidade catro. Comeza a serie cun "gancho" para fixar a atención do espectador, unha pequena secuencia onde arranca a historia: é o *teaser* (Douglas, 2011: 421). Deseguido temos o primeiro corte publicitario. Volvemos á serie comezando pola cabeceira (cos créditos iniciais) e aproximadamente aos 8 minutos temos o seguinte corte.

Volvemos co segundo acto, 8 minutos e seguinte corte, así, até o cuarto acto onde se resolven todas as historias e xorden outras novas que serán desenvolvidas no seguinte capítulo. Deste xeito, completamos os 42 minutos que adoita durar un capítulo estándar. Este é o formato habitual para as series emitidas en aberto, porque as series de cable *premium* non basean o seu modelo de negocio na publicidade senón no número de subscritores, de xeito que é normal non facer cortes publicitarios na emisión das súas series; por mor da ausencia destes cortes, tampouco se teñen en conta durante o proceso de escritura, tendo polo tanto unha maior liberdade creativa ao non se ter que cingir ao esquema das series en aberto, que conciben os actos narrativos en función das emisións publicitarias.

Diciamos ao comezo deste traballo que o mellor cinema actual faise na televisión, referíndonos á complexidade narrativa das actuais series de televisión a respecto do cine. Mais é que no sistema norteamericano de produción, isto é así literalmente. As mesmas produtoras que realizan produtos televisivos tamén lanzan produtos cinematográficos, como é o caso da Warner ou a Fox. Incluso o soporte de gravación adoita ser celuloide. Mentres no resto do mundo realizamos as series de ficción para televisión polo xeral en vídeo, en EEUU estas filmanse en cinema, mesmo as que se gravan en multicámara (con varias cámaras á vez). Aquí radica en grande medida a boa factura visual que teñen series norteamericanas comparadas coas europeas⁵.

Filmar en cinema en multicámara dispararía o presuposto de calquera serie española. Porén, permítaseme un dato neste sentido: un episodio de “Periodistas” valía, no seu momento, uns 50 millóns de pesetas, a serie norteamericana *ER* (Urgencias), tiña un custe de emisión de 2000 millóns, e aínda que a realización desta última era excelente, “Periodistas” podía competir dignamente na grella televisiva por medio dunha temática e personaxes que resultaban máis próximos, nuns anos en que “a ficción nacional se impoñía en termos xerais nas horas de gran audiencia” (Vilches, Berciano, Lacalle, 1999: 27), (a tradución é nosa).

A gravación.

O tempo que lle dedicamos a esta tarefa varía segundo o tipo de produto. O habitual para unha serie de ficción é empregarmos uns dez días, unha semana para unha comedia de situación e un só día para unha telenovela.

Friends ou “7 Vidas” son exemplos de comedias de situación ou *sitcom* (contracción de *situation comedy*). Trátase dun produto singular, pois adoitan realizarse con público en

directo, o que constrinxe de forma particular o sistema de gravación. Acéptanse estes atrancos a cambio de favorecer a concentración dos actores nos aspectos humorísticos da posta en escena. Os gags póñense a proba ante o público do estudo de gravación. O habitual é gravar un capítulo por semana. O primeiro día os actores repasan o papel co director, fanse lecturas dramatizadas que apuntan como se interpreta o guión e afinanse os diálogos. O segundo día ensáíase no estudo de gravación e márcanse os movementos escénicos. Os dous días seguintes dedícanse ao ensaio co equipo técnico; cales serán os tiros de cámara, o encadre, a posición dos microfonistas etc. O venres adóitase facer a gravación con público. Este, sentado nunha bancada, debe poder acceder visualmente a todos os decorados que son poucos, tres ou catro, e están colocados en liña. As secuencias vanse gravando na orde cronolóxica da historia, a mesma orde que terán ao final da montaxe no episodio, para que o público poida seguir o argumento sen problemas.

Agrupamento de secuencias por criterios de produción.

Esta forma lineal de gravar é excepcional. O habitual no resto do traballo de ficción é agrupar as escenas segundo criterios de produción como, por exemplo, todas as escenas que transcorren nun mesmo decorado, para non perder tempo en desprazar o equipo, ou todas as escenas en que aparecen os mesmos actores, de forma que a orde axeitada para a súa visión se dá na montaxe. Deste xeito, é fundamental coidar o *raccord* ou continuidade. Poida que planos que na montaxe final aparecen como seguidos, fosen gravados na realidade en xornadas diferentes. Así falamos de "fallos de *raccord*" (Fernández, Abadía, 2018: 91), cando un personaxe aparece nun plano cun cigarro case consumido e no seguinte, milagrosamente, este está acabado de acender ou cando un personaxe viste unha prenda nun plano que non aparece no seguinte.

Porén, máis alá da continuidade no vestiario ou no escenario, esta preséntase tamén dunha forma moito máis sutil no ámbito espacial (a dirección dos personaxes ao desprazarse, dos seus xestos e olladas) ou no da iluminación (que non haxa cambios repentinos e inxustificadas dentro dunha mesma secuencia), etc.

Sistemas de financiamento.

A complexidade de produción dunha serie de televisión e o seu elevado custe económico fai que as posibilidades de financiamento sexan moi variadas, de xeito que atopamos diversas modalidades. Dentro das máis habituais, atopamos a produción propia. Neste caso a iniciativa do proxecto corre a cargo dunha canle de televisión que asume o investimento económico e os recursos técnicos e humanos precisos para producir a serie.

Tamén se pode optar pola coprodución. Co fin de compartir as cargas financeiras e dispor dun mellor acceso a mercados que doutro xeito serían máis complicados, varias canles televisivas, ou varias empresas produtoras, participan no mesmo proxecto. En España, é un sistema de produción utilizado a miúdo pola federación de organismos de radio e televisión autonómicos (FORTA); tamén o programa MEDIA da Unión Europea favorece a cooperación entre televisións e empresas de distintos países europeos. Outra posibilidade sería a produción asociada. Neste caso, unha canle televisiva e unha empresa produtora unen esforzos financeiros, técnicos ou artísticos para desenvolveren un proxecto audiovisual.

Outra posibilidade serían as producións alleas, que son aquelas producións audiovisuais mercadas por unha canle televisiva a outra ou a unha empresa audiovisual allea. Normalmente serán adquiridos os dereitos de emisión, que se negocian para un determinado país, lingua ou tempo. Outra posibilidade menos habitual, sería o intercambio. Neste sistema

de produción os distintos capítulos dun produto audiovisual son repartidos entre varias canles. Trátase dunha forma moi pouco utilizada na produción de ficción, mais utilizada nas series de documentais. Tamén se poden intercambiar produtos xa rematados, unha serie dramática por outra, por exemplo.

Unha posibilidade adicional e tamén menos habitual sería o *bartering* ou troco. Aquí o produto televisivo é realizado por unha empresa produtora asociada cun anunciante. Entrégase rematado para a súa emisión aínda que incorpora publicidade.

4.3. A evolución dos sistemas de distribución e a súa repercusión nos formatos de ficción.

A forma tradicional na que como consumidores víñamos accedendo aos contidos audiovisuais sufriu poucos cambios desde mediados do século XX. Nos anos cincuenta a televisión súmase ao cine como soporte habitual de acceso a eses contidos; neses cincuenta anos, só a aparición de gravadores e reprodutores de vídeo analóxico, que se foron incorporando progresivamente ao uso doméstico, viñeron enriquecer este panorama. Porén, en pouco máis dunha década, a progresiva dixitalización da tecnoloxía audiovisual está a revolucionar tanto os soportes finais de visionado dos produtos é dicir, o acceso do espectador aos produtos, como o número e natureza dos servidores de contido ao modificar as súas canles habituais de comercialización.

A seguir, imos deseñar un panorama destes cambios producidos nos últimos anos, que nos permitirá achegarnos á comprensión, dunha forma semellante ao que xa sucedía no ámbito da produción, da interacción entre as tecnoloxías de distribución e as estruturas e tipoloxías narrativas.

4.3.1. As novas tecnoloxías e o visionado de contidos.

Como dicíamos ao inicio, o espazo doméstico vai progresivamente gañando terreo ao cine como difusor de contidos de ficción. Asistimos, ano tras ano, á continua perda de espectadores por parte das salas cinematográficas. Todo parece indicar que esta perda é debida á rica oferta de novos servidores de contidos e, sobre todo, á posibilidade de visionalos comodamente nas nosas casas con equipos reprodutores cada vez de maior calidade. Primeiro foron os DVD, e posteriormente os DVD HD e os discos multimedia, xunto ás pantallas panorámicas e de alta definición, sistemas de son envolvente, conexións de alta banda de Internet, etc. Todo isto leva ao sector da exhibición a unha profunda reflexión sobre o seu futuro.

Nestes intres boa parte do proceso de produción cinematográfica xa é dixital. Os procesos de montaxe e etalonaxe son dixitais. E, cada vez máis, tamén, a rodaxe está abandonando progresivamente os soportes fotoquímicos para pasar aos dixitais. Os procesos analóxicos son xa unha parte moi pequena das rodaxes e dos procesos de exhibición. So unha parte moi pequena das salas, require de novo retornar á película de cine para a proxección en sala, naqueles cines aínda analóxicos, non adaptados á proxección dixital. Con todo, asistimos nos últimos anos a un cambio profundo nas salas de exhibición; vimos como os proxectores dixitais acadaban resolucións de proxección axeitadas para a exhibición en sala e a progresiva substitución dos proxectores analóxicos. O alto custe de tirar copias en fotoquímico para a exhibición foi unha presión constante para acadar o definitivo e completo relevo tecnolóxico.

Ábrese, entón, un novo debate no sector da exhibición, sobre como continuar a atraer espectadores nun contorno cada vez máis rico e cheo de ofertas de contido audiovisual. Unha

das posibilidades é a de buscar novas utilidades para as salas de exhibición cinematográfica: programación de eventos deportivos, como finais de fútbol ou deporte de motor, competicións de videoxogos, etc.

A outra gran esperanza para o futuro da exhibición pasou por retomar as experiencias ao redor do cine en 3D. Nos anos 50, fronte ao perigo que supoñía a cada vez máis desafiante televisión, a industria cinematográfica optou por ofertar en sala aquilo co que a televisión non podía competir: a calidade de imaxe. Apostouse así, definitivamente, pola cor e os formatos panorámicos. Naquel momento os pequenos aparatos domésticos en branco e negro e con deficiencias de recepción xogaban en clara desvantaxe, mais hoxe en día esas diferenzas ficaron moito máis diluídas. Coa tecnoloxía en 3D, a industria cinematográfica tentou reproducir aquela estratexia, reservando a espectacularidade nas salas, nun terreo en que a televisión de novo vería imposíbel a concorrència. Porén a industria de fabricación de televisores adaptouse rapidamente a estes cambios evolutivos fabricando televisores adaptados á tecnoloxía 3D, aínda que o espallamento desta tecnoloxía non acadou as expectativas esperadas. Actualmente a aposta principal dos fabricantes de aparatos de televisión, pasa por aumentar a definición das imaxes posibilitando a aparición dun novo formato de emisión cara ao futuro, a “ultra alta definición” (UHDTV, siglas en inglés de *Ultra High Definition Television*), que incrementa unhas dezaseis veces a alta definición.

Á parte do cine e a televisión, as posibilidades de acceso a contidos audiovisuais do espectador actual multiplícanse. Hoxe en día, un consumidor pode acceder á súa serie favorita na pantalla do teléfono móbil desde o que pode ver televisión en aberto, canles temáticas ou descargar un arquivo audiovisual en concreto. Tamén pode utilizar o seu ordenador persoal para ver contidos utilizando unha aplicación de visualización. É evidente

que estes cambios non só afectan ás plataformas mediáticas, senón que cambian tamén as audiencias, neste proceso de relación directa e dinámica cos produtos televisivos (Innocenti, Pescatore, 2011: 45)

4.3.2. Os soportes físicos: Discos ópticos. DVD e Blue Ray.

Tradicionalmente as televisións adoitaban ser reticentes á hora de editaren as series en DVD, para evitar prexudicar o lucrativo mercado da sindicación, ao que lle adicaremos un punto para a súa explicación máis adiante. Porén, os primeiros en editar habitualmente as súas series en DVD foron as canles por cable, dado que os seus programas tiñan poucas probabilidades de entraren en sindicación, aínda que co tempo algunhas das súas series se converteron en grandes éxitos desta fórmula, como “Los Soprano” ou “Sexo en Nueva York”.

O éxito no 2002 da comercialización en DVD da primeira temporada de “24” animou ás Network a faceren aparecer no mercado a edición en DVD dunha tempada pouco tempo despois da súa emisión, como outra das fiestras de explotación das series de televisión. Durante unha década, a venda de DVD converteuse nunha parte fundamental dos ingresos dunha serie de éxito e o acceso a unha porcentaxe destes beneficios foi unha das principais reivindicacións dos guionistas na súa folga de 2008.

A industria, polo tanto, buscou unha nova tecnoloxía para substituír o DVD como soporte de almacenamento e distribución de contidos audiovisuais no ámbito doméstico: tratábase do Blue Ray de Sony; unha tecnoloxía de alta definición baseada na menor lonxitude de onda do

raio láser azul a respecto o vermello e que permite moita maior capacidade de datos en soportes de disco. A súa implantación estaba pensada para favorecer a progresiva substitución por parte dos usuarios das súas coleccións e series favoritas, abrindo unha importante posibilidade de negocio para a industria audiovisual, nun proceso semellante ao que se producira na industria discográfica co paso do vinilo ao CD, pero nesta ocasión, a posibilidade directa de acceso a contidos que brinda Internet, mitigou o éxito destes soportes.

4.3.3. Reprodutores portátiles.

Se hai uns anos, no negocio da música, sorprendían os *walkman* e cos *compact disc*, e posteriormente os mp3, no consumo audiovisual tócoulle ao MPEG-4; este é un códec estándar internacional de vídeo creado especialmente para as web. É un algoritmo de compresión que codifica datos audio e vídeo, ao optimizar a súa calidade de almacenamento, codificación e distribución en redes. Chámaselles incorrectamente Mp4, mais só por estratexia de mercadotecnia que fai crer ao consumidor que, por ter unha superioridade numérica, xa é superior ao Mp3. O MP4 é un formato contedor multimedia definido na parte 14 do estándar PEG4, cuxa extensión oficial é mp4. Dito formato úsase para almacenar pistas de audio e vídeo, subtítulos ou imaxes. Ten unha estrutura que o fai axeitado para comprimir vídeos multimedia.

Durante uns anos tiveron un importante éxito de vendas os reprodutores multimedia portátiles, capaces de gravar directamente, desde unha entrada de televisión ou de son. De feito, o “Apple TV”, conectábase a Internet permitindo que o usuario descargara os seus programas

ou series de televisión favoritas, de ahí eran pasadas a un reprodutor portátil de mp4 e o espectador podía visualizar a súa serie favorita onde e cando quixera.

4.3.4. O teléfono móbil.

Os teléfonos móbiles convertéronse nuns dispositivos indispensables e persoais. A cobertura móbil en España, xa en xaneiro do 2004, era do 99% do territorio e o 88% da poboación tiña xa teléfono móbil. Todo isto fai que en España e, na realidade, nos países desenvolvidos o teléfono móbil sexa o medio de comunicación interactivo de maior potencial nos próximos anos. Gran parte dos teléfonos móbiles permítenos acceder a outros medios de comunicación como a radio e a televisión. Tamén dispoñen de navegadores WAP para acceso a Internet desde o que se poden visionar ou descargar contidos audiovisuais. A converxencia do móbil coa televisión e o ordenador persoal, xa importante, parece que se incrementará nos próximos anos. Entre os cambios tecnolóxicos que está a vivir o sector introduciuse a televisión en mobilidade, que ven a suxerir que o espectador xa non está ligado a un receptor no seu fogar, senón que pode acceder aos contidos televisivos alí onde se atope, por medio de dispositivos como o seu teléfono móbil. A isto engádese a posibilidade de que os operadores desta televisión só precisarán simples autorizacións administrativas para dar o servizo.

5. A distribución por medio da Web.

Internet veu significar un trastrocamento no sistema tradicional de acceso dos espectadores/as ao produto televisivo, ao formular cambios importantes tales como a globalización do medio, abrindo os produtos audiovisuais a mercados máis amplos, mais aparece tamén o reto da piratería e as descargas ilegais. As enormes posibilidades que amosa Internet no ámbito da distribución provocan que as emisoras de televisión aproveiten xa esta canle para a distribución dos seus produtos tras a súa emisión en aberto, o que permite deseñar unha televisión á carta por parte do usuario.

Con todo, fomos asistindo á aparición dun fenómeno novo, a produción de ficción desenvolvida orixinalmente para Internet e non en primeira instancia para televisión. O abaratamento dos sistemas de produción vai favorecer nos últimos anos a aparición de numerosas series de pequeno formato, ao redor dos dez minutos, producidas por equipos pequenos, a miúdo non profesionais, pensadas para seren distribuídas orixinalmente na Internet, aínda que o éxito de algunhas favoreceu tamén a súa posterior emisión en televisión. Estamos falando das series web, das que nos ocuparemos polo miúdo máis tarde.

Mais Internet vai tamén favorecer que o elemento primario, o episodio de televisión, supoña xa só unha parte dun sistema máis complexo, que interaccione co público por medio dunha gran variedade de pequenas aplicacións que xiran ao redor do mundo xerado pola historia, sitio web, perfís en redes sociais, concursos, xogos, anticipación de contidos, materiais adicionais, etc., dentro do que se deu en chamar produtos converxentes.

5.1. Internet como plataforma de promoción.

O negocio das industrias culturais por medio de Internet aínda se atopa nunha fase inicial de definición, por máis que os seus efectos xa se veñen sentindo na industria convencional. Pensemos por un momento no acontecido coa industria discográfica nos últimos anos, ou os videoclubs físicos como comentábamos antes. Exemplos palpables de prácticas económicas enormemente afectadas pola evolución do mercado. Mais aínda non está claro o modelo novo que virá a substituír as prácticas convencionais de explotación económica dos produtos culturais, discos, libros, películas, series...

Como é sabido, a industria discográfica tradicional está a ser substituída por distintas posibilidades de negocio. Por unha parte temos a posibilidade da compra directa de cancións nunha tenda virtual, negocio que empezou a explotar con éxito Apple coa súa tenda iTunes. A outra posibilidade basease na subscrición a unha plataforma que oferta aos seus usuarios o acceso a un fondo de catálogo de produtos musicais. Ambas as dúas liñas de negocio son as imitadas por outras industrias como a audiovisual que, desde plataformas en Internet, ofertan a posibilidade de visionar títulos individuais, sobre todo no caso de estreas, ou o acceso a un catálogo de varios miles de títulos a cambio dun pago mensual, ou unha combinación de ambos modelos. E así podemos optar a videoclubs virtuais como Filmin, Waki, 400 films, Cineclik, Plat, Nubeox ou Netflix.

Outra das novidades que permite Internet a respecto dos produtores de contidos culturais radica na autoedición, ou comunicación pública dos proxectos persoais, sen precisar a mediación dunha empresa tradicional, sexa esta unha discográfica, editorial ou canle de televisión. Desta forma, unha das posibilidades que presta Internet aos profesionais novos que

buscan incorporarse ao mercado profesional no ámbito da escrita dramática para televisión consiste na utilización deste medio como plataforma de difusión das súas series, aberta a un público potencialmente moi amplo que, no caso de que se poda interesar a unha masa crítica dabondo ampla, xere por medio das redes sociais un efecto de amplificación que provoque o interese de medios de comunicación convencionais.

Os exemplos neste sentido son numerosos en diversos campos. Numerosos músicos profesionais e grupos musicais do panorama actual, xorden de fenómenos de promoción viral que teñen a súa orixe nas redes sociais. Tal é o caso do grupo británico Artic Monkeys ou dos españois Vetusta Morla ou Pablo Alborán.

Podemos atopar exemplos semellantes na industria editorial, como sería o caso do escritor norteamericano Jhon Lock, un antigo vendedor de seguros que se lanzou á escrita de novelas de detectives e que foi o primeiro escritor autoeditado en chegar ao millón de exemplares vendidos en Amazon. Outro caso coñecido tamén na industria editorial é o de Amanda Hocking, unha nova escritora estadounidense, autora dunha serie de novelas de xénero romántico en clave fantástica. Auxiliar de enfermería, escribía novela no seu tempo libre; en 2010 autoeditouse en Amazon e logrou un éxito inmediato, o que a levou a firmar un acordo coa editorial St. Martin Press⁶. En España temos casos como o de “La hilandera de Flandes”, unha novela histórica de Concepción Marín, publicada primeiro pola editorial Tagus, selo editorial de “La casa del libro” e que entrou posteriormente nas librerías da man da editorial “Temas de Hoy”, do grupo Planeta. Outro exemplo é “Canciones para Paula”, de Blue Jeans, pseudónimo do escritor sevillano Francisco de Paula Fernández.⁷ Un exemplo galego neste caso, pode ser o escritor pontevedrés Manuel Loureiro, autor da triloxía sobre zombis, “Apocalipsis Z” que, tras o seu éxito en Internet, pasou a ser publicada en papel.

Na industria audiovisual tamén atopamos exemplos neste sentido. Tradicionalmente a curtametraxe vense abordando nesta industria, como unha posibilidade de dar a coñecer o traballo propio co fin de acadar a oportunidade de realizar unha longametraxe. Neste senso, Internet ven potenciar estas posibilidades de dar a coñecer o resultado final da rodaxe. O éxito das curtametraxes do director madrileño Nacho Vigalondo sería moito máis reducido sen as posibilidades que Internet brinda para distribuír facilmente estas obras.

En canto ás series de televisión, tamén podemos atopar exemplos de proxectos que comezan a súa vida en Internet e, dado o seu éxito, pasan á televisión convencional. A modo de exemplo sinalaremos tres casos, un estadounidense, outro español e, finalmente, un galego, que nos permitan albiscar as posibilidades deste novo medio de distribución no eido da produción de series de televisión.

“*Santuary*”, (Santuario), é unha serie de televisión canadense, cunha temática que combina crime e misterio con ciencia ficción, estreada inicialmente en Internet, en forma de oito episodios curtos no ano 2007 e que, dado o interese despertado, obtivo un contrato coa canle de televisión por cable Sci Fi Channel que produciu catro tempadas de trece episodios, salvo a terceira que ten vinte. Estamos ante o caso dun produto deseñado especificamente para Internet (custes de produción reducidos, unha extensión breve típica dun “websodio”, etc.), que utiliza a exposición pública en Internet para acadar resonancia e publicitar o proxecto e que, de esta forma, consegue un contrato de produción cunha canle convencional que continúa a ser, malia todos os avances que permite Internet no eido da distribución, a fórmula fundamental de obter ingresos económicos dun produto custoso como é unha serie de televisión.

“Qué vida más triste” é unha serie de humor concibida orixinalmente para Internet que, de feito, reflicte na súa concepción e na forma na que foi escrita unha adaptación ao medio parao que estaba pensada. A serie contaba con actores afeccionados, feita con poucos medios, tiña a breve duración habitual nos websodios e respondía a unha premisa narrativa habitual na Web. O protagonista, Borja, conta a súa vida aos espectadores, simulando que grava un videoblog. O éxito da serie en Internet vai facer que varias canles se interesen por levala a televisión en aberto. Será finalmente a Sexta a que pasará a emitila dado que acepta as condicións dos creadores de manter o control creativo e o elenco de actores principais afeccionados. A serie comezou a ser emitida en Internet en 2005, chegando a alcanzar os dous millóns de visitas na súa páxina web cara 2008, ano en que pasou a televisión en aberto, pola Sexta, onde se emitiron catro tempadas.

Un caso semellante aos anteriores, mais agora en Galicia, prodúcese coa web serie “Para mariñeiros nós”, creada por Omar Rabuñal. Ten a súa orixe nunha curtametraxe realizada en 2006 que posteriormente inspiraría unha serie producida para Internet, plantexada desde o punto de vista da escrita, como unha serie de curtas de humor. Narra as aventuras de dous mariñeiros da costa da morte, Pinto e Cobiñas. Entre 2006 e 2009 realízanse 13 episodios. O paso á televisión en aberto prodúcese cando a serie é adquirida por V televisión, e incorporada á súa grella.

5.2. As plataformas de vídeo en *streaming* e a minería de datos.

As aplicacións que habitualmente utilizamos nos nosos dispositivos dixitais, dándonos acceso a unha inabarcable cantidade de contidos, a través de Internet. Numerosas apps gratuítas, préstannos múltiples servizos, como correo electrónico, buscas de información, aloxamento de documentos ou conexión cos nosos coñecidos a través de microblogs, pero todos estes servizos non se prestan de forma altruísta, se non a cambio dos datos dos usuarios, cunha voracidade, que vai máis alá da mera información que precisan as aplicacións en cuestión, para prestar un bo servizo ao cliente.

Estas empresas recompilan inxentes cantidades de información a partir das accións dos usuarios, os seus gastos, buscas, desprazamentos, comunicacións ou compras. Estas bases de datos, combinados entre si, utilízanse acotío para facer prescricións publicitarias, pero as aplicacións a medio e longo prazo serán, previsiblemente, cuasi omnipresentes (Neira, 2020).

O noso sistema económico baséase na creación constante de empresas, na procura dun negocio de éxito que aproveite un nicho económico non explotado, ou que o faga de forma máis eficiente. Pero as variables que rodean o desenvolvemento dunha nova empresa son tan elevadas, que se fai moi difícil a predición precisa sobre as posibilidades de éxito da mesma.

De ahí a importancia que xa está acadando a enxeñería de datos á hora de detectar novos modelos de negocio, nichos de mercado, ou necesidades non satisfeitos de clientes potenciais.

As grandes corporacións de Internet, e a enxeñería de datos, estanse a converter en pezas clave da evolución inmediata do capitalismo, e a acumulación e control desta información, acadada unha importancia capital e estratéxica para empresas e gobernos e a nova televisión non escapa a esta tendencia.

O consumo de produtos audiovisuais por parte dos seus usuarios é rexistrado en gran detalle, e xera un gran volume de información que é xestionado pola empresa na xestión do seu negocio. En primeiro lugar, permite afinar os perfles dos usuarios a partir dos seus hábitos de consumo, e facerlle unha oferta de contido personalizado, cada vez que accede á aplicación. Unha das principais fontes de insatisfacción dos usuarios deriva do tempo empregado na elección do contido a visionar. Reducir o estrés da elección, evitando ao usuario a navegación entre enormes cantidades de contidos, contribúe a incrementar a experiencia satisfactoria do cliente.

Un dos problemas da creación de seleccións de contido hiperpersonalizadas, consiste na introdución dun sesgo, ao que o consumidor é completamente alleo. En certa medida, a elección do espectador, amósase condicionada por unha serie de algoritmos que o cliente descoñece completamente, e padece os seus efectos coa garda baixa. Polo tanto é difícil inferir, desde fora da empresa, o grao de manipulación que se produce. Por poñer un exemplo, é habitual que nas seleccións persoais coas que se recibe a un usuario á aplicación, se incorporen produtos que a empresa está interesada en promover, fundamentalmente estreos. Pero nada impide que nestas seleccións se inclúa contido seleccionado a partir do interese de terceiros, con intereses comerciais ou doutro tipo. Prácticas que nos atopamos recentemente en aplicacións de microblogs, e que nun futuro poderían producirse neste tipo de servizos.

A enxeñería de datos, pode influír tamén na creación de contidos e nos procesos narrativos. O desexo da empresa por atender as preferencias do cliente, favorece o desenvolvemento de proxectos que exploten fórmulas de éxito. Na mesma liña do que a industria cinematográfica

ven facendo desde a súa orixe, pero agora é unha práctica respaldada pola utilización masiva de datos, o que pode derivar nunha oferta cada vez máis homoxénea. Algo que quizás xa esteemos a ver, coa abundante proliferación de precuelas e secuelas, *spinoffs*, e series inspiradas noutros, que exploran a nostalgia por programas do noso pasado.

Netflix.

Un bo exemplo de todo o dito anteriormente o podemos atopar no éxito da plataforma de distribución por Internet **Netflix** que oferta películas e series de televisión por Internet. Esta plataforma nace en 1997 en California e, na súa orixe, tratábase dun videoclub que ofertaba o seu catálogo aos subscritores por correo postal ou por vídeo online. Progresivamente, o desenvolvemento dun maior ancho de banda por parte dos usuarios de Internet, vai permitir que esta plataforma oferte o servizo de vídeo en *streaming*, de forma que o usuario/a, a cambio dunha cota mensual, teña acceso aos contidos da plataforma que pode visualizar de forma inmediata, sen que precise descargarlos no seu ordenador, televisor, tableta, móbil ou calquera dispositivo conectado a Internet. Este servizo está combinado con motores de busca que analizan a información subministrada polo usuario nas súas preferencias e que, a vez, estudan as posteriores eleccións do mesmo e as valoracións dos visionados, para ofertaren novas eleccións ao subscritor atendendo os seus criterios de busca (Lotz, 2017).

O éxito do modelo de negocio de Netflix está intimamente relacionado co fracaso da gran cadea de videoclubs estadounidense Blockbuster, unha enorme multinacional, adquirida en 1993 por Viacom por 8400 millóns de dólares. Esta gran empresa tivo dificultades para adaptar o seu negocio baseado nos videoclubs físicos á era de Internet. En setembro de 2010 viuse na necesidade de se declarar en bancarrota cunha débeda de 1000 millóns de dólares.

Mais a verdadeira novidade desta plataforma é que permite acceder aos subscritores ás series por tempada completa, desde o primeiro ao último episodio e non mediante a fórmula habitual no resto das canles xeneralistas, sexan estas en aberto ou de cable, dun episodio por semana. Esta foi toda unha novidade no eido da programación das series televisivas, ao imitar o consumo que facía o espectador das series descargadas de forma pirata, onde o propio usuario decidía cando e como consumía unha serie, e non dependía da cadea de televisión, optando a miúdo por un consumo compulsivo de capítulos. O espectador xa non tiña por que agardar semana tras semana a aparición de cada episodio, senón que xa se comeza a falar en Estados Unidos de *bringe-watching*, ou “enchentes de visionados”, para definir unha nova forma de consumo deste tipo de produtos (Neira, 2020).

É posible que estes procesos teñan unha incidencia cada vez máis relevante no proceso da escrita, pois agora produtores e guionistas poden ter en conta os datos dos motores de busca, que analizan continuamente a forma de consumo dos usuarios, e así é posíbel que nun futuro próximo os modelos de escrita se modifiquen para se adaptaren a estas novas prácticas.

A estratexia de Netflix para facer fronte á competencia, pasou pronto por incrementar a presenza de contido orixinal. Desde o momento no que a empresa comeza a despuntar na industria do entretemento, percátanse de que a debilidade da súa posición atopábase na dependencia dos contidos de terceiros. En orixe, Netflix é un distribuidor de contidos doutras compañías, que en calquera momento podían decidir non continuar cedendo dereitos a esta empresa, e cedelos a outra da competencia, ou incluso, sendo donos dos contidos, prescindir do intermediario, e crear as súas propias plataformas de distribución. Co fin de reducir esta dependencia, Netflix lánzase a unha carreira pola produción de contido propio, que

paradóxicamente, animará ás grandes producións de contido, a considerar definitivamente a Netflix como un competidor, e a desenvolver as súas propias plataformas.

Así Netflix, aproveitando o colchón dos seus millóns de aboados, lanzouse á produción propia de series de televisión, algo semellante ao que xa fixera, con grande éxito, no negocio da televisión por cable, HBO, a finais dos anos 90. Aquelas producións, como xa explicaremos máis adiante, marcaron un proceso de inflexión na produción das series de televisión, transformando a escrita audiovisual ao permitiren a irrupción de argumentos máis complicados e temáticas máis adultas, así como o desenvolvemento de personaxes máis ricos e complexos, influíndo na escrita para series, tamén nas canles xeneralistas que tiveron que afrontar a competencia. Será interesante ver se a aposta de Netflix ten unha repercusión na industria audiovisual semellante á da produción de series por parte de HBO.

O primeiro éxito de produción propia será “*House of Cards*”, un *thriller* sobre a loita de poder en Washington protagonizado por Kevin Spacey e que acadou nove nomeamentos aos premios Emmy de 2013, premios que admiten producións para Internet só desde 2008, o que animou á compañía a continuar na mesma senda con ambición renovada.

Netflix aposta así por desenvolver o novo referente de televisión do futuro, xa non pensando prioritariamente no consumo familiar, se non pensando no usuario independente, ao que se lle fai unha oferta de contidos variada e personalizada. Iso pasa por adaptar a oferta do catálogo aos usuarios continuamente, a través da análise dos datos de visionado, e dunha enorme oferta en volume, que se ve incrementada en cantidade de forma continua, a costa dunha enorme inversión económica.

Ante a irrupción dos novos competidores no negocio do vídeo en *streaming*, que en boa medida comeza co propio éxito da compañía e do seu interese por medrar como produtora de

contidos, Netflix, como competidor veterano, pode ver a súa posición de dominio ameazada, pero tamén pode saír beneficiada dun incremento da oferta de contidos de calidade a través de Internet. Se o consumo neste novo medio, pasa a convertirse no acceso habitual por parte do espectador ao entretemento audiovisual, será entón a televisión en aberto a que se verá cuestionada polo novo modelo.

A gran diferenza de Netflix respecto a moitos dos seus competidores, que a miúdo son conglomerados diversificados, nos que o vídeo a través de Internet so é unha parte das súas inversións, esta empresa basea a totalidade do seu negocio no vídeo en streaming. A súa ambición estratéxica, cunha visión do negocio global, vai máis alá de funcionar como un distribuidor dos contidos producidos en Estados Unidos. O éxito de produtos de diversos países a nivel global e o feito de desexar adaptarse aos gustos locais, fai que a compañía aposte por unha produción cada vez máis deslocalizada, e con centros de produción fora dos Estados Unidos.

Neste proceso de evolución hacia unha televisión global, cunha produción en gran parte deslocalizada, inflúen dúas razóns importantes. Por unha parte, a necesidade de adaptarse ás lexislacións proteccionistas respecto ao mercado das industrias culturais. En concreto, a nova directiva da Unión Europea sobre distribución de contido audiovisual, establece que os servizos de distribución baixo demanda, deberán conter alo menos un 30 % de produtos europeos no seu catálogo. Este paquete normativo favorece que Netflix adquira dereitos de contidos europeos, financie a produción dos mesmos, ou incluso abra centros de produción en cidades europeas.

En xullo de 2018, Netflix anunciou na prensa a creación da súa primeira central de produción en Europa, con sede en Madrid, e situada na Ciudad de la Tele, unha nova instalación de

22.000 cadrados, que se localiza en Tres Cantos, construído e xestionado polo Grupo Secuoya, empresa de servizos de produción audiovisual.

Segundo o comunicado da empresa, o Grupo Secuoya encargárase da xestión e proporcionaría diferentes servizos de produción, converténdose en Colaborador da empresa norteamericana. As previsións da compañía prevían un aumento da inversión en España, con ao redor de 20 producións orixinais de Netflix a curto prazo. É posíbel que na decisión de localizar en España este centro, tivera que ver o éxito do estreo na plataforma, da serie de Álex Pina, “La Casa de Papel”, a serie de fala non inglesa máis vista en Netflix no ano 2018.

Outra razón de peso para envorcarse estratexicamente no mercado global, ven determinada pola saturación do mercado norteamericano ante a irrupción de novos competidores. A mediados de 2019, Netflix perdeu subscritores por primeira vez desde a súa fundación.

Amazon.

Este tipo de estratexias empresariais obrigaron a reaccionar á competencia. Así, Amazon anunciou en 2013 o seu interese por producir contidos propios audiovisuais seguindo o camiño do portal de distribución de contidos audiovisuais Netflix.

A segunda plataforma de *streaming* en cuña de mercado é Amazon. O seu servizo de vídeo en *streaming*, a Través de Prime Video, está vinculado a súa plataforma de comercio electrónico. Para Amazon, o negocio audiovisual non é unha prioridade, se non un complemento ao resto das súas inversións, empezando pola súa posición de dominio nas vendas online (Neira, 2020).

Amaron conta cunha inmensa cantidade de recursos económicos cos que seguir financiando esta división, que é complementaria a outra das súas empresas, Amaron Web Services, un servizo integral que oferta servidores, capacidade de almacenamento na nube, redes de distribución etc. Tamén conta coa información xerada pola minería de datos recopilados ao longo de máis de dúas décadas, recollendo información do historial de compras dos seus clientes. Os novos datos xerados por Prime Vídeo, sobre os hábitos de consumo dos seus usuarios, son de feito, un complemento moi desexable para as súas bases de datos.

Nos últimos anos, Amazon vense preparando para un escenario cada vez máis competitivo no eido do vídeo en *streaming*. Por iso ven adoptando unha estratexia semellante á do seu competidor Netflix. Dado que gran parte dos contidos que viñan ofertando, irán deixando de estar dispoñibles, a medida que os seus donos os reteñan en exclusiva para as súas propias plataformas, non lles queda máis remedio que aprovisionarse de novos contidos por diversas vías.

Por unha parte buscan pechar acordos con novos clientes que podan estar interesados en seguir licenciando os seus contidos a terceiros. Este é o caso de numerosos canais de Televisión europeos, que non teñen grandes plataformas de distribución a escala mundial. En España chegou a un acordo con RTVE, Atresmedia e Mediaset, para incorporar parte dos seus catálogos. E en segundo lugar apostan por incrementar a produción propia con contidos atraentes e de calidade, por o que están facendo unha gran inversión na busca e contratación de Talento como aconteceu coa creadora da miniserie "Fleabag", Phoebe Walter-Bridge, unha das grandes gañadoras dos Emmy de 2019.

Ademais de facer grandes inversións deslocalizando parte da súa produción, de novo de maneira semellante a Netflix, Amazon está adquirindo dereitos literarios para facer a súa

versión audiovisual. Neste sentido, a súa aposta máis avariciosa é a produción dunha serie sobre o Señor dos Aneis de Tolkien.

Disney +

En 2017 Disney sorprendía ao mundo anunciando a súa intención de desenvolver a súa propia plataforma de vídeo en *streaming*. Os bos resultados dos seus filmes en recadación, e os cuantiosos ingresos derivados das licencias dos seus contidos para outras canles e plataformas, non invitaba a pensar que a empresa estaría interesada en introducirse nun negocio que a esas alturas xa estaba moi maduro, e con dous grandes competidores como Netflix e Amazon, cunha posición tan consolidada. Pero era evidente que a gran cantidade de datos xerados polos usuarios no consumo de contidos a través de plataformas, era un tesouro moi prezado para un xigante do entretemento, con tantos intereses derivados dos seus produtos, desde o *merchandising* ata os parques de atraccións.¹ A empresa víase case obrigada a a facer unha aposta tan arriscada, co fin de acceder ao coñecemento de primeira man dos gustos dos seus consumidores, en relación cos seus personaxes, historias e produtos (Ball, 2019). Disney coñecía de primeira man o negocio dixital, na medida en que tiña unha participación xunto á NBCUniversal e News Corp. de Hulu, unha pequena plataforma de vídeo en *streaming*, pero o lanzamento de Disney + era unha aposta dunha escala completamente diferente. En marzo de 2019 a empresa compra a Fox por 71000 millóns de dólares, e adquire así unha das *majors* históricas de Hollywood. Un acordo iniciado en 2018, que deixa baixo o control de Disney todo o catálogo de superheroes da Marvel, ao incorporar figuras como os X-men, Deadpool ou os Catro Fantásticos, así como sagas como as de Aliens ou Avatar, e grandes series en activo como os Simpson. Desta forma, a Fox únese nun mesmo fondo de catálogo, aos contidos de Pixar, Marvel, National Geographic e Lucasfilm, que xa foran adquiridos previamente por The Walt Disney Company.

5.3. Os novos competidores: Peacock, Quibi

Peacock.

Peacock é a plataforma da empresa norteamericana NBC Universal. Esta empresa, propiedade do conglomerado Comcast, conta con estudos de cine propios, canles de televisión en aberto e de cable, canais de noticias e de deportes. Dentro da estratexia da compañía, a nova plataforma non pretende ser a nova forma de distribuír contidos que ven a substituír ao modelo anterior. En realidade ven a complementar ao resto dos negocios da compañía, e a dar resposta a un novo problema ao que se enfrontan as compañías tradicionais de cable, o *Cordcutting*. Dito fenómeno refírese ao crecente número de usuarios que decide darse de baixa na súa empresa de cable, normalmente para pasar a disputar dos contidos audiovisuais a través do *streaming*.

É evidente que se está producindo un fenómeno que ten que ver cos hábitos de consumo dos novos xeracións, que de igual maneira que consumen menos contidos a través da televisión convencional, tampouco contratan os servos da televisión por cable. Pensando neses clientes, NBC Universal lanza esta nova plataforma, coa dobre finalidade de atraer aos novos consumidores ao mesmo tempo que sigue atendendo ao cliente tradicional e por outra parte, captar información de consumo directamente dos seus usuarios, co fin de coñecer con maior precisión as súas preferencias. O servizo, dirixido principalmente ao mercado estadounidense, ten planificado unha posterior expansión internacional. Esta nova plataforma, terá acceso ao catálogo de producións cinematográficas de Universal Dreamworks Animation e Focus Features, e a moitas series importantes dos últimos anos. (Goldberg, 2019).

Quibi.

Quibi, acrónimo da expresión inglesa *quick bites*, é unha nova plataforma de vídeo en *streaming*, especializada en vídeos de pouca duración. A empresa foi creada por Jeffrey Katzenberg, que fora xefe de Walt Disney Studios e Dreamworks. No ano 2018, conseguiu atraer a unha serie de grandes inversores, Disney, Warner Media, Fox, Viacom e Sony entre outros, que inverteron máis de 1000 millóns de dólares na prometedora nova empresa. Con este capital inicial, o proxecto atraeu a grandes nomes da creación audiovisual, como Spielberg, Sam Raimi, Guillermo del Toro, Steven Soderbergh, etc.

Esta plataforma non se concibiu como competencia directa da televisión en aberto, como outras ofertas semellantes, se non que está dirixida para un público novo, ente a vintena e a trintena, que basean actualmente o seu consumo de contidos dixitais en redes sociais como YouTube, Facebook e Instagram, a través dos seus teléfonos móbiles. Para eles concíbese este servizo, no que os contidos narrativos están organizados en vídeos cortos de dez minutos de duración.

5.4. A televisión en aberto na era de Internet.

O desenvolvemento de Internet a mediados dos anos noventa, non acabou coa Televisión en aberto, aínda que si detivo o seu crecemento, Tanto en ingresos como en audiencia. Veu a unirse ás outras formas de consumir produtos televisivos, como a televisión por cable e por satélite, sendo precisamente, estes medios de distribución, os máis afectados polo desenvolvemento de Internet.

En 1985, Neil Postman, no seu ensaio, *Divertise ata morrer*, xa dicía que "a Televisión é a principal forma de aprendizaxe sobre un mesmo da nosa cultura", eu engadiría, que tamén é a maior forma de aprendizaxe sobre a nosa cultura en todos os seus aspectos. Neste sentido, podemos observar que o principal cambio que supón Internet respecto á Televisión convencional, deriva do cambio de control na produción e comunicación dos contidos.

En febreiro de 2017, *The Wall Street Journal* informaba de que o público global de YouTube "vía máis de 1000 millóns de horas de vídeo ao día" , "ameazando con eclipsar a audiencia televisiva en EEUU".

O verdadeiro cambio ven determinado polo tipo de contidos creado e distribuído directamente polos usuarios, por e para Internet. Os contidos audiovisuais creados polos usuarios caracterízanse pola súa espontaneidade, pero tamén pola súa irreflexión. Son, nada inmensa maioría, contidos producidos de forma inmediata e con pouca planificación, onde prima o aspecto emocional sobre o racional, o impacto inmediato e a sorpresa, cando non directamente a busca do escándalo, sobre a análise. Desde o punto de vista cuantitativo, isto si implica un cambio profundo respecto ao Tipo de contidos dispoñible para o espectador. A escaseza de filtros sobre o proceso de edición, favorece unha excesiva presenza deste tipo de

contidos. Tamén a forma de consumir este tipo de contidos, sobre todo a través dos teléfonos intelixentes que nos acompañan en todo momento, están a producir cambios sociais nos hábitos e capacidade de concentración. As palabras nos manteñen atentos e reflexivos, mentres a imaxe en movemento interrompe ou diminúe o noso pensamento.

A Televisión incrementa o proceso de selección da realidade amosada, máis que ningún outro medio de comunicación. Na radio, ou na prensa escrita, non tendemos a pensar que non hai máis realidade que a representada. A Televisión, en certa medida, crea a ilusión de representar fielmente a realidade, de forma que o non representado chega a desaparecer. Esquecemos o proceso de manipulación da realidade que implica o encadre. A selección continua do que é filmado, que implica a súa vez, que hai unha parte da realidade que é excluída. Por suposto que este proceso de selección do narrado e do excluído prodúcese en calquera medio e proceso de comunicación, pero en ningún a ilusión de que non se produce é tan forte.

Atopámonos nun proceso de cambio radical no acceso dos consumidores aos produtos audiovisuais. Pasamos "dun mercado Tradicional de distribución de Contidos a Través de ondas hertzianas ao mercado dixital de banda ancha". Pablo Romero, director de Tarkinia, e o que fora director de Yombi, facía estas declaracións unha entrevista para un medio de comunicación galego en Outubro de 2018, e engadía: "O modelo Tradicional audiovisual quédase obsoleto. O único que lle queda é languidecer e logo extinguirse".²

Non estou seguro de que se poida ser tan categórico nesta afirmación. Por unha parte en EEUU, onde o modelo audiovisual está baseado na empresa privada, con pouca presenza dos medios públicos, as grandes canles de televisión, forman parte de conglomerados

empresariais de gran tamaño, onde a Televisión en aberto, so é uha das múltiples formas nas que os contidos creados ou xestionados por estes conglomerados, se poñen ao alcance do consumidor.

En Europa, cunha tradición de forte presenza do sector público na televisión, unha tradición que ten a súa orixe na xénese da radio e que despois pasa á televisión, eses canais públicos enténdense como un servizo das administracións do estado, nacionais ou rexionais, para achegar contidos de calidade e información veraz e neutral ao cidadán; aínda que é habitual a inxerencia dos partidos políticos no control dos informativos e a conseguinte polémica a este respecto.

Pero ademais desa idea benintencionada de proporcionar información veraz ao cidadán, servizo que probablemente se revalorize nos próximos anos, a medida que aumente a proporción de cidadáns que se informa exclusivamente por medio das redes sociais, coa dificultade para erradicar delas as *fake news*, probablemente asistiremos a unha defensa do servizo informativo das canles en aberto, co fin de contrarrestar os efectos perniciosos da información maliciosa.

Pero ademais é difícil que os modernos estados nación europeos, baseados na construción de identidades colectivas homoxéneas, ao redor dunha lingua e un discurso histórico común, renuncien a un dos elementos fundamentais, xunto á educación, cos que se constrúen estes discursos identitarios. Desde o punto de vista governamental a televisión en aberto ten unha gran importancia socio-política, ao longo da segunda metade do século XX. A súa utilización masiva, permitiu que funcionara como o principal elemento aglutinador da sociedade, xunto

coa educación xeneralizada, de case todos os estados modernos, substituindo o papel da radio na primeira metade do século.

A constante ampliación da oferta de ocio, e en concreto, o incremento constante da oferta das plataformas de contidos audiovisuais, ven provocando unha elevada fragmentación da audiencia. Esta continua segmentación dos públicos, combínase cun importante elemento de consumo internacional de moitas destas plataformas, que prestan os seus servizos a nivel global e, polo tanto, xa non se prestan para crear arquetipos compartidos polo conxunto dos cidadáns dunha nación, en todo caso poden contribuír a creación de comunidades globais, que comparten historias, personaxes e mitos narrativos. Certo é que este proceso no é novo en absoluto. Narracións e mitos transnacionais, acompañannos desde a antigüidade. Pensemos nos relatos semitas, incorporados á tradición relixiosa xudaica, e de aí á tradición veterotestamentaria cristiana. Teñamos presente tamén a tradición grecolatina. Os relatos homéricos, son sen dúbida globais desde hai séculos. O que si van facer as novas tecnoloxías do audiovisual, como ven facendo o cine norteamericano desde os anos 30, é acelerar estes procesos de conversión das narrativas particulares, en relatos coñecidos a nivel mundial.

Por todo isto, é probábel que esta función cohesionadora da sociedade dun estado, traballo que viña facendo a televisión, (pensemos nos programas e personaxes que compartimos xeneracionalmente), siga sendo mantido desde as institucións políticas, salvagardando, dalgunha maneira, ás televisións en aberto, sobre todo ás públicas.

5.5. A medición de audiencia ante as novas plataformas.

As televisións tradicionais baseaban o seu modelo de negocio, en dous indicadores principais. O *rating*, a cantidade de público que ve un espazo determinado, e o *share*, a posición que ocupa unha canle respecto á competencia, determinando cal é a súa cota de mercado. En base a estes dous indicadores xirará toda a súa estratexia de programación que consistirá en atraer o maior número de espectadores posible a cada programa e manterse unha posición de liderado en cada franxa horaria. Se a televisión é privada, estes datos determinarán os ingresos publicitarios da canle. Pero aínda que sexa un medio público, e a publicidade non determine totalmente os seus resultados económicos, unha elevada cota de audiencia permitirá xustificar a boa xestión da canle, dado que os seus contidos interesan a un número elevado de cidadáns, que cos seus impostos sufragan as súas emisións.

Este modelo simple veu determinando o modelo de programación desde os seus inicios.

A medición da audiencia, faise a través de empresas especializadas. En España, esta tarefa corre a cargo de Kantar Media. Esta compañía ten instalados uns 4875 medidores de audiencia en outros tantos fogares españois. Este sistema, ven servindo como referencia para a organización das televisións en aberto, sen grandes cambios, durante as últimas décadas. Tense criticado algúns aspectos puntuais do sistema, como que dado o número de mostras da poboación, relativamente pequeno, os programas con índices de audiencia reducidos, porque se dirixen a públicos nicho pequenos, víanse moi afectados nas pequenas oscilacións dun número reducido de audímetros, e ao facer a interpretación dos datos e proxectalos á totalidade da poboación, eses programas máis marxinais, a miúdo sufrían unha penalización excesiva. Outra queixa habitual aos sistemas de medición, baseábase na pouca precisión cualitativa que tiñan os primeiros audímetros, respecto a reflectir o número de espectadores

que vían ao mesmo tempo os programas, ou que sucedía cando o número de televisores se foi multiplicando nos fogares a medida que melloraban as rendas das familias. A pesar de todas as críticas puntuais, o sistema funcionaba de forma aceptable, dado que respondía aceptablemente a súa función principal, que era e é, a de organizar consensuadamente o mercado publicitario, permitindo establecer as tarifas de inserción publicitaria segundo o programa e a franxa horaria.

Pero ese sistema que funcionou axeitadamente durante décadas, atópase con múltiples dificultades na complexidade do panorama televisivo actual. O modelo comezou a complicarse coa irrupción no mercado das canles distribuídas por cable, e que prescindían da publicidade no seu modelo de negocio. De súpeto a supervivencia dun programa xa non dependía dos seus índices de audiencia, nin do interese dos anunciantes, se non exclusivamente da vontade do equipo de dirección da canle, en base as súas estratexias para captar subscritores.

Este cambio é fundamental para contextualizar a evolución das series de televisión, que se produce nas televisións por cable tipo *premium*, como HBO, que se produce na última década do século XX. O feito de non depender da medición de audiencia dos amplos públicos familiares aos que se dirixen as programacións en aberto, permitiu traballar uns prantexamentos e fíos argumentais, de maior complexidade respecto ao que se viña facendo ata entón.

Pero a medición da audiencia, aínda tiña que converterse nunha tarefa moito máis complicada para as empresas especializadas. A televisión en *streaming* permitirá que se multipliquen os dispositivos desde o que será posíbel acceder aos programas televisivos, tabletas e teléfonos

móviles incorporaranse de forma definitiva aos aparatos de uso común desde os que acceder aos contidos televisivos. Por si fora pouco, as canles en aberto, ademais de ofertar os seus programas en aberto, tamén os porán a disposición dos espectadores a través das súas plataformas en *streaming*.

Os audímetros deberán intentar adaptarse a esta realidade cada vez máis complicada. Pero aínda que as televisións teñen información precisa dos visionados dos seus contidos a través das súas plataformas, é evidente que moitos destes novos consumos quedan fora dos sistemas tradicionais de medrarán, e polo tanto, non se auditan publicamente. Resulta evidente que boa parte do consumo televisivo, das canles en aberto, estase desprazando da emisión en directo, ata os servizos baixo demanda, sen que se reflicte axeitadamente nas medicións convencionais de audiencia.

A nova forma de consumir os produtos televisivos, está transformando os hábitos de consumo do espectador, cada vez menos disposto á someterse a unha programación imposta.

A televisión baixo demanda, entronca perfectamente coas posibilidades actuais de consumo no noso tempo de ocio, onde o entretemento baixo demanda, sobre todo ao través de dispositivos dixitais, como videoconsolas, tabletas e móbiles, proporciona un elevado grao de flexibilidade á hora de decidir os tempos de goce dos nosos contidos favoritos.

Segundo datos publicados pola Comisión Nacional del Mercado de la Competencia, o número de fogares españois aboados a algunha modalidade de Televisión de pago atópase xa nos 6,7 millóns, cunha audiencia potencial de 18 millóns de espectadores. Un de cada Tres fogares conectados a Internet, utilizan plataformas de pago para ver contidos audiovisuais en liña.

Segundo o informe anual elaborado por Barlovento Comunicación, a partir de datos provisionais de Kantar Media, a 25 de decembro de 2018, recóllese un incremento no consumo de Internet, cunha media que se sitúa nas tres horas diarias, a partir da medición realizada en España polo grupo internacional Comscore.

Paralelo a este incremento do uso de Internet, rexístrase una diminución no consumo de televisión en aberto, cun retroceso ata 31, 4 millóns de espectadores que fan uso diario da televisión convencional. O dato máis baixo desde que existen rexistros; un promedio de consumo de 234 minutos por persoa e día; 6 minutos menos que o ano anterior, 2017. Este proceso de diminución de tempo de visionado televisivo, vense producindo desde o ano 2012, e nos está falando dun cambio estrutural que tende a ser definitivo, do consumo de contidos audiovisuais, que migra desde a televisión convencional en aberto, a plataformas e canais de vídeo en *streaming*.

5.6. Influencia das plataformas baixo demanda na televisión convencional.

A ficción seriada, o tipo de produto estrela na programación da maior parte das televisións en aberto, está a perder parte da súa importancia por mor da competencia coas plataformas en *streaming*. É difícil competir programando un contido, de forma semanal, a unha hora determinada, e interrompido polas pausas publicitarias, fronte a un produto programado polos plataformas, onde o espectador pode escoller libremente cando o visiona, libre de publicidade, e en moitas ocasións tendo acceso a tempadas completas.

Nesta situación, as televisións convencionais, están respondendo con novas estratexias de programación. Por unha parte estase apostando por un tipo de programas, nos que o seu visionado, un día e a unha hora en concreto, non é relevante, de forma, que ademais da soa exhibición en aberto, pode ter tamén un bo resultado nas súas propias plataformas en *streaming*, é o que sucede, por exemplo cos contidos de ficción. E por outro lado, asistimos a un gran desenvolvemento doutro tipo de produtos, que poderíamos nomear como "eventos", o seguimento dalgúns acontecementos informativos, certos *realities*, ou os concursos de talento, que funcionan na televisión en aberto, como nela pesa a modo de "clave", desde a que se constrúe toda unha serie de contidos asociados nas redes sociais e plataformas da canle en Internet.

Como vemos, a ficción non desaparece da televisión convencional, xa que un produto de éxito, ademais de aportar prestixio, pode garantir bos resultados de audiencia, dunha forma estable, nunha determinada franxa horaria. A medida que é máis difícil garantir un elevado número de espectadores, nun determinado segmento da grella televisiva, co fin de facela atractiva para a súa inserción publicitaria, non queda máis remedio que apostar por

importantes campañas de promoción, tanto na propia televisión en aberto, como en medios transmedia asociados, redes sociais, plataformas en *streaming*, páxinas web, *podcast*, videoxogos, elementos interactivos, etc. Desta forma, tanto os contidos de alto orzamento, como os de tipo "evento", acaban desenvolvendo todo un universo "enriquecido" con contidos dixitais relacionados, sendo o contido convencional, o elemento de ancoraxe desde o que se desprega este catálogo de contidos transmedia. Programas como Gran Hermano, Operación triunfo, ou Máster Chef, nas súas edicións máis recentes, son un exemplo axeitado da evolución transmedia deste tipo de programas evento. Series de televisión como “El Ministerio del Tiempo”, ou “La peste”, e os produtos en Internet asociados, enriquecen a experiencia dos espectadores.

A Televisión convencional está tentando encontrar o seu lugar neste novo panorama competitivo, no que non so deben enfrontarse ao resto dos canais en aberto, na súa loita polo reparto publicitario, se non que agora deben manter o seu nicho de negocio fronte ás plataformas en *streaming*. A pesar da comodidade para o espectador das plataformas de vídeo baixo demanda, a televisión en liña, aínda conserva moitas vantaxes estruturais. No momento presente, ten unha porcentaxe de penetración case do cen por cento nos fogares, e unha simplicidade de acceso, que facilita o seu uso por parte dos colectivos menos dixitalizados, sobre todo os espectadores de maior idade.

Por suposto, as televisións convencionais, despregan as súas propias plataformas en Internet, coas que intentan contrarrestar a competencia das novas plataformas de vídeo baixo demanda por subscrición, pero dado que o seu negocio xira ao redor da emisora en aberto, as entenden como un mero complemento da súa programación lineal, sen querer competir plenamente cos novos medios, no seu propio terreo. O feito de que moitas destas plataformas

complementarias, trasladen a Internet o modelo de pausas publicitarios, e que a interface non adoita ser plenamente autónoma, senón que reflicte os esquemas da cadea, adoitan complicar a experiencia do usuario.

Un último apunte sobre a coexistencia destes modelos audiovisuais. Cave a posibilidade de que nun futuro a medio prazo, podan producirse unha diverxencia de raíz económica no tipo de espectadores que consumen contidos audiovisuais habitualmente. Unha distinción dependendo do seu poder adquisitivo, coas plataformas por subscrición para aqueles cidadáns cun excedente de renda, e coa televisión en aberto para aquelas persoas con menor poder adquisitivo.

5.7. O impacto das plataformas de vídeo en *streaming* na exhibición en salas de cine.

A polémica sobre películas estreadas a través de Internet, sen pasar polos sales de Cine empezou a tomar corpo cando algúns directores de cine independente comezaron a estrear os seus proxectos en Internet ao mesmo tempo que se ofertaban en salas, ou directamente sen pasar por elas.

En 2007, o director estadounidense Ed Burns, estreou directamente en iTunes,³ sen pasar polos cines, a súa película *Purple Violets*, unha pequena produción de cine independente.

En 2014, o director Joss Whedon⁴, creador de series como *Buffy Cazavampiros*, *Angel* ou *Dollhouse*, estreou a súa película *In your eyes*, directamente en Vimeo, cobrando polo visionado. Era evidente que o seu pasado televisivo, ao non estar ligado aos grandes estudos cinematográficos, facilitaba o proceso de prescindir das salas de cine.

Pero o que era unha práctica minoritaria, reducida a pequenas producións, acadou outra dimensión a medida que as grandes plataformas vanse convertendo tamén en grandes produtoras, e dispoñen dun medio de distribución propio, comezan a estrear grandes producións prescindindo da distribución e exhibición tradicional. A polémica reproducíuse no festival de Cannes, que ante a irrupción de películas que se presentaban a concurso, producidas por Netflix, sen pasar polos cines, decidiron que a partir do ano 2018, só se puideran seleccionar películas previamente estreadas en salas de cine.

O mesmo debate volveu a manifestarse no Festival de Cine de Venecia, onde en 2018, O León de Ouro foi gañado por "*Roma*", un filme de Alfonso Cuarón coproducido por Netflix.

As asociacións de exhibidores pediron ao ministro de cultura, Alberto Bonisoli, que lexislara co fin de garantir un prazo amplo entre a estrea das películas en cines e a súa dispoñibilidade nas plataformas en *streaming*.

En 2020, a irrupción do coronavirus, e o seu impacto na exhibición,⁵ cos peches prolongados das salas, viu a concentrar o estreo de moitas das películas do ano nas distintas plataformas de vídeo en *streaming*, contribuindo ao cuestionamento das salas de cine como imprescindible primeira ventá de distribución das longametraxes cinematográficas, e incrementando de forma exponencial o consumo de contidos audiovisuais a través das plataformas.

6. A evolución das series de ficción. Os modelos de referencia.

Tras achegarnos ás características estruturais e formais das series, imos centrarnos agora na evolución dos contidos, prestando especial interese á produción estadounidense, como referente principal da produción audiovisual no resto do mundo.

O estudo da industria audiovisual norteamericana vai nos permitir comprender moito mellor os modelos de referencia a nivel global na produción actual de series de televisión; por mor desta necesidade, imos dedicarlle un longo capítulo á evolución histórica das súas series e á situación actual do seu panorama televisivo, de forma que podamos achegarnos aos nosos propios modelos coñecendo os formatos de referencia. So ao final deste capítulo sinalaremos, de forma moi breve, pois responde á influencia do modelo norteamericano, cales son as circunstancias particulares do sistema español no que se insire a produción galega, como preámbulo do capítulo seguinte onde trataremos esta de forma máis extensa. Para achegarnos ao modelo de ficción seriada na televisión de EEUU, precisamos coñecer minimamente o sistema de distribución que conforman as súas televisións e a evolución histórica das series nas últimas décadas.

O panorama televisivo estadounidense está moi fragmentado e é moi competitivo, o que favorece a aparición de novas fórmulas a pesar dos abundantes convencionalismos da escrita audiovisual. A día de hoxe, está formado por unhas 800 canles divididas en tres categorías. En primeiro lugar atópanse as cadeas en aberto (*Networks*), como ABC, CBS, NBC, FOX, UPN, WB etc, que son canles xeneralistas familiares e gratuítas con moita publicidade. En segundo lugar, está o cable básico, (*Basic Cable*), con canles como FX, TNT, A&E etc; son plataformas de pagamento formadas por canles temáticas que durante 24 horas ofertan

contidos de música, noticias ou series, ao tempo que inclúen tamén abundante publicidade. Por último, temos as televisións por cable tipo Premium (Premium Cable), cuxos máximos representantes son HBO e Showtime; son canles de pagamento sen publicidade e sen censura que ofertan películas e series moito máis transgresoras.

Para comprendermos a construción das series de ficción americanas, debemos ter presente que actualmente a audiencia do cable superou as televisións gratuítas en aberto. Unha canle como a HBO ten máis de 29 millóns de subscritores/as¹ e non depende dos índices de audiencia nin dos patrocinadores comerciais, o que lle permite ser máis permisiva en canto á temática das series e a construción dos personaxes e tamén moito máis arriscados desde o punto de vista formal.

Son autores de series como “Sexo en Nova York”, “Os Soprano”, “A Dous Metros Baixo Terra”, ou *The Wire*. O éxito destas series de contido e aspecto máis provocador rematou por influenciar, primeiro, ao cable básico e, despois, ás cadeas xeralistas, favorecendo a aparición de series protagonizadas por personaxes máis complicados e contraditorios. Cambiou tamén a presentación formal destas series, cun discurso moito máis dinámico: tomas a miúdo desenfocadas, descentradas, movementos de zoom ou cámara en man, tal e como podemos ver, por exemplo, na serie "24 Horas" de FOX. Non se pode entender a existencia desta serie ou doutras procedentes das cadeas en aberto, como *The West Wing*, *Prison Break*, “Heroes” ou *House*, sen a emulación instaurada polo cable, habitadas polo desexo común de explorar as posibilidades narrativas do relato televisivo (Joyard, 2011).

6.1. As series en EEUU: evolución histórica.

A televisión norteamericana tivo a súa primeira idade dourada durante o período fundacional desde finais dos 40 a mediados dos 50, cando era un medio realizado en directo desde Nova York baseado na antoloxía dramática. Este período finaliza cando a antoloxía foi desprazada polas series detectivescas e os westerns realizados desde California.

Existe unha relación de paralelismo entre a actual produción televisiva en Estados Unidos e o Hollywood clásico. Ambos os dous modelos teñen sistemas de traballo semellantes, con estruturas organizativas pechadas que producen moito e con rapidez como nunha cadea de traballo. En ambos os casos o produtor é a figura central do proceso. De feito, na actualidade, existe unha estreita relación económica entre empresas cinematográficas e televisivas. Ao tempo, existe tamén unha influencia máis sutil do cinema sobre a televisión na paulatina importancia dos valores estéticos, e tamén no contido coa utilización de conceptos narrativos cada vez máis arriscados.

A aparición da produción para a televisión por cable vai significar un profundo cambio na forma de facer as series nos Estados Unidos. Os produtos para estas cadeas teñen un orzamento menor mais tamén unha maior liberdade en canto aos contidos. Unha *Network* debe ter unha audiencia de, polo menos, uns dez millóns de espectadores para que unha das súas producións sexa considerada un éxito. No cable, pola contra, dous ou tres millóns poden asegurar o éxito do produto, xa que as súas audiencias son especializadas en grupos de idade, sexo ou poder adquisitivo, o que as fai máis atractivas para os anunciantes.

As canles de cable introducíronse na produción dramática por medio de mini series ou series de poucos capítulos por tempada. Nun principio a utilización de tempadas curtas era unha necesidade económica das televisións por cable mais esta estratexia acabou provocando unha mellora nos aspectos narrativos destas series, resultando máis coherentes dende o punto de vista da historia.

1945-1955. O período fundacional. As antoloxías dramáticas.

Durante os anos 30, Robert Sarnoff, presidente da RCA (*Radio Corporation of America*), apostou polas posibilidades da televisión como novo medio de entretemento de masas. Pensouse nun principio en aplicar á televisión un modelo empresarial que viña dos primeiros anos da radio, baseado na dobre explotación do negocio, por unha parte a RCA desenvolvería e vendería os aparatos de recepción e a NBC, unha filial baseada na cadea de radio que xa tiña a empresa, encargárase de producir e vender contidos. Comezou nas súas emisións comerciais en 1939 coincidindo coa exposición universal de Nova York.

As outras dúas grandes cadeas de radio, a CBS e a ABC tamén se amosaron interesadas polo novo medio dadas as similitudes que existían no seu modelo de explotación. Este baseábase en emisoras que se estendían nun determinado espazo xeográfico pola amplitude do país, nas que se alternaba a programación entre os contidos locais e os nacionais. A influencia da radio na televisión nesta primeira etapa foi moi intensa, pois desde a radio viñan os modelos empresariais, os formatos e, mesmo, numerosos profesionais. A televisión nestas alturas era un medio en rigoroso directo, dado que aínda non se inventaran medios de almacenamento de

imaxe, o que favoreceu tamén a incorporación de numerosos profesionais provenientes do mundo do teatro.

Durante o período comprendido entre 1948 e 1956, o que se coñece como a primeira idade dourada da televisión, eran numerosos os concursos e os programas cómicos e de variedades, mais aparecen tamén as primeiras series de programas dramáticos que son antoloxías de diferentes capítulos independentes entre si. Cada programa funcionaba como unha pequena compañía de teatro onde o equipo técnico era estable mentres que o elenco podía variar para adaptarse dun capítulo a outro. Este símil teatral víase reflectido tamén nos nomes destas primeiras series, onde a miúdo aparecía tamén o nome do patrocinador, é o caso de “*Kraft Televisión Theatre*” (producido pola NBC entre 1947 e 1958), “*Ford Theatre*” (producido pola CBS entre o 1949 e 1951), “*Actors Studio*” (producido pola ABC entre 1948 e 1949) ou “*Colgate Theatre*” (producido por NBC entre 1949 e 1950).

A finais dos 50 prodúcese unha implicación das empresas cinematográficas no medio televisivo. A televisión precisaba contidos de ficción a baixo custe e o cinema atopábase con que vía perigar neses anos a continuidade do seu modelo de negocio, pola aplicación dunha normativa que os obrigaba a vender as súas salas de exhibición ao mesmo tempo que estas sufrían unha mingua importante de espectadores.

Así empezaron a aparecer produtores que desenvolveron series para as emisoras independentes a través da sindicación e posteriormente foron os propios estudos os que comezaron a colaborar coas grandes cadeas, recorrendo nun primeiro momento á formula xa consolidada da antoloxía. Ese foi o caso da Fox con “*20 th Century Fox Hour*” ou “*Alfred Hitchcock presenta*”, producida para a CBS entre 1955 e 1960 e posteriormente para NBC

entre 1960 e 1962². En 1955 o éxito de varias series baseadas no *Western* vai significar o éxito deste tipo de xénero e o progresivo abandono das antoloxías.

Cara aos anos 60, a filmación substituíra ao directo e Hollywood convertérase no principal subministrador de ficción. Esta posición consolídase cando os estudos cinematográficos optaron por vender os seus catálogos de películas para emisión en televisión. Neste período vaise producir pouco a pouco unha paulatina desaparición do xénero de *Western* para dar paso a comedias sinxelas dirixidas a un público infantil e adolescente.

O éxito comercial da serie cinematográfica de James Bond vai propiciar a aparición de series de televisión baseadas na figura do axente secreto. É o caso *The Man From U.N.C.L.E.*, (estreada en España como “O Axente de C.I.P.O.L.”) ou “Misión Imposible”, habendo lugar, mesmo, para a parodia cunha serie como “O Super Axente 85”, producida pola NBC. Os 60 serán tamén un período de éxito para as series de ciencia ficción, tal é o caso de “Perdidos no Espazo” da CBS ou *Star Trek* da NBC.

Nos anos 70 destaca a figura do produtor Spelling, un dos máis prolíficos e exitosos da historia da televisión, responsable de éxitos como “Starsky e Hutch” (para a ABC), “Os Anxeles de Charlie” ou “Vacacións no Mar”. As series de Aaron Spelling vanse caracterizar por ser de unha hora de duración nas que se desenvolven tres tramas argumentais independentes por capítulo, o que facía que estas series gañasen en complexidade narrativa e temática, ao permitir elaborar tramas que atraesen a públicos diferentes en cada capítulo.

O outro gran referente dos anos 70 foi a compañía MTM, creada polo produtor Grand Tinker, da que saíron series como *Lou Grant* para a CBS, *Remington Steele* para a NBC, “Luz de

Lúa” para a ABC e “Canción Triste de Hill Street” para a NBC, onde se reúnen unha serie de innovacións que viran a luz en anos anteriores (Cascajosa, 2005: 31). Nesta serie confluían a influencia do novo estilo realista do cinema policíaco con películas como *Bullit* (1968), *French Connection* (1971) ou *Serpico* (1973), xunto ao referente directo da película coral *Mash* (1970) e a serie televisiva que orixinou para a CBS, que tiñan un marcado estilo de Cinema Verité nos seus aspectos formais.

Ata este momento, predominaban nas series de televisión as tramas episódicas ou autoconclusivas, como víamos nas series policíacas anteriores; a partir de agora, tamén pola influencia dos seriais como veremos máis adiante, comezará a ser habitual o desenvolvemento de series nos que predominarán as tramas de arco longo ou seriais, influencia que vai a ter a súa eclosión na primeira década do presente século, sendo como xa sabemos, un dos elementos fundamentais á hora de permitir o desenvolvemento de argumentos dramáticamente máis complexos (Innocenti, Pescatore, 2011: 34).

Steven Bochco en 1985 abandona a MTM e desenvolve para a NBC a “Lei dos Anxos”, retomando a complexidade narrativa da súa anterior creación “Canción Triste de Hill Street”, mais agora nun ámbito moito máis familiar para os espectadores, como era o drama xudicial, marcado polos xuízos aos que se enfrontaban os personaxes en cada capítulo. Incorporáanse convencións do serial, como as tramas de tensión amorosa entre os protagonistas, o luxo de vestiarios e decorados, e unha iluminación en clave alta.

Outras series de éxito dos 80 serán o “Grande Heroe Americano”, producida pola ABC, que mesturaba a investigación policíaca e a parodia do xénero dos superheroes. “O Equipo A”, sobre un grupo de veteranos do Vietnam acusados inxustamente e que agora axudaban como

mercenarios a cidadáns a solucionar os seus problemas. Outra serie de maior calidade que as anteriores foi “Magnum”, da CBS, sobre un veterano do Vietnam que traballaba como detective privado en Hawai.

O produtor Lee Rich dende a súa produtora Lorimar vai contribuír á confluencia entre os seriais e o drama televisivo. Tradicionalmente, o serial fora unha fórmula só utilizada nos períodos de emisión da mañá e a tarde, o *daytime*; naqueles anos unha audiencia restrinxida formada por un público fundamentalmente feminino. Neste contexto, Lee Rich vai desenvolver un serial dirixido á franxa de máxima audiencia dando lugar a *Dallas*, unha serie baseada nunha saga familiar ambientada en luxosos ambientes co trasfondo da industria petroleira, protagonizada por personaxes complicados e con matices perversos. Nas tramas había numerosos *plot-points* (xiros de trama inesperados, propios dos seriais), resaltados pola innovación dos *cliffhangers* que consistían en rematar a tempada deixando as tramas principais en suspenso, a miúdo despois dun xiro sorprendente. Lee Rich produciu tamén *Falcon Crest*, neste caso ambientada no mundo vitivinícola, imitando a fórmula de *Dallas*.

O éxito de seriais como *Dallas* que combinaban en cada capítulo unha multitude de tramas, unhas episódicas e outras seriais, que se desenvolvían ao longo de varios episodios, será algo que vai influír de forma decisiva na maneira de construír as tramas na maior parte das series televisivas dende entón. Esta serie, na realidade, é un intento de levar os culebróns habituais de horario de mañá ao horario de *prime time*, aínda que cunha produción máis coidada. O seu éxito desde a súa primeira tempada (levou vintaeseis premios Emys), a converteron nun referente de calidade, a pesar da súa orixe tan achegada ao serial, polo que sinalará un antes e un despois na forma de desenvolver as series televisivas, ao habituar ao espectador ás tramas seriadas e preparar o camiño para un tipo de produtos máis complexos e elaborados.

O director de cinema británico Michel Mann vai contribuír na segunda metade da década dos 80 a innovar os aspectos formais da serie de televisión coa súa obra “Corrupción en Miami”, unha renovación do xénero policíaco, na que o vestiario e os decorados ían ter unha importancia sobranceira, mais sobre todo a música tería unha presenza relevante na serie, nunha época na que unha nova canle de televisión como a MTV baseaba a súa programación nos *video clips* que revolucionaban a linguaxe audiovisual cun discurso máis fragmentado e rítmico, dirixido a unha nova xeración de novos espectadores (Cascajosa, 2005: 40).

Dos anos 90 ao presente

Fronte á estabilidade do panorama audiovisual norteamericano nas tres décadas anteriores ao redor das tres grandes canles NBC, CBS e ABC, a segunda metade da década dos oitenta marcará o inicio de importantes mudanzas que trastocarán definitivamente o sector televisivo norteamericano.

Vaise producir un cambio na propiedade das empresas, froito dos procesos de concentración empresarial propios da época. En 1985, a General Electric vai a adquirir a RCA e, polo tanto tamén a súa filial NBC. En 1986, Capital Cities adquirirá a ABC. En 1991, por mor da guerra do golfo, a CNN, até entón unha pequena canle especializada en noticias, acadará unha inusitada relevancia ao romper o monopolio informativo que ata entón aproveitaran as *networks* tradicionais, de forma que as grandes canles norteamericanas acabarán pouco a pouco integrados en grandes conglomerados industriais. Este período vai coincidir coa progresiva fragmentación da audiencia. Aínda que as *networks* continúan sendo maioritarias, as mini *networks* e o cable irán restando segmentos específicos de público obxectivo. A

ampliación do mercado televisivo que aumentou o número de cadeas e a integración coa industria cinematográfica, vai trastocar nos 90 a industria audiovisual norteamericana, (Cascajosa, 2007: 20)

6.2. As novas *network*.

O empresario de orixe australiana Ruper Murdoch pretendía converter a súa empresa *News Corporation* nun gran grupo empresarial centrado nos medios de comunicación, de forma que as diferentes divisións se interrelacionasen estreitamente entre e compartiren tanto estratexias económicas como contidos.

O negocio televisivo de Ruper Murdoch vaise basear na televisión por satélite. En 1984 Ruper Murdoch amplía o seu negocio a Gran Bretaña, investindo na televisión por satélite, poñendo en marcha Sky Channel e fusionado en 1990 coa súa competidora BSB, dando lugar ao British Sky Broadcasting. En 1993 adquire o provedor por satélite Star TV para intentar expandirse polo sudeste asiático. En Italia, froito da fusión entre Stream e Telepiu, conta con Sky Italia. Xa en 1985, Ruper Murdoch vai adquirir o catálogo de títulos da Twenty Century Fox xunto ao estudo cinematográfico do mesmo nome, pois era consciente da importancia dun estudo como motor de contidos combinado con outras actividades e empresas que permitirán rendibilizar eses contidos explotándoos noutros mercados (Cascajosa, 2005, 62).

A nova canle ofertaba en orixe poucas horas de programación que irían aumentando a medida que se desenvolvían novos contidos. Para competir coas *networks* tradicionais precisaban captar a audiencia máis desencantada con estas: o público mais novo. Así, a Fox decidiu apostar por un *target* (público obxectivo) atractivo para os anunciantes, centrado nun público urbano de clase media alta entre os 25 e os 54 anos.

A consolidación de Fox puxo de manifesto que o monopolio televisivo das *networks* tradicionais chegara ao seu fin. Nestes momentos de cambio outros estudos cinematográficos,

nun primeiro momento optaran por fomentar o mercado da sindicación, a Warner e a Paramount, lanzáronse a creación das súas propias canles. Desde a orixe da televisión, os estudos cinematográficos mostráranse interesados por controlar este medio, extrapolando un modelo de negocio propio do cine daquel tempo no que os estudos controlaban a produción distribución e exhibición dos seus produtos. A oposición das *networks* nas décadas nas que mantiveron o control televisivo fixo esta estratexia inviable. Nese momento as cousas estaban mudando. O éxito de Fox e o gradual incremento da audiencia da televisión por cable amosaba que había espazo nun mercado en que os espectadores buscaban produtos novos. Warner Bros e a Paramount crearán as súas propias canles WB e UPN respectivamente. Mais outros estudos tamén entrarán nas *networks* tradicionais. NBC acabará absorbendo Universal, ABC será adquirida por Disney e a CBS acabará formando parte do conglomerado empresarial Viacom, propietaria da Paramount e, polo tanto tamén de UPN.

A emisora de Time Warner chamarase WB, acrónimo do nome do estudo Warner Bros. A Paramount xunto cunha rede de emisoras creará a *United Paramount Network*, a UPN. Ambas as dúas canles, ao non poder aspirar as audiencias minoritarias das grandes *networks*, decidiron especializarse nos segmentos do público máis atractivos para os anunciantes, basicamente un público novo e urbano, así como restrinxir o custe dos seus programas para intentar acadar a rendibilidade económica.

WB e UPN comezaron as súas emisións no ano 95 cunha programación limitada a poucas noites que posteriormente foi aumentando. Desde o punto de vista da xestión económica, WB resultou ser un produto comercial máis consolidado capaz de producir varios programas de éxito cada temporada e intentou facerse cunha franxa atractiva de público e unha programación especializada. UPN, en cambio, cunha estratexia máis errática, tivo sempre

problemas para consolidar a súa franxa de audiencia e sufría constantes perdas económicas. Só tivo dous éxitos relevantes que continuaban a liña dos produtos que facía a Paramount en sindicación, dúas continuacións da saga Stark Trek: “Voyager” e “Enterprise”.

Era evidente que UPN quería crear unha imaxe de marca centrada na ciencia ficción, mais os seus programas tiveron que enfrontarse ao escaso ámbito de recepción da canle e a competencia de produtos similares en sindicación. En setembro de 2006, WB e UPN, dados os seus baixos índices de audiencia, decidiron fusionarse e crearon unha nova canle, a CW, que fusionaba as súas programacións.

Por outra parte nos anos 80 deróganse as leis *Fin-Syn* (*Financial Interest and Syndication*), que se crearan nos anos 60 para obrigar as *network* a comprar programas televisivos aos estudos e compañías independentes. Daquela, pretendíase evitar que estas grandes empresas replicasen un modelo de negocio, ou de control da produción e exhibición por parte do produtor, que fora o propio da industria cinematográfica durante moitos anos e que se desmontara durante a década anterior coas leis *antitrust* do cine. Intentábase impedir que as grandes canles controlasen tamén a produción televisiva. Nos anos 80, os estudos cinematográficos xa formaban parte de complexos conglomerados empresariais e as leis *Fin-Syn* xa non eran necesarias.

6.3. A televisión por cable.

A televisión por cable comezou a desenvolverse hacia 1948 como solución ao problema tecnolóxico de que o sinal de televisión non chegaba a moitas zonas illadas, mais o gran período de expansión produciuse a partir dos anos 70. A final dos 80 o mercado xa estaba plenamente configurado, formado por unha serie de canles básicas que se ofertaban ao consumidor a baixo prezo xunto ao acceso á rede de cable a través do seu operador e que incluían publicidade. Máis tarde aparecen as canles *premium* que se financian exclusivamente polo canon que pagan os seus abonados (este adoita ser bastante máis elevado que no caso das canles básicas e non adoitan incluír publicidade). Aos dous exemplos anteriores engádeselles unha terceira modalidade, a das canles de *Pay per view* ou pago por visión no que os abonados só pagan individualmente cada contido que contratan.

O cable Premium: HBO e Showtime

A canle HBO, *Home Bos Office*, fundado pola empresa editorial Time Inc., comeza a expandir o seu sinal desde Pensilvania até outros mercados próximos. A partir de 1975 comezará a utilizar a tecnoloxía de satélite para enviar o seu sinal a subministradores de cable ao longo de todo o país, e se convertirá na primeira emisora nacional por cable.

En 1992 comeza un proceso de converxencia empresarial cando HBO forma xunto a *Columbia Pictures* e a CBS unha compañía para a produción e distribución de películas: a Tri-Star. En 1984 a HBO forma, xunto a *Thorn EMY Screen Entertainment*, unha filial para distribuír os programas da súa canle no mercado videográfico dado que a partir da década dos 80 o vídeo se converte nunha fonte fundamental de ingresos para a industria cinematográfica

mesmo por enriba da recadación en salas. Para alén diso, HBO pretendía manter o atractivo da canle a partir de ofrecer contidos exclusivos, o que a levará a potenciar a produción propia. Comezou primeiro a desenvolver comedias para un público adulto e programas de antoloxías dramáticas como *Tales from the Crypt* (“Contos da Cripta”). Tamén desenvolveu a creación de telefilmes e posteriormente miniseries con éxitos notables como “The Corner” no ano 2000, e *Band of Brothers* (“Irmáns de sangue”) en 2001. Unha vez adquirida a suficiente experiencia, comezan a desenvolver series dramáticas con personaxes continuos, será o caso de “Oz”, *The Sopranos* (“Os Soprano”), *Six Feet Under* (“A dous metros baixo terra”), *The Wire*, *Deadwood* e *Rome* (“Roma”), esta última en coprodución coa BBC, e recentemente o éxito *Game of Thrones* (“Xogo de Tronos”).

En 1976 Viacom fundou unha canle a imaxe de HBO, coa intención de ser o seu competidor directo, e que tamén comezou a difundirse a través do satélite a partir de 1978. Showtime comeza a súa traxectoria especializándose en antoloxías dramáticas. Cando decidiu construír dramas con personaxes continuos pretendeu especializarse nas series de acción e aventuras, destacando “*Stargate SG-1*”. Tamén explorou as posibilidades de dirixir produtos a un público pouco explotado como a comunidade gay, desenvolvendo a serie de éxito “*Queer as Folk*”, protagonizada por un grupo de amigos gays. Posteriormente desenvolveron “*The L Word*”, unha especie de versión feminina da anterior protagonizada por un grupo de amigas lesbianas. Actualmente emite a serie de éxito “*Homeland*”.

6.2. O Contexto español.

Televisión Española, ao longo da segunda metade dos 70 e os 80, xa abordara a realización de series de ficción de prestixio e éxito de audiencia que todos/as recordamos, "Curro Jiménez" (1976), "Cañas y Barro" (1979), "Los Gozos y las Sombras" (1981), "Verano Azul" (1981), "Anillos de Oro" (1983), "Turno de Oficio" (1986) etc., e que compre entender dentro da gran tradición das series televisivas europeas; *La maison des bois*, (1973) de Maurice Pialat, *Berlin Alexanderplatz* (1980) de Werner Fassbinder, *Heimat* (1984) de Edgar Reitz, *The Journey* (1988) de Peter Watkins ou *Fanny e Alexander* (1984) de Ingmar Bergman (Quintana, 2011).

Mentres nos EUA as series de televisión xiraban ao redor de tramas sinxelas, autoconclusivas, e a miúdo dirixidas a públicos novos, salvo marabillosas excepcións como *Roots* (1977), en Europa facíanse uns excepcionais produtos, filmados moitas veces en celuloide e con sistema de produción cinematográfica con cámara única, dirixidas polos grandes directores das distintas cinematografías nacionais. En certa medida, a nova idade de ouro da ficción televisiva, da que vimos falando, adiantouse en Europa.

A irrupción das televisións autonómicas na década dos 80, e posteriormente das privadas, veu provocar unha fragmentación da audiencia, que facía máis difícil rendibilizar por medio da publicidade os produtos televisivos de alto custo, como as ficcións. Considerábase moi custosa a produción propia, en relación co económico que era adquirir series norteamericanas: producir un capítulo dunha serie española podía custar 20 ou 25 millóns de pesetas semanais, mentres que un capítulo de "Las Chicas de Oro" suporía só uns 3.000 dólares.

Para que unha serie de televisión funcione ten que ter unha audiencia elevada, así atráese os anunciantes. O límite de publicidade por hora en España está establecido en 12 minutos. Teñen cabida uns 36 anuncios duns 20 segundos. Un anuncio en tv2 nun horario de pouca audiencia pode custar só un par de centos de euros, mais pode chegar aos trinta ou corenta mil en *prime time* de Tele 5. Así é como se financia a produción en televisión en aberto, polo tanto temos que ter en conta a importancia dos anunciantes na programación.

Para a audiencia española, o interese polas series de televisión de produción propia dispárase a partir do éxito de "Farmacia de guardia" (1991), ao mostrar que realizar series podía ser rendible economicamente (Diego, 2010: 62).

As series españolas que seguirán este ronsel, como "Médico de Familia", "Periodistas" ou telenovelas adolescentes como "Al Salir de Clase", coparán a franxa de *prime time* das televisións españolas, desprazando ás series de EEUU, mesmo a aquelas de maior éxito no seu país de orixe, a horarios intempestivos. Ese foi o caso das reputadas series norteamericanas *Frasier* ou "Urgencias"; outras, como a premiada "El ala Oeste de la Casa Blanca", tiveron que esperar durante anos no caixón dos programadores (neste caso no de Televisión Española), a que houbera un oco na grella televisiva que permitise a súa estrea. Son os anos dourados das series españolas. Nesta dinámica insírese o desenvolvemento da produción de series galegas, como resposta ás preferencias da audiencia en España polos produtos autóctonos fronte ás series norteamericanas.

Porén, o indiscutible éxito de produción viuse mitigado pola pouca diversidade dos resultados desde o punto de vista da experimentación narrativa na procura de produtos de calidade, pois

“A maioría das series producidas en España se caracterizaron por vivir de costas ao mundo real, a pesar de que moitas delas aposten por unha idea de realismo que acaba por se limitar a un reflexo costumbrista e superficial de tipos e temas recoñecibles polo gran público” (Iglesias, 2011: 37), (a tradución é nosa).

O comezo das emisións da TDT e a aparición de novas canles privadas, Cuatro e La Sexta, vai fragmentar aínda máis a audiencia, voltando ao mesmo panorama de finais dos 90. Estas novas canles con índices de audiencia moi reducidas, teñen que optar por produtos televisivos máis económicos e, así, recorren ás series norteamericanas, máis asequibles, que inundan de novo a grella televisiva española, de aí a forte presenza, nos últimos anos, de series foráneas que comparten horario de *prime time* coas series de produción nacional.

7. O contexto galego.

No presente traballo, imos achegarnos, a partir deste momento, ao fenómeno das series de ficción realizadas en Galicia. Un fenómeno sorprendentemente rico e variado, se temos en conta o tamaño reducido do noso país como mercado ao que van dirixidos estes produtos. Se ademais pensamos que as nosas producións deben competir cunha produción internacional en lingua inglesa, que ten unha absoluta posición de dominio a nivel mundial, e engadimos a iso, que debemos facelo tamén co resto da produción audiovisual española, que a súa vez, parte dunha evidente posición de vantaxe respecto a nós, por mor da economía de escala, desde as grandes cidades como Madrid e Barcelona, onde se concentra a industria audiovisual española. Por todo isto non deixa de ser sorprendente o tamaño da nosa industria audiovisual, tendo en conta o noso reducido peso económico, en relación coa industria española e europea na que nos inserimos.

En resumo, convén salientar que somos unha pequena potencia cultural, a pesar do noso escaso peso económico e demográfico, e moi por riba doutras moitas comunidades españolas (e europeas), de semellante nivel de renda e dimensión económica. É paradóxicamente lle debemos esta milagre, ao que a priori poderíamos pensar que sería un hándicap imposto pola nosa lingua minoritaria, que dificultaría o acceso dos nosos produtos culturais a mercados máis amplos. Pois non podemos separar a nosa industria audiovisual do resto das nosas industrias culturais, e estas están unidas e cohexionadas por obra e graza da lingua. Unha lingua que relaciona o eido da creación, cunha serie de institucións, froito do esforzo de moitas xeracións de galegos desde finais do século dezanove, nun longo esforzo por acadar unha voz propia como pobo. Esforzo violentamente interrompido pola guerra civil e posterior ditadura, pero retomado con novos folgos no novo período democrático.

Unha primeira parte desta sección, percorrerá precisamente o xurdimento de moitas destas institucións, que é preciso coñecer, para poder entender a capacidade para crear unha produción audiovisual tan rica e variada como a galega. Posteriormente analizaremos o desenvolvemento das series de televisión en aberto, e nos asomaremos ao interesante eido da produción de series para Internet. De todo o panorama audiovisual, centrarémonos só, no estudo das series de ficción, dada a súa importancia cuantitativa e cualitativa no conxunto da produción audiovisual galega, e tendo en conta ademais, o valor simbólico de encarnar as aspiracións, nos anos iniciais da democracia recuperada, de acadar por medio dunha cinematografía galega, unha voz propia no mundo.

7.1. A importancia da estrutura profesional, institucional e asociativa.

O desenvolvemento de estruturas institucionais vai ser moi importante para permitir a reaparición e posteriormente consolidación dunha industria audiovisual propia. O golpe de estado de 1936 e a posterior ditadura franquista, suporán o colapso das institucións culturais de aspiración galeguista desenvoltas desde o rexurdimento en Galicia. A produción cultural galega sobrevivirá fundamentalmente en América, e non será ata 1949, cando timidamente, se inicie unha certa recuperación da publicación en lingua galega. En 1950, fúndase a Editorial Galaxia, que axudará a consolidar estes esforzos no eido da edición. Haberá que esperar uns anos ata que podamos atopar unha acción equivalente no sector audiovisual, coa aparición dos cineclubs, que ademais de facer un esforzo de promoción e divulgación do feito cinematográfico, pronto incluírán a produción audiovisual propia, no foco da súa atención, e favorecerá a aparición dun ambiente favorable a aspirar á creación dunha cinematografía propia. A aprobación do estatuto de autonomía permitirá de novo o desenvolvemento de institucións culturais propias, apoiadas desde o goberno autonómico. Determinante será a creación da TVG, que facilitará a irrupción de pequenas empresas que aspirarán a xerar contidos para este novo canal de distribución. As asociacións tanto de profesionais do sector, como das propias empresas, xunto coa creación dos centros de formación especializados, acabarán xerando todo un tecido institucional, que axudará a consolidación desa incipiente industria. O seguinte apartado pretende remarcar a importancia dunha serie de institucións á hora de consolidar o tecido produtivo audiovisual galego, que corre paralelo á madurez do seu desenvolvemento como industria. Enumerar cronoloxicamente a aparición destas entidades, permite facernos unha composición da evolución deste proceso.

1984. FECIGA. Federación de cineclubes de Galicia.

O papel dos cineclubs no desenvolvemento dunha estrutura institucional e asociativa ligada ao audiovisual en Galicia, é de vital importancia e aínda fica por estudar en profundidade. A irrupción dos cineclubs en Galicia a mediados do século pasado, permite agromar o interese pola cultura cinematográfica nun eido pouco propicio para elo, por mor da ditadura franquista e do seu control por medio da censura dos produtos culturais.

Virán a representar, en moitos casos, un espazo de incipiente liberdade, que permite acceder a títulos fora dos circuítos comerciais e conectar con filmografías de fora do noso país, que están a experimentar coas linguaxes de vangarda do cine, nese momento representa, xunto coa música, o alicerce das industrias culturais máis populares. A organización, por parte de algúns destes cineclubs, de xornadas cinematográficas e festivais, nos anos finais da ditadura, sentará as bases do cine galego moderno e da industria audiovisual.

En 1954 comeza as súa actividade o cineclub de Pontevedra. En 1961 créase o cineclub do SEU de Santiago, que desenvolverá as súas actividades ata 1975, sendo un dos máis importantes do estado español. En 1966 nace en Lugo o cineclub Valle-Inclán, presidido desde 1971, e ata o seu pasamento en 1980, polo cineasta galego Carlos Varela Veiga, gran impulsor da cultura cinematográfica en Galicia e que elaborou, xa en 1977, o anteproxecto para unha futura federación de cineclubs de Galicia, que chegaría en 1984.

En 1969, créase o cineclub de Carballiño, que promoverá as Xornadas de cine e vídeo de Galicia, Xociviga, de gran importancia nos anos 80 á hora de xerar un centro dinámico desde

o que acabará xerminando a reivindicación da necesidade de desenvolver a produción propia no eido audiovisual.

En 1970, no seo da Escola de maxisterio de Ourense, nace o cineclub Padre Feijoo, que recolle a tradición sementada ao longo dos sesenta por varios cineclubs ourensáns. Nos setenta participou no desenvolvemento das Xornadas de Cinema de Ourense, unha serie de festivais cinematográficos e concursos de curtametraxes, celebrado anualmente en Ourense entre 1973 e 1978.

en 1974 créase o cineclub Solpor en Celanova, que organizará durante unha década, ata 1989, a Semana de Cinema, que servirá de inspiración para as Xornadas de Cinema de Ourense. En 1976 nace en Vilagarcía de Arousa o cineclub Ádega, que tamén desenvolverá a súa propia Semana de Cine. En 1977 comeza as súas actividades o cineclub de Cangas, e en 1979 en Vigo a Asociación Xuvenil Abertal crea un cineclub que, aínda cunha vida breve, será quen de organizar ao ano seguinte as primeiras *Xornadas de Cine Galego en Vigo* e publicará *Escolma do Cine Galego*, un dos primeiros intentos de facer unha revisión crítica do cine producido en Galicia.

O cineclub Groucho Marx, nace en 1980 no Barco de Valdeorras. Ademais da exhibición e debate do eido cinematográfico, organizou as Semanas de Cine do Barco, en cuxo seno, implicando ao colectivo docente da vila, creouse en 1985, Tele-Groucho, unha das primeiras experiencias de televisión independente do estado español.

Entre os anos 1985 e 1987, o cineclub Carlos Varela Veiga, nomeado así en honor do importante precursor do cine galego fenecido cinco anos antes, desenvolverá as súas

actividades na cidade de Compostela. En 1984 créase o cineclub Carballo, que ao longo de dez anos terá unha gran importancia na dinamización cultural da vila. Organizou unha interesante Semana de Cine ata a súa disolución en 1995.

En 1983, nas IX Semana de Cine do Carballiño, acordouse poñer as bases da Federación de Cineclubes de Galicia, Feciga, que comezou o seu funcionamento en xullo de 1984, co fin de impulsar e apoiar a xa incipiente estrutura de cineclubs de Galicia. Nos anos 80, organizou unha serie de ciclos que permitiron achegar importantes títulos clásicos do cine europeo e americano aos espectadores galegos, e sobre todo as edicións de *Vive Cine Galego*, que se organizaron nos anos 1988, 1989 e 1990, e que contribuíron a desenvolver a idea da posibilidade de artellar unha produción audiovisual propia. En liña coa importante contribución dos cineclubs galegos neses anos ao desenvolvemento dunha industria audiovisual galega, a federación tamén organizará varios certames de escritos sobre historia do cine en Galicia e incluso un curso de cine de animación en data tan temperá como 1989, precedente da posterior industria de animación galega. A creación da Feciga, ven a inaugurar a incipiente organización institucional, que de forma paulatina, contribuirá a desenvolver unha estrutura que favoreza a consolidación avances do audiovisual en Galicia.

Como resumimos brevemente, é innegable a importante contribución dos cineclubs galegos nos últimos anos da ditadura e durante a transición, á expansión dunha cultura cinematográfica que acadara, na segunda metade do século vinte, unha importancia fundamental como alicerce das industrias culturais populares a nivel global. Galicia, ficara lonxe dos centros de produción audiovisual do estado, e de forma semellante ao resto de España, apartada das correntes de vangarda a nivel mundial. Nesta tesitura, cunha ditadura que aínda mantiña un forte control das manifestacións culturais, o traballo dos cineclubs

galegos veu a modernizar a relación de Galicia co discurso audiovisual actual, e sobre todo contribuíu a desenvolver unha incipiente cinematografía propia.

1985. TVG. Televisión de Galicia.

A televisión chega a España en 1956, nunha data tardía en relación aos países do seu contorno. E non é ata 1971, coa creación dun centro territorial localizado en Compostela, que podemos falar dunha presenza continuada de TVE en Galicia. Nun principio a súa tarefa principal consistía en enviar á sede central de Televisión española en Madrid, noticias acaecidas en Galicia que puideran ser de interese en distintos programas da programación da época. En 1973, pónense en marcha as desconexións territoriais co fin de emitir espazos informativos propios. Co fin da ditadura, o centro territorial comeza a ofrecer as súas emisións en galego, sendo polo tanto, o primeiro medio audiovisual en empregar esta lingua de forma continuada. A importancia dos centros territoriais comeza a diminuír a partir da aparición dos canais autonómicos nos anos 80, coa excepción do catalán.

A aprobación dos estatutos de autonomía das comunidades históricas, Cataluña e País Vasco en 1979, e Galicia en 1980, favorecerá a aparición de televisións propias nesas comunidades, coa finalidade fundamental de consolidar e normalizar o uso da lingua propia. No noso caso, o parlamento galego aproba a lei de creación da Compañía de Radio Televisión de Galicia en 1984, comezando as súas emisións, ao ano seguinte, escollendo a data emblemática do 25 de xullo, día de Galicia. A programación regular foi aumentando ata chegar en setembro ás 39 horas semanais de emisión.¹

A TVG segue na súa creación o modelo das televisións autonómicas vasca (Euskal Telebista, ETB) e a catalá (TV3), que a súa vez inspirábanse no seu referente máis achegado, Televisión Española, que a súa creouse seguindo o modelo da BBC, e dicir unha televisión pública, xeneralista, cunha oferta ampla, atendendo aos diversos intereses da poboación, e cunha

importante produción propia. O esforzo inicial da TVG pasou por desenvolver infraestruturas e instalacións, equipamento e persoal propio. Porén o orzamento inicial da TVG non permite ofertar unha programación que abrangue todos os formatos, priorizando a faceta informativa, cuxo control por parte dos partidos no goberno, adoita ter unha importancia fundamental, sinaladamente no caso de televisións públicas, e o goberno de Galicia non foi unha excepción neste caso. Desta forma foi quedando, nun inicio, a ficción propia fora das súas posibilidades orzamentais. Neste período inicial recurrírase á ficción foránea, favorecendo a aparición dunha industria da dobraxe en Galicia.

Entre 1987 e 1989, prodúcese un cambio de goberno a partir dunha alianza entre socialistas e nacionalistas, que darán un novo impulso á produción propia. Este apoio decidido será fundamental para acadar en 1989 a estrea comercial das tres longametraxes que darán lugar a inauguración da nova etapa da cinematografía moderna galega, *Urxa*, de Carlos A. López e Alfredo García Pinal, *Sempre Xonxa*, de Chano Piñeiro e *Continental*, de Xabier Villaverde. Pero ademais, entre 1989 e 1990, Xosé Cermeño e Miguel Piñeiro dirixirán a primeira coprodución entre TVG e Galaxia Comunicación, *Os outros Feirantes*, seis capítulos de media hora de duración, baseados en pequenos relatos da obra do mesmo título de Álvaro Cunqueiro. Desta forma, a ficción seriada en Galego aparece da man dunha pequena antoloxía de capítulos independentes entre si. A serie foi emitida semanalmente entre maio e xuño de 1990. De resultado irregular, quizais en opinión de José María Folgar de la Calle, pola dificultade de trasladar á pantalla unhas narracións cunha forte característica literaria, baseadas sobre todo na descricións dos personaxes e non na estrutura do relato.

Tras este escaso éxito inicial, haberá que esperar ata mediados da década dos 90, para que a TVG desenvolva o seu papel de dinamizador fundamental da ficción audiovisual galega.

O desenvolvemento da ficción seriada galega ven da man do éxito e demanda das series a nivel español, coa irrupción das televisións privadas, e está en consonancia coa importancia que tamén teñen as televisións autonómicas que producen series de ficción, ademais da TVG, TV3, ETB e Canal Sur, e o apoio dos seus gobernos respectivos ás produtoras radicadas nos seus territorios.

Televisión de Galicia emprende en 1995, unha nova política de impulso ao audiovisual galego poñendo en marcha unha serie de proxectos de apoio á ficción. En 1999, o parlamento aproba a Ley do Audiovisual de Galicia, na que o sector audiovisual pasa a ser considerado como estratéxico para o desenvolvemento cultural e económico da comunidade. De forma paralela, tamén en 1999 a FORTA, a federación de televisións autonómicas, subscribiu un acordo de colaboración coa FAPAE, a Federación de Asociacións de Produtores Audiovisuais de España, para o desenvolvemento da produción audiovisual, que se traduciu nun importante apoio económico por parte das televisións ás produtoras. Pero sen dúbida será a elevada audiencia das primeiras series de éxito, Pratos Combinados (1995-2006) e sobre todo Mareas vivas (1998-2003), as que dispararán á produción de series en Galicia, ao demostrar, tanto a capacidade e madurez da industria audiovisual galega, xa nesas alturas, para acometer proxectos que podan competir en pe de igualdade coa ficción elaborada no resto das canles españolas, como para amosar o interese dos espectadores da TVG por producións elaboradas en Galicia, con actores galegos e ambientacións e temáticas localistas. E farán da TVG unha das televisións que máis horas adicarán á ficción propia.

1985. AAAG. Asociación de Actores e actrices de Galicia.

En 1985 constituíuse a asociación que viría a unir aos profesionais que se adicaban ao teatro en Galicia A ADTEG, a Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia. Os actores profesionais galegos viñan desenvolvendo o seu traballo principalmente no eido do teatro. A aparición da televisión de Galicia abrirá novas expectativas de cara a un posible aumento das opcións laborais, que pronto se verá decepcionadas pola escasa capacidade e interese da TVG por desenvolver a produción de ficción propia na etapa inicial da canle. Só o campo da dobraxe favorecerá o desenvolvemento dunha industria incipiente que absorberá, nun principio, boa parte dos seus traballadores. Será a mediados dos 90, cando a Televisión de Galicia aposte pola súa propia ficción, cando finalmente se abran novas posibilidades de traballo para o sector da interpretación en Galicia.

O teatro galego comeza a súa profesionalización entre finais dos anos 70 e principios do 80. Unha boa parte deses profesionais, estiveran traballando desde eses anos, en pequenas compañías comprometidas co teatro independente, fóra dos circuítos estatais máis comerciais. En 1984 iníciase o desenvolvemento do teatro institucional, coa creación do Centro Dramático Galego.

Un ano despois, os actores decidiron asociarse, unir forzas, desde un sector cun forte compromiso coa defensa e o desenvolvemento da lingua e cultura galegas. A asociación, ten sede en Santiago de Compostela e elixe unha xunta directiva, por un período de dous anos, de forma asemblearia. Economicamente, aliméntase das contribucións dos honorarios dos membros e subvencións dos organismos oficiais. Fundamentalmente céntrase na defensa dos

intereses laborais e profesionais dos seus socios, tendo neste sentido unha grande importancia na elaboración e defensa de convenios colectivos.

Co fin de dar unha maior visibilidade ao traballo da escena profesional galega, a asociación desenvolve os seus propios galardóns, os premios de teatro María Casares, que se conceden dende 1997. Outra función importante da asociación é a organización de sesións de teatro e conferencias audiovisuais nas que se debaten os temas fundamentais que preocupan a profesión. Tamén se encarga de organizar cursos e obradoiros de formación, que ao principio da asociación foron moi importantes para cubrir a carencia dos estudos regulados no campo da interpretación en Galicia, unha necesidade que non quedou satisfeita ata a creación da Escola Superior de arte Dramática de Galicia en 2005.

No ano 2006 os actores de dobraxe, decidiron escindir-se para crear a súa propia asociación, APRADOGA, Asociación de profesionais da rama artística da dobraxe de Galicia. E no ano 2007, serán os técnicos de escena os que deixarán a asociación, co fin de formar, xunto cos do audiovisual, a súa propia asociación, ATEGA, co propósito de desenvolver un convenio que mellorara as súas condicións contractuais, e mitigara a precariedade laboral do sector.

A partir de entón a Asociación resultante pasará a ser unha organización de representación dos intereses exclusivamente dos intérpretes, pasando a denominarse Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG),

1991. EIS. Escola de Imaxe e Son de A Coruña. CIFP Imaxe e Son.

A necesidade da creación dun centro de formación audiovisual en Galicia, foi unha reclamación que apareceu periodicamente nos debates e xornadas audiovisuais, que se viñeron celebrando en Galicia desde mediados dos anos 80. En 1988 estableceuse un seminario permanente con José Luis Mira , Pepe Coira Nieto, Manuel Abad Abad, Xosé Búa González, Manuel González Álvarez, Antonio Río, Félix Casado Núñez, Víctor Algibay, Xosé Luis Mohar Rivera e Félix Rodil. En setembro de 1989, convocouse un concurso público para adxudicar as obras que darían lugar á Escola de Imaxe no recinto que ocupaba a Escola de Formación Profesional Acelerada, desde 1960, nos arredores da cidade da Coruña, entre os barrios de Martinete e Birloque e moi preto do barrio de Elviña. Este gran recinto converterase no futuro no Instituto de Formación Profesional, actualmente, Centro Integrado de Formación Profesional de Someso, e unha pequena parte das súas instalacións serán adxudicadas á Escola de Imaxe e Son.

En xaneiro de 1990 publicouse no Boletín Oficial de Galicia, o decreto polo que se crea a Escola de Imaxe e Son. E despois, o 23 de febreiro dese mesmo ano, publícase no Boletín Oficial do Estado a regulación do módulo de operacións de imaxe e son, que conformará o primeiro plan de estudos do centro. Ao longo dese ano continuarán accións preparativas como a compra e adquisición de equipos e a contratación de profesorado, abrindo o centro o 14 de febreiro de 1991.

Nunha primeira etapa escolar, os alumnos accedían ao centro mediante unha proba específica de coñecemento audiovisual. Os estudos tiñan unha duración dun ano, obtendo o título de técnico especialista en operación de programas audiovisuais, con catro itinerarios formativos

diferentes. Por un lado, os estudos de produción e realización, que se impartían na mesma liña educativa, os de imaxe, os de son e os de montaxe. Na constitución do programa de estudos, o primeiro equipo educativo tivo en conta a necesidade de crear un modelo innovador, incorporando prácticas de éxito doutras escolas europeas. Concretamente, apostouse por unha formación integrada, baseada en proxectos, tentando reproducir a práctica profesional da forma máis precisa posible. Deste xeito, constituíanse grupos de traballo formados por estudantes das distintas especialidades, formaron un único equipo, que abordaba desta forma as actividades prácticas. Esta primeira etapa caracterizouse polo carácter experimental do centro e das súas actividades, e a alta preparación de moitos dos seus alumnos, que, ao ter que superar unha proba de acceso, nun centro moi demandado dado o seu carácter excepcional no modelo educativo español, incorporábanse aos estudos con grande interese e a miúdo amplos coñecementos do sector audiovisual.

A comezos dos noventa, a escaseza de escolas especializadas no ámbito audiovisual e a demanda destes profesionais, tanto das televisións autonómicas, como das novas emisoras de televisión privadas, contribuíron a que gran parte dos estudantes desas primeiras promocións, procederan non só do territorio galego senón tamén doutras partes de España.

O modelo da Escola de Imaxe e Son da Coruña replicarase noutros centros educativos no ámbito da formación profesional, axudando a normalizar a formación dos profesionais do sector audiovisual en Galicia. Actualmente, a formación profesional no sector audiovisual multiplicouse e diversificouse en toda Galicia, integrada dentro da familia profesional de Imaxe e Son, que inclúe un grao medio e cinco graos superiores.

O grao medio de Vídeo- disc-jokey e son, impártese en tres centros de ensino secundario, en Ferrol, Noia e Santiago de Compostela, no CIFP A Farixa de Ourense, e no IES Audiovisual de Vigo.

Os cinco ciclos superiores, Animacións 3D, xogos e contornos interactivos, Iluminación, captura e tratamento de imaxes, Produción de audiovisuais e espectáculos, Realización de proxectos e espectáculos audiovisuais, e por último, Son para audiovisuais e espectáculos, impártese na Escola de Imaxe e Son, (actualmente Centro Integrado de Formación Profesional de Imaxe e Son). Os catro últimos tamén se imparten no IES Audiovisual de Vigo, unha réplica do centro coruñés que se creou en Vigo para atender a demanda do sur de Galicia. O ciclo de produción tamén se pode realizar no centro A Farixa de Ourense. A esta oferta pública, hai que engadir dous centros privados, o CPR O Raio Verde de Santiago, onde se imparte o ciclo de Produción, e a Escola de Imaxe e Son de Vigo.

A formación especializada complementarase posteriormente coa incorporación en Galicia dos estudos de comunicación audiovisual, nas tres universidades galegas, xunto a un mestrado en produción audiovisual en colaboración entre a Universidade da Coruña e Voz Audiovisual. Todos estes centros de formación contribúen a formar a un gran número de futuros profesionais capaces de apoiar o tecido produtivo da nosa comunidade. É posible que haxa unha certa formación excesiva de alumnos, en relación coa capacidade da industria para incorporar a un número tan grande de profesionais, pero é innegable o gran avance na formación que se produciu dende principios dos 90, sen o cal non se podería comprender a capacidade actual de produción da industria audiovisual galega.

1991. CGAI. Centro galego de artes da imaxe.

o 15 de marzo de 1991, fúndase o CGAI, o Centro Galego de Artes da Imaxe, unha institución da Xunta de Galicia creada para catalogar, recuperar, custodiar e difundir as producións e obras do patrimonio audiovisual e fotográfico galego. A filмотeca de Galicia, ven desde o momento da súa inauguración, programando proxeccións, conferencias, estreas e cursos nas súas instalacións da Casa da cultura Salvador de Madariaga na Coruña. O CGAI, consta cunha mediateca e unha sala de proxección, ademais das instalacións do arquivo.

Desde 1999 a filмотeca galega forma parte da Federation international des archives du film, FIAF, a asociación fundada en 1938 que arrexunta, a nivel mundial, as institucións adicadas á conservación e difusión do patrimonio cinematográfico.

Desde primeiros da súa fundación, o CGAI apostou polo eido da formación, organizando os seminarios e obradoiros “Cero en conducta”, en colaboración coa Escola de Imaxe e Son, que facilitaron o contacto dos profesionais galegos con grandes figuras do audiovisual a nivel nacional. Tamén colaborou no seu inicio, na organización das xornadas sobre animación e imaxe de síntese, “Mundos Dixitais”, que achegaron o audiovisual galego ao mundo da animación por ordenador. Tamén contribuíu á organización dos primeiros seminarios que puxeron en contacto aos produtores galegos cos programas europeos do audiovisual do European Audiovisual Entrepreneurs (EAVE), contando para iso colaboración do produtor e director, Enrique Nicanor.

A irrupción do CGAI, significou un importante impulso para a institucionalización do audiovisual galego, ao normalizar a industria galega con outras industrias do noso entorno.

Non so polo feito de atender ás obrigas propias dunha filmoteca, en canto a recuperación e custodia das producións do territorio, senón tamén polo respaldo institucional, sobre todo nos primeiros anos da súa constitución, a toda unha serie de actividades, como as de formación que comentábamos máis arriba, que contribuirán en certa medida a visibilizar a consolidación dun sistema audiovisual propio desde a perspectiva da produción, e a pesar da súa reducida escala, vinculada en pe de igualdade con outras cinematografías e industrias audiovisuais. En certa medida, xunto a TVG e o sistema formativo que comeza pola EIS, non cabe dúbida que contribuíron en gran medida a facer crible a idea de que Galicia podía contar cunha industria audiovisual propia.

1994. AGAPI. Asociación Galega de Productoras Independentes.

En 1994, a industria audiovisual galega alcanza xa un importante grao de madurez, que leva ás produtoras galegas a buscar asociarse para poder traballar en pro dos seus intereses dunha forma máis efectiva. Así nace Agapi, a Asociación Galega de Produtoras Independentes, que é unha asociación empresarial que agrupa produtoras da industria do cine e da televisión, a publicidade e os servizos especializados á industria.

A asociación de produtoras independentes, foi a primeira entidade en organizar uns premios que abrangueran o traballo de toda a industria audiovisual co fin de incrementar a súa visibilidade, seguindo o modelo do referente moderno da industria norteamericana. Os premios Agapi, que así se chamaban, entregados entre 1996 e o ano 2001, foron o precedente directo dos actuais Mestre Mateo. Posteriormente a Asociación, cedeu este papel organizativo á Academia Galega do Audiovisual, institución que tamén se impulsou desde as filas de Agapi. Esta asociación, tamén facilitou a creación do Clúster Audiovisual Galego, co fin de impulsar a intelectualización dos seus produtos.

En 2004, organizou a primeira presenza das produtoras galegas no MIPCOM, o gran mercado mundial de contido televisivo e dixital, de Cannes, o que sinala de novo un punto de inflexión na madurez da industria audiovisual galega.

É habitual a súa presenza en foros de decisión política relacionados co audiovisual e o seu financiamento, como no proceso para elaboración da Lei Estatal do Cine de 2007.

tamén fai unha labor moi interesante na recompilación de información sobre a industria audiovisual, que pon a disposición dos profesionais, a través dos seus informes e anuarios.

1997. AGAG. Asociación sindical galega de guionistas.

En 1997, créase a Asociación Galega de Guionistas, que mudará posteriormente en outubro de 2016 o seu nome, e se constituirá como asociación sindical, remarcando con iso o aspecto de protección laboral dos seus asociados.

Non cabe dúbida, de que a finais dos anos 90, os guionistas xa detectan a necesidade de asociarse para velar polos seus intereses laborais e o marco das súas contratacións; este proceso en si mesmo, e outro dos elementos significativos que nos falan da madurez da industria audiovisual galega nesa altura.

A Asociación nace co obxectivo fundamental de acabar coa precariedade laboral dos guionistas no emerxente tecido audiovisual da época. A representación e defensa dos intereses do colectivo, no eido laboral e profesional, pasará a ser a trabe fundamental do seu traballo, pero non único, a formación continua dos profesionais, a través da organización de seminarios, e a organización de actividades que incidan na visibilización do traballo dos guionistas, tamén conforma o seu plan de traballo.

2002. CREA. Asociación de Directores e Realizadores de Galicia.

O turno dos directores e realizadores chegará en 2002, cando crean unha asociación profesional, que os agrupe e defenda os seus intereses. Desde a asociación promoven o traballo dos seus asociados, e buscan establecer vínculos con outras organizacións profesionais. Ao redor de 150 directores e realizadores conforman actualmente a asociación.

A pertenza a esta asociación, como á maioría das asociacións profesionais deste tipo, precisan que a obra na que se traballou fora estreada, comunicada publicamente, en calquera forma de explotación, canles de televisión, plataformas en streaming (exceptuando as xenéricas de Internet, tipo YouTube), ou proxectadas en espazos públicos.

2002. Academia galega do audiovisual.

Ao longo de 2002, as asociacións profesionais do audiovisual galego, a de guionistas (AGAG), a de directores e realizadores (CREA), a de actores (AAAG), e a de produtoras independentes, (AGAPI), reuníronse co fin de concretar a creación dunha academia galega do audiovisual. O modelo de referencia non podía ser outro que o da *Academia de las Artes y las Ciencias Cinematográficas de España*, que desde 1986, constituída como asociación de profesionais adicados ás distintas especialidades da industria cinematográfica, velan polos intereses dos profesionais, analizan a situación da industria e promocionan o cine español, e que entre outras actividades organizan os premios anuais da cinematografía, os premios Goya.

A asemblea fundacional levouse a cabo na casa do Consulado, na Coruña, o 30 de maio de 2002. unha das primeiras actividades nas que se pon o foco, sería a entrega dos premios do audiovisual, que a partir de 2003, pasaron a ser organizados pola Academia, co nome de Premios Mestre Mateo.

A sede oficial da Academia, emprazouse na casa do Consulado da Coruña, ata o ano 2018, no que se trasladou ao Centro Ágora, tamén na Coruña.

2003. Clag. Cluster audiovisual galego.

Un paso máis na consolidación dunha industria audiovisual propia, foi a creación do Cluster audiovisual galego, no ano 2003, acción estratéxica das produtoras galegas, co fin de incorporar á cadea produtiva innovacións tecnolóxicas, novos procesos de produción e favorecer a incorporación dos seus produtos a novos mercados.

O traballo do Cluster audiovisual galego céntrase en dúas liñas principais. Por unha parte o fortalecemento do mercado propio, favorecendo unha rede relacional entre fornecedores de ideas e produtoras e distribuidoras que os podan desenvolver. Entre os proxectos máis sinalados que responden a esta finalidade, atópanse a organización de xornadas de *pitching*, con distintas configuracións, entre as que destacan as que se organizan de forma anual “I+P Ideas para producir”, co apoio do Agadic e o Igape, no que se poñen en contacto creadores de proxectos audiovisuais en distintas fase de desenvolvemento, con produtoras, distribuidoras e canais de televisión, buscando favorecer acordos comerciais entre as partes, que permitan a venta, ou o desenvolvemento de novos proxectos.

Por outra parte o clúster intentará tamén incrementar as posibilidades de venta dos produtos audiovisuais galegos. Con este fin, destacan as misións comerciais, que procuran achegar os produtos dos seus asociados a distintos mercados internacionais, como o MIPCOM de Cannes, IBC de Amsterdam, European Film Market de Berlin, etc. Tamen se organizan misións inversas, nas que son invitadas produtoras e distribuidoras doutros países a Galicia para que coñezan de primeira man a nosa industria e os seus produtos, co fin de favorecer os contactos que permitan incrementar as vendas de dereitos, coproducións e acordos de colaboración.

2005. ESADg. Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Numerosas iniciativas teñen lugar no terreo da formación de interpretes no eido rexionalista e nacionalista, desde principios do século XX, como a Escola Rexional Galega de Declamación en 1903, o Conservatorio Nazonal de Arte galego en 1919, ou a Escola Dramática Galega en 1922. O golpe de estado de 1936, e a posterior ditadura, interromperon bruscamente todas estas iniciativas. Xa en democracia volven a aparecer esforzos neste sentido como a refundación da Escola Dramática Galega en 1978.

A ESADg foi inaugurada en Vigo en 2005, recibindo o seu nome definitivo ao ano seguinte. O primeiro curso empezou a andar en setembro de 2005, coas especialidades de Interpretación textual e Dirección escénica, ás que se engadiu en 2008 Dramaturxia en 2009 Escenografía e en 2012 Interpretación xestual.

A inauguración da ESADg veu a normalizar a formación en interpretación en Galicia, completando a preparación actoral que se viña impartindo previamente de forma non regrada, cun itinerario educativo adaptado ao espazo de educación superior europeo.

2008. AGADIC. Axencia galega das industrias culturais.

A Axencia galega das industrias culturais, créase en 2008. Ven a substituír ao Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, o IGAEM, creado en 1989, e que durante dúas décadas será a institución cultural da Xunta de Galicia máis complexa e organizada do ámbito cultural, froito da evolución do seu traballo ao longo deses anos, dun goberno que tiña coa cultura galega unha relación complicada.

Durante eses anos, o IGAEM centrábase, como o seu nome indica, no apoio ás artes do espectáculo, teatro, danza e circo. E contaba xa, cunha serie de programas moi desenvolvidos, como a Rede Galega de Teatros e Auditorios, o Centro de documentación, ou a Feira das Artes Escénicas de Galicia, así como os programas de axudas á produción e distribución. Por outra banda, tamén dependían de el, os centros de produción, como o Centro Dramático Galego, na súa sede do Salón Teatro de Santiago, a Escola de altos estudos Musicais, o Grupo de Musica Tradicional, ou o Centro Coreográfico Galego. Para a súa creación, o IGAEM tivo como modelo o Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música, o INAEM, o seu equivalente nacional, ao que ademais de semellarse no nome, tamén o facía na súa estrutura e cometidos, a unha escala máis reducida.

A principios do século XXI xurde un novo tipo de institución, que vai pretender aglutinar todas ás áreas do eido cultural nun único centro de xestión. O modelo de referencia será o *Conseil des arts et des lettres du Québec*, CALQ, fundado en 1994 polo goberno desa rexión canadense. A cultura francófona en Quebec, sufría os efectos de ser unha cultura minoritaria no mesmo Canadá, pero a ista situación de partida xa de por si complicada, había que engadir a forte exposición á poderosa maquinaria cultural norteamericana, tamén en inglés. A

supervivencia das manifestacións culturais en lingua francesa, estaban moi comprometidas. Por iso a idea de apostar por concentrar os esforzos do goberno nunha única institución, que coordinase as iniciativas de apoio e apostara por unha visión de conxunto de todas as industrias culturais, parecía unha boa idea. O modelo quebequense atraeu a atención das autoridades catalás á hora de orientar as súas políticas culturais, ao atopar paralelismos entre a situación de Quebec e a súa cultura, fronte ao goberno canadense e o seu mercado conxunto, dominado polo lingua inglesa, e a cultura catalá no conxunto das españolas e do mercado dominado polo castelán. Así nacerá o *Institut Català de les Empreses Culturals*, ICEC, un centro creado para apoiar ás empresas e profesionais da cultura, con departamentos que desenvolverán o seu traballo divididos en distintas áreas. Por unha parte atópase a area das artes visuais, que apoia ás galerías e feiras de arte, e a participación destas en mercados internacionais. A área audiovisual, da que dependen unha serie de subvencións e axudas á industria. A área do libro, traballando para reforzar o mercado interior, fortalecendo a oferta e incrementando a demanda, e reforzando así a industria editorial. A área da música, con axudas a grandes festivais e festivais públicos. A área das artes escénicas, que concentra os seus esforzos no teatro a danza e o circo, con axudas á produción, explotación, difusión, promoción, e á mellora de infraestruturas. E por último un área dixital, co fin de poder apoiar todas as actuacións relacionadas coas novas tecnoloxías dixitais, como videoxogos, transmedia ou implementación dixital. Tamén a Filmoteca de Catalunya é xestionada desde o ICEC.

Así en 2008 un novo goberno, formado por socialistas e nacionalistas, que quere levar a cultura ao centro das súas políticas, reconvirte o IGAEM nunha nova institución, a Axencia galega das industrias culturais, AGADIC, que seguindo os modelos quebequés e catalán, engadirá ás funcións do IGAEM, a industria audiovisual, e a xestión do CGAI.

8. As series galegas de ficción televisiva.

Na década dos 70, anos finais da ditadura franquista e primeiros da transición democrática, vaise producir un intento de recuperación da produción cinematográfica galega, nalgúns casos incluso cun marcado discurso identitario, que pretendía sentar as bases para a elaboración dunha cinematografía propia. Son anos onde a progresiva recuperación das liberdades implica unha maior presenza da política na sociedade que, á súa vez, influirá de maneira determinante no eido da produción cultural.

O cine galego, inmerso nun proceso xeral de renovación doutras cinematografías mundiais, como a brasileira ou a alemá, o desexo de elaborar un discurso cinematográfico propio vaise inserir nun proceso xeneralizado de formulación dun novo cine alternativo e libertario que en Galicia vai abranguer nalgúns casos posicións galeguistas.

Estes primeiros intentos, producidos fóra dos circuítos comerciais e á marxe da industria, elaborados con poucos recursos e medios, nacerán da man de pequenos colectivos de cineastas afeccionados que conformarán unha serie de grupos cos que partillar as súas experiencias na produción. Os principais colectivos que sairán deste proceso, serán o Grupo Lupa, o Grupo Enroba e o Grupo Imaxe (Castro de Paz e Cabo, 1996).

Máis tarde virán as primeiras producións de longametraxe, con “Urxa” (1989) de Carlos Piñeiro e Alfredo García, “Sempre Xonxa” (1989) de Chano Piñeiro, e “Continental” (1990) de Xavier Villaverde, apostas valentes cando en Galicia había unha carencia absoluta dos elementos máis elementais que permitirían desenvolver unha industria audiovisual. Esta nacerá integrando os distintos elementos que permitirán o seu rápido desenvolvemento; como

por exemplo o fenómeno da progresiva profesionalización do teatro galego, que se viña producindo desde finais dos 70 e principios dos 80, e que vai a permitir a aparición dun importante recurso humano no ámbito da interpretación.

O particular espazo cultural que crea a lingua propia de Galicia, minorizada, permitiu a xustificación e pronta aparición dunha televisión autonómica; será a inauguración da TVG, en 1985, o elemento máis importante sobre o que xirará a consolidación do noso sector produtivo, pois con ela aparece a demanda de produtos en galego para alimentar a programación, favorecendo a aparición, primeiro, dunha serie de empresas de servizos, comezando pola dobraxe e, despois, de empresas de produción audiovisual, o que permitirá co tempo desenvolver contidos propios de ficción. En certa medida, a produción de series dramáticas para televisión virá a ocupar o lugar da produción continuada de cine en Galicia coa que se soñaba nesa altura.

Despois virá a creación da Escola de Imaxe e Son de A Coruña que axudará a formar aos profesionais desa incipiente industria. A creación dunha escola técnica de formación audiovisual nesas etapas iniciais e o pioneiro sistema experimental de estudos que se adoptou, baseado en modelos educativos estranxeiros, pronto imitados a nivel nacional, abasteceu de man de obra cualificada este xermolo empresarial.

A transferencia de rendas do sector público ás empresas privadas a través das subvencións, que se xustifican de novo pola necesidade de preservar a lingua galega, consolidaron este crecemento empresarial. O audiovisual galego xorde e nútrese durante case unha década, practicamente da actividade subsidiaria da radiotelevisión autonómica. A mediados dos anos 90 creáronse unha media de 11,4 empresas por ano. O informe do audiovisual galego de

2003, fala con datos de 2001, dun total de 226 empresas adicadas á industria audiovisual que facturaban 97.740.244 de euros (Uschinsky, 2005). Deste conxunto de empresas unhas 150 eran produtoras. A maior parte delas pequenas empresa cun pequeno volume de negocio. Unhas poucas fixéronse o suficientemente grandes como para afrontar a produción de series de televisión soas, ou en colaboración con outras produtoras, ou coa Televisión de Galicia; entre estas produtoras, compre destacar, Pórtico, Zenit, Zopitole, Ficción Producciones, Continental, Filmanova, Ctv, La Región, Faro Tv e Voz Audiovisual.

Como víamos anteriormente, a produción de series de televisión vai desenvolver un certo tecido empresarial e consolidar o traballo dunha serie de produtoras que enfrontarán a produción de series de televisión. A relevancia dalgunhas destas empresas merecen un desenvolvemento máis polo miúdo. As máis salientables polo número de producións e volume de negocio son: Continental Produccións, CTV, Filmanova, Zenit e Voz Audiovisual. Mencionaremos tamén dúas produtoras de tamaño medio, Formato e Portocavo, chegadas máis tarde á produción de series de televisión, e un caso particular de produtora galega que decide lanzarse á produción de series para os grandes canais de Televisión nacionais, Bambú.

Continental Produccións é unha desas primeiras produtoras que nacen co desenvolvemento do negocio audiovisual en Galicia. No seu momento de maior desenvolvemento contaba con sedes na Coruña e Madrid e estaba dedicada¹ á produción audiovisual nas súas cinco áreas de negocio: cine, televisión, publicidade, animación e consulting. Continental nace no ano 1990 fundada por Pancho Casal na área de produción e Xavier Villaverde na de realización. Profesionais que viñan durante os anos oitenta, desenvolvendo traballos de videocreación, publicidade e videoclips.² Desde a súa creación, Continental mantivo a súa produción diversificada, ao abranguer longametraxes, películas para televisión, series de ficción,

programas, documentais e anuncios. Iniciou tamén unha política de coproducións con importantes produtoras nacionais (Hueso, 2006). A empresa foi medrando e ampliando o seu accionariado a inversores financeiros galegos, como os grupos Rosp Corunna e R.E.E.F., así como as sociedades Gescaixa Galicia e Xesgalicia.

A produtora **CTV Servizos Audiovisuais**³ nace en 1985 co obxectivo de se converter nunha produtora de referencia no sector audiovisual, tanto no campo dos servizos como no da produción de contidos. A produtora forma parte do Grupo Araganey que ten as súas oficinas centrais en Santiago de Compostela e que está formado por unhas 12 empresas pertencentes a distintos sectores de actividade, destacando o ámbito da hostalería, como o hotel Meliá Araganey e diversos restaurantes. No sector audiovisual, o grupo comprende varias empresas, a máis importante das cales é a produtora CTV. Galaxia Comunicación, Vídeo Galicia, Intereuropa TV, Comunicación Sur (SURCO) e Comunicación Global (publicidade e multimedia) tamén están adscritas a este grupo. CTV abarca desde a preprodución ata a postprodución de audiovisuais,⁴ pasando pola dobraxe e o alugueiro de equipos a terceiros. Traballa principalmente con Televisión de Galicia,⁵ aínda que os seus clientes proceden de todo o Estado e, mesmo, de Latinoamérica.

Filmanova⁶ é un grupo empresarial de produción audiovisual formado na actualidade por tres compañías, Filmanova S.L. (sociedade de xestión e de produción, creación de contidos e servizos de cine e TV), Filmanova Show S.L. (produtora especializada en TV musical, publicidade e formatos de TV e press junkets) e Filmanova Invest S.A. (sociedade de financiamento de cine). Filmanova créase despois do éxito acadado en Galicia pola serie “Mareas Vivas”;⁷ daquela Antón Reixa e un núcleo de profesionais (Beatriz del Monte, Xosé Morais e Cani Martínez), fundan e desenvolven desde novembro do 1999, Portozás Visión,

S.L. para continuar no ámbito da produción televisiva e ampliar a súa actividade ao cine. No ano 2001 a entidade financeira Caixanova⁸ súmase a compañía que, desde 2003, pasa a denominarse Filmanova S.L. Posteriormente incorpóranse tamén como socios Galeban 21 Comercial (Banco Gallego) e Udramedios (Grupo San José). A especialización e a diversificación dentro da produción audiovisual determinaron a aparición de Filmanova Show e de Filmanova Invest S.A. Actualmente a compañía conta con oficinas en A Coruña e Madrid.

Zenit Televisión foi fundada en 1998 por Gestmusic Endemol e Zaza Ceballos, a súa actual directora xeral. Gestmusic Endemol posúe o 75% do capital da empresa e Zaza Ceballos posúe o restante 25%. Zenit Televisión está especialmente centrada na produción de series e miniseries.⁹ Gestmusic Endemol desenvolve a súa actividade na produción de ficción de televisión a través de Zenit Televisión, tanto para o mercado español e de fala hispana como para o mercado internacional. Zaza Ceballos, a súa directora, traballou para Televisión de Galicia (TVG) de 1985 a 1998. Alí realizou diferentes tarefas como Xefa de Adquisicións e Supervisora de Dramas. O grupo Endemol, pola súa parte, é unha produtora de televisión española fundada en 1987 polo trío de cómicos e cantantes *La Trinca*. Esta produtora comezou facendo producións para a televisión catalá e posteriormente para televisións de ámbito nacional, consolidándose no panorama da produción española cos éxitos de “Crónicas marcianas” e “Operación Triunfo”. Actualmente a empresa pertence ao grupo Mediaset.

Voz Audiovisual S.A. é unha empresa que pertence ao grupo Corporación Voz.¹⁰ Desde a súa creación en 1985 a empresa consolidouse como unha das principais compañías do seu sector en Galicia, ao se especializar en poucos anos na creación de series de televisión, programas de entretemento, telefilmes, longametraxes e documentais. Moitas das series de

ficción¹¹ producidas por Voz Audiovisual tiveron moito éxito de audiencia, desde “Mareas Vivas” ata “Matalobos” ou “Padre Casares”, pasando por “Terra de Miranda”, “As Leis de Celavella” ou “A Vida por diante”. Porén, a actividade de Voz Audiovisual non está só ligada a Galicia; tamén foi a encargada do desenvolvemento e deseño da serie “Desaparecida”, emitida por TVE, así como da produción da serie “Nada es para siempre”, emitida por Antena 3. A aposta televisiva desta produtora non só se limita ao mundo da ficción, tamén acadou unha certa importancia noutros xéneros como o documental e os programas de humor e entretemento como “A Terra dos prodixios”, “Son de estrelas”, “Con perdón”, “Perdelo todo”, “As favoritas”, “Mundo Verbena”, “Son de verán” e “Buscando Estrelas”; algúns destes formatos chegaron a ser vendidos a outras televisións autonómicas. Voz Audiovisual tamén desenvolveu a produción de telefilmes para televisión e producións cinematográficas.

A produtora **Formato Produccións** nace en 1989¹² é, polo tanto, unha empresa cunha longa traxectoria adicada a produción audiovisual en Galicia. É unha empresa de tamaño pequeno pero moi consolidada no noroeste peninsular cunha gran cantidade de proxectos realizados.¹³ Formato é unha produtora que aborda todo tipo de traballos, desde series documentais, longametraxes, comunicación corporación, publicidade, etc. Entre as súas producións destacan numerosas series documentais, como “Os extraordinarios” (2001-2014), “Mundos Cativos” (2006), “Amaneceres” (2003) ou “Réxime Aberto” (2002). Documentais como “Rompendo a escuridade”, sobre Pedro Barrié de la Maza (2013), “Unha vida de cine”, sobre o cineasta Javier Ozores (2011), “Os Ancares” (2011) ou “Ramón Franco: O vo do plus ultra” (2011), e moi especialmente dado o tema do noso traballo, a serie de televisión “Hotel Almirante”, un intento por achegarse á produción de series de televisión, a partir da conversión nunha miniserie un proxecto tamén compatible coa exhibición como longametraxe.

Portocabo é unha produtora coruñesa fundada en 2010.¹⁴ Foi creada polo produtor Alfonso Blanco, que participara en series como “Mareas Vivas”, “Padre Casares”, “Matalobos” ou a serie documental “Galegos no Mundo”. Actualmente, son os responsables de “Grand Nord”, serie de comedia que coproducen con Veranda TV, para a televisión catalá. “The Avatars”, comedia xuvenil, estreada en Disney Channel Italia. “El viaje de Leslie”, documental da época nazi, sobre a morte do actor Leslie Howard e “Luci”, comedia para Televisión de Galicia, sobre a que nos ocuparemos máis adiante. Pero sen dúbida será o éxito de “Hierro”¹⁵ estreada en Movistar, a serie que catapultará a Portocabo a escena internacional, e abrirá as portas á colaboración directa con plataformas internacionais, como ocurrirá con “Augaseca”, coprodución con TVG, RTP e HBO.

A produtora **Bambú Producciones**, é un caso atípico dentro das produtoras galegas. De moi recente creación, foi fundada en 2007 por Ramón Campos e Teresa Fernández-Valdés¹⁶. Especializándose desde moi pronto en realizar proxectos de ficción, tanto para cine, como sobre todo para televisión, así como documentais. Comezou a traballar para os canais xeneralistas de ámbito nacional abarcando series de moi variada temática¹⁷, como o xénero histórico en “Hispania” e ”Imperium”, ou o melodrama familiar en “Gran Reserva”, o xénero policíaco en “Guante Blanco”, ou o thriller de investigación en “Gran Hotel”. Tamén son os responsables de series de éxito como “Seis Hermanas” ou “Velvet”, así como de “Refugiados”, una serie de ciencia ficción coproducida coa BBC; un proxecto gravado en inglés, que pretende facilitar o seu acceso aos mercados internacionais. Pero o gran éxito de Bambú, en relación coa proxección do audiovisual galego, foi sen dúbida, a serie “Fariña”, baseada no libro do periodista Nacho Carretero. que foi secuestrado uns meses por un xuíz, tras a demanda, finalmente desestimada, presentada por José Alfredo Brea Gondar, o que fora

alcalde de O Grove co partido popular, e condenado por asociación ilícita.

Ademais do seu éxito na televisión en aberto, a serie gozou dunha segunda vida grazas ao extreo en Netflix. Nos países non hispanofalantes, estreouse co título de "Cocaine Coast". Unha serie moi ben ambientada na Galicia dos anos 80. Rodada cun equipo Técnico e un elenco maioritariamente galegos. A trama relata os inicios do narcotráfico galego. O paso do contrabando de Tabaco nas rías, á marihuana e cocaína. Aparecen retratados na serie personaxes de todos os ámbitos, contrabandistas e narcos, policía e políticos, xuíces e habitantes das rías. Producida por Bambú e Atresmedia, e capitaneada por Teresa Fernández-Valdes e Ramón Campos, que Tamén foron responsables de "Velvet", "Gran Reserva", "Las Chicos del Cable", "La Embajada" ou "Gran Hotel". A serie está formada por unha Única Temporada composta por dez capítulos, cunha duración de entre 57 e 67 minutos.

8.1. A definición do catálogo das series de televisión galegas.

O primeiro problema á hora de desenvolver unha listaxe completa das series galegas, comezaba por determinar que producións a compoñerían. A inexistencia de estudos publicados neste senso, levounos a que como primeira tarefa en relación co presente traballo, intentáramos determinar o corpus de estudo. Comezamos por elaborar unha listaxe das series galegas de ficción, centrada nas series de imaxe real. Desta forma quedaban excluídas as de animación, dado que o seu sistema de produción é radicalmente diferente ao das series de imaxe real. En segundo lugar, cumpría delimitar outros criterios de selección das series, como poderían ser o sistema de distribución, xa que á parte da televisión, a aparición de Internet como plataforma de distribución, presentaba a posibilidade de incluír series nunca emitidas

en televisión en aberto, e que quizais non acadaban criterios de produción profesional, xunto a producións que, con ambicións dun produto de calidade profesional, utilizaban Internet como primeira fiestra de distribución, máis coa aspiración a ser emitidas dentro da programación convencional en televisión. Polo tanto, decidín elaborar dúas listaxes de series de televisión, unha que comprendería as series emitidas en televisión en aberto, e outra que incluíría as series distribuídas inicialmente en Internet.

Outro criterio de diferenciación importante no caso das series emitidas en televisión era a lingua de rodaxe. As series destinadas á televisión de Galicia rodáronse en galego e algunhas series de gran éxito, como “Mareas vivas” ou “Padre casares”, foron posteriormente traducidas ao castelán para ser emitidas en outras canles. Con todo, xa desde o inicio da produción galega de series, existían exemplos de series rodadas en castelán para outras canles como “Nada es para siempre”, que fixera Voz Audiovisual para Antena 3. O feito de estar rodada na Coruña con gran parte do elenco galego facía aconsellable incluíla. Pero exemplos como estes complícanse no presente, cando grandes series nacionais rodadas en castelán como “Hispania” ou “Gran Reserva”, aínda que rodadas fóra de Galicia, están feitas por unha produtora creada en 2007 por Ramón Campos e Teresa Fernández-Vales, profesionais formados na canteira de Voz Audiovisual.

Por outra parte, as series concibidas inicialmente para Internet, fóra da necesidade de utilizaren a lingua galega xa que non van ser emitidas pola TVG, guíanse fundamentalmente polo criterio de intentar acadar a maior audiencia potencial posible, polo que a miúdo optan polo castelán como lingua de produción. Desta forma optei por utilizar o criterio lingüístico da utilización do galego, como un criterio fundamental para a elaboración da listaxe de series

en aberto, e mantelo para a de series Web, aínda que elaboramos tamén un listado de series web en castelán, dado o seu interese.

Outros interesantes proxectos, “Aldán e Elva” (1991), “Machiños” (1997) e “Radiomacuto” (2006), non foron incorporados, na medida en que nunca chegaron a converterse en series de televisión, xa que só se gravaron como capítulos piloto. Desta forma os criterios de selección para a listaxe de series en aberto, serán os de series de televisión producidas en Galicia e en lingua galega na súa versión orixinal, e emitidas en televisión, independentemente de que puidesen utilizar outros medios de distribución. E na listaxe de series web, o criterio fundamental será o da súa produción inicial concibida para a distribución en Internet, en lingua galega e producidas desde Galicia.

Existen en Galicia unha serie de ficheiros que recollen información sobre series de televisión galegas e que, polo tanto, tamén poderían axudar a delimitar os produtos que deberían ser incluídos no catálogo, tomando como base aos criterios especificados antes. Cotexando os datos que aparecen nos distintos portais fomos elaborando un corpus común. Os portais consultados, foron o portal de televisión de Galicia, AVG Audiovisual galego (pertencente ao Consello de Cultura Galega), Galipedia, a Wikipedia en galego e a Axencia Audiovisual Galega. Nos anexos poden consultarse os comentarios detallados sobre a consulta a estas bases de datos e os materias seleccionados.

O resultado é a seguinte listaxe que recolle ás producións galegas que cumprían os requisitos que establecíamos previamente, cincuenta e nove series realizadas entre os anos 1986 e 2021, un verdadeiro logro da industria cultural galega que nos converte no terceiro foco da industria audiovisual española só por detrás de Madrid e Barcelona e por riba doutras comunidades con

maior poboación, ou nivel de renda máis elevado e, tendo ademais en conta, a carencia dun gran núcleo de poboación que concentre recursos de produción. Este fito, non convenientemente salientado, converte ás series de televisión, nun dos elementos fundamentais da nosa produción cultural, tanto en volume de negocio, postos de traballo xerados e porcentaxe da poboación que consume estes contidos.

8.2. As series de televisión en aberto.

A produción de series propias viuse estimulada polas elevadas audiencias da produción propia deste tipo de produtos no mercado español, o que animou a afrontar o risco de crear este tipo de formatos para un público obxectivo como o galego, aínda máis reducido que no caso español, a pesar da conseguinte diminución de ingresos publicitarios e, polo tanto, cuns orzamentos de produción que tiñan que ser, necesariamente tamén, menores. Aínda así enfrontáronse máis dunha trintena de proxectos deste tipo en pouco máis dunha década, comezando a mediados dos 90 polo éxito de “Pratos combinados” e “Mareas vivas”.

A evolución recente do audiovisual en Galicia nos últimos anos, ven marcada por dous feitos moi desiguais. En primeiro lugar, o cambio de tendencia con respecto á súa propia orientación que, despois de máis dunha década de actividade endóxena (case en exclusiva para a televisión autonómica), empezaba a se desenvolver externamente. Produtoras galegas participaban na produción de importantes éxitos da carteleira española como “Los lunes al sol” (Continental, 2002), *Darkness* (Filmax, 2002), “Mar adentro” (Filmanova, 2004) ou “Celda 211” (Vaca Films, 2009); tamén había unha forte presenza de empresas especializadas en animación como Dygra e Bren Entertainment, que facían de Galicia unha rexión punteira neste eido. A radio e a televisión dixital permiten a creación de novas canles e outros servizos de valor engadido. Para ese escenario de entrada no novo milenio Galicia contaba cunha nova canle de televisión pública autonómica e outras dúas máis de propiedade privada, V Televisión (Grupo Voz), e Popular TV (Grupo Cope), que poderían estimular aínda máis a produción do noso propio tecido industrial.

Porén, a irrupción da crise económica no 2008 e o pouco apoio dos xestores políticos a un sector industrial considerado estratéxico ata había pouco, desequilibrou profundamente o sector produtivo galego ao se reducir de maneira drástica, tanto as transferencias de rendas públicas en forma de axudas á produción, como as compras por parte de Televisión de Galicia. Isto propiciou a saída de profesionais do sector fóra da comunidade, para traballaren noutros mercados, coa significativa perda de traballadores especializados, formados ao longo destes anos nos que se foi dando forma a unha industria propia, que por mor da crise esmorecía. É neste contexto, en que compre inserir a explosión de series producidas expresamente para Internet, con moi escasos medios económicos e botando man a miúdo de actores afeccionados, que intentan ocupar o oco deixado polas produtoras convencionais. Porén a industria audiovisual galega conseguira recuperarse e afrontaba nestes últimos anos signos dunha estimulante revitalización, cun considerable incremento no número de producións, ou unha diversificación nas liñas de distribución, ampliando mercados con hitos como o de colocar series en cadeas en aberto a nivel nacional ou nas principais plataformas de distribución de vídeo en *streaming* a nivel mundial. A irrupción da pandemia de coronavirus, e a previsible crise subseguinte, volve a ameazar a nosa industria cultural no seu conxunto. Esperemos que as leccións aprendidas da crise de 2008, permitan unha pronta recuperación do noso tecido produtivo, e manteñan a esperanza de seguir contando no futuro, cunha voz que narre os temas e as preocupacións propias do noso tempo, no mundo que nos toca vivir, desde unha perspectiva propia. E que os galegos do século XXI poidamos seguir contándonos historias.

Listaxe de series galegas para televisión, en orde cronolóxica de produción.

- 1986. “Lendas”
- 1988. “Servizo de urxencias”
- 1989. “Composteláns”
- 1989. “Os outros feirantes”
- 1995. “Pratos combinados”
- 1996. “A familia Pita”
- 1998. “Mareas vivas”
- 2000. “Un mundo de historias”
- 2000. “Rías Baixas”
- 2001. “Terra de Miranda”
- 2001. “Pequeno hotel”
- 2001. “Avenida de América”
- 2001. “Galicia Exprés”
- 2002. “Fíos”
- 2003. “As leis de Celavella”
- 2004. “A miña sogra e mais eu”
- 2005. “Pepe o inglés”
- 2005. “Libro de familia”
- 2005. “Cuarto sen ascensor”
- 2006. “Maridos e mulleres”
- 2006. “A vida por diante”
- 2006. “Para mariñeiros nós”
- 2007. “Valderrei”

2007. “Padre Casares”

2007. “Efectos secundarios”

2008. “Os Atlánticos”

2009. “Matalobos”

2009. “O Nordés”

2009. “Gondar”

2009. “Conexión”

2009. “Mar libre”

2011. “Era visto”

2011. “Escoba!”

2013. “Luci”

2013. “Salgadura”

2013. “O Faro”

2013. “Chapa e pintura”

2014. “Serramoura”

2014. “Pazo de Familia”

2014. “Casa Manola”

2014. “Caseiros”.

2015. “Hotel Almirante”

2015. “Hospital Real”

2016. “Augasquentes”

2016. “Fontelba”

2016. “Urxencia Cero”

2016. “Dalia, a modista”

2017. “TAC”

- 2017. “O final do Camiño”
- 2017. “Vidago Palace”
- 2018. “Viradeira”
- 2018. “O sabor das Margaritas”
- 2018. “Os Mariachi”
- 2019. “A Estiba”
- 2019. “Lobos e Cordeiros”
- 2019. “Do dereito e do revés”
- 2020. “Auga Seca”
- 2020. “A Lei de Santos”
- 2021. “Método criminal”

Os inicios das series de televisión en Galicia responden aos mesmos esquemas que víramos anteriormente nos inicios das series en EEUU e as antoloxías, e as experiencias iniciais das canles de cable *premium* tamén en EEUU. A falta dunha experiencia previa e a carencia de grupos de traballo experimentados e sistemas de produción axeitados, leva a que os primeiros proxectos que se enfronten sexan compilacións de episodios únicas autoconclusivos, ao redor dun fio condutor aglutinante; así, a primeira experiencia no intento de facer unha serie en Galicia se debe ao realizador Carlos Amil, nunha data tan temperá como 1986, foi “**Lendas**”, unha serie de episodios independentes baseados en historias tradicionais galegas, producida por Vídeo. En 1988, comezou a emitirse “**Servizo de urxencias**”, orixinalmente unha serie de pequenas situacións cómicas dentro do magazine de entretemento “Velaí”; era unha minicomedia de situación, de apenas trece minutos.¹⁸ A serie sería emitida de forma autónoma en 1991, converténdose así na primeira serie producida pola televisión de Galicia.

En 1989, a sección para Galicia de Televisión Española, realizou e emitiu a serie de televisión “**Composteláns**”, unha miniserie de breve duración, ao redor de dez minutos, parodiando as increíbles relacións entre un neófito cargo da Xunta de Galicia que se trasladaba a Santiago de Compostela para desempeñar o seu labor, e uns descerebrados estudantes que o acollían na súa casa. A serie interpretada por Antón Losada, Serafín Cordeiro e Toñito Blanco, foi dirixida por X. M. Pereiro. Con moi escasos medios e unha factura propia de curtametraxe, sacaba punta as absurdas relacións destes personaxes, desde unha posición absolutamente irreverente.¹⁹

Tamén nese ano 1989, a produtora santiaguesa CTV, produce a súa primeira serie, “**Os outros feirantes**”, baseada en relatos de escritores galegos. A serie contou con seis episodios independentes.²⁰

Porén, o primeiro gran éxito de CTV será “**Pratos combinados**”, creada en 1995 e que en ton de comedia disparatada narra as relacións de Miro Pereira, interpretado polo actor Ernesto Chao, coa súa muller Balbina Santos (Mabel Rivera) e demais membros da familia que, retornados da emigración, rexentan un típico bar galego co nome de "Bar Suízo", por onde pasan diversos personaxes cómicos. Foi a primeira comedia de situación producida en Galicia. Sumou 261 episodios no tempo que durou (1995-2006), sendo a miúdo líder de audiencia, incluso nas súas múltiples remisións.²¹

O seguinte intento por desenvolver unha serie de televisión será “**A familia Pita**”, unha serie realizada por Continental para a TVG no ano 1996.²² Trátase dunha *sitcom* en que o humor céntrase nuns personaxes excéntricos levados ao extremo, que se contraponen co personaxe

de Hana, unha estudante alemá que é moi racional. A súa vez, este personaxe incorpora o elemento cómico da inxenuidade e falta de dominio do idioma que provoca situacións de equívoco constante.

Haberá que esperar ata 1998 para que se produza o seguinte gran éxito do drama seriado galego. Será “**Mareas vivas**”, producida polo grupo Voz e creada por Antón Reixa quen, no inicio da andaina da serie, tamén se ocupou da dirección. Un equipo de guionistas da produtora Zopilote e, posteriormente Miguel Aguiar e a produtora Ringo Rango, botaron a andar este proxecto que estaba formado por unha tempada de 13 capítulos.²³ A TVG comezou a emitir a serie en calidade de produción externa. A raíz do éxito, a canle de tv implicouse na produción retomando a serie. “Mareas Vivas” é unha serie ambientada na vila ficticia de Portozás (na realidade, os exteriores correspondíase con Laxe). O punto de partida é a chegada á vila de Andrés, un advogado da Coruña que quere cambiar de vida e acepta o posto de xuíz en Portozás. O xuíz é un estraño nesta vila costeira, un personaxe urbanita que, a través da súa interacción cun reparto de secundarios peculiares, resalta as características do lugar. É precisamente o feito de resaltar os localismos o que diferencia a “Mareas Vivas” das dúas series de ficción galegas emitidas anteriormente pola TVG: “Pratos Combinados” e “A Familia Pita”. Se ben estas dúas series poderían transcorrer en calquera lugar de Galiza, “Mareas Vivas” recolle as peculiaridades concretas da Costa da Morte. Este proceso enfatízase polo uso de exteriores (a posibilidade de que o espectador recoñeza as paisaxes facilita que identifique o que alí acontece) e, sobre todo, mediante o uso da lingua. Por primeira vez úsanse diferentes variedades dialectais do galego. De feito, este é un dos primeiros factores de contraposición que percibimos entre o personaxe da cidade que fala galego normativo e os habitantes de Portozás que falan coas características propias da Costa

da Morte, a gheada e o seseo. Estes factores contribúen a crear un escenario no que os elementos localistas contribúen ao realismo do produto.

No ano 2000 a produtora Pórtico crea a serie “**Un mundo de historias**” xunto á TVG. A serie contaba as vivencias dun cineasta que, tras anos fóra da súa vila, volta ao seu fogar a causa da morte do seu pai. A serie, dirixida por Antón Dobao, tivo un total de seis episodios.²⁴ Tamén no ano 2000, a produtora Continental, lánzase á produción da serie “**Rías Baixas**”, ambientada na comarca do Salnés (Pontevedra) e que narra a historia da familia Lantaño, adicada á elaboración de viño e propietarios de adegas e grandes extensións de viñedos. O punto de partida da historia é a celebración das vodas de ouro dos patriarcas da familia Lantaño, Don Ramón e dona María. A chegada de Gloria de Arxentina, convidada por Don Ramón (o seu benfeitor desde a infancia) para a celebración, será o desencadeante de conflitos internos na familia. A morte de Don Ramón o mesmo día da celebración do aniversario e a intención deste de cambiar o seu testamento, dará pé á loita entre os seus herdeiros: Diego e Gonzalo Lantaño. Gloria permanecerá en Cambados intentando introducirse no negocio vitícola, así como para esclarecer a verdade sobre o seu pasado. A partir de aí iranse desenvolvendo as tramas de “Rías Baixas”.²⁵ A estrutura dramática da serie é bastante simple e está influenciada en gran parte pola serie norteamericana “*Falcon Crest*”. A serie acadará un notable éxito e se chegarán a facer seis tempadas, cun total de 191 capítulos. A serie era en orixe unha versión da serie catalá “Saga de Poder”, o éxito da serie en Galicia fixo que esta se alongara, aledándose do serial orixinal (entrevista a Victor Sierra, anexos p. 188).

No ano 2001 Vídeo Voz inicia a produción dunha das series máis arriscadas da televisión galega, “**Terra de Miranda**”, cun número de secuencias rodadas en exteriores ou interiores

naturais que supera as secuencias rodadas en estudio, co encarecemento da produción que supón e a dificultade engadida a nivel narrativo de que en cada un dos seus episodios adoita haber unha trama en que o protagonista é un animal. A serie conta a historia de Carmela, unha Muller separada que ven da cidade de Vigo á Miranda, a súa vila natal, para retomar a súa profesión de veterinaria. Un referente claro desta produción é a serie “Mareas Vivas”, producida con anterioridade tamén polo grupo Voz.²⁶ Aquela serie comezaba tamén coa chegada dun forasteiro que ven exercer a súa profesión a un entorno novo. Xa “Mareas Vivas” tomaba como referentes outras series norteamericanas de éxito, como “Doctor en Alaska”, *Twin Peaks* ou *Picket Fences*, recalcando os procesos de estrañamento e as situacións curiosas no proceso de adaptación das persoas vidas de fóra ao seu novo entorno.

CTV produce en 2001 “**Pequeno hotel**”, comedia breve de pouco máis de media hora, ambientada nun hotel familiar situado ao lado da muralla de Lugo. En clave de humor utiliza os conflitos entre os donos e os empregados, así como a chegada de novos hóspedes, para crear situacións cómicas.²⁷ Dese mesmo ano é a produción de TVG “**Avenida de América**”, que narra a vida de mozos e mozas que estudan nunha escola de hostalaría.²⁸ A serie tiña a particularidade de ser gravada na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago.

Este ano, 2001, é prolífico na aparición de series dramáticas, pois tamén verá o estreno da coprodución de CTV e Filmanova “**Galicia Exprés**”. Esta serie narra como un estudante fracasado de Dereito, decide poñer en marcha unha mensaxería chamada “Galicia Exprés”.²⁹ As tramas terán como tema as relacións laborais e sentimentais entre os empregados da empresa e as historias dos seus clientes. No ano 2002, a produtora Faro TV en colaboración con La Región, produce “**Fíos**”; ambientada nunha empresa téxtil propiedade da familia Sueiro, xurdida da modesta xastrería que no seu día fundara Don Amador. Cando a este lle

chega a hora do retiro, deixa a compañía nas mans dos seus fillos, aparecendo as discrepancias entre os dous irmáns. A serie dirixida por Suso Iglesias³⁰ terá uns índices de audiencia modestos.

A produtora Voz, a partir da dirección de Jorge Coira, Gerard Gormezano e Carlos Sedes, vai crear no ano 2003 unha das súas máis ambiciosas producións, “**As leis de Celavella**”. A serie, ambientada nos anos vinte en Galicia, vai contar a historia de Pablo, fillo dunha familia acomodada, que regresa de Santiago a Celavella, a súa vila natal, despois de ter cursado durante oito anos a carreira de dereito. Seguindo os pasos do seu proxenitor, exercerá de avogado na súa vila, tarefa que lle semella aburrida ao tratarse dunha poboación moi tranquila. Aquí o argumento introduce un elemento propio do realismo máxico, pois Pablo contacta cunha pantasma que lle roga que descubra quen foi o asasino da súa amada, xa que el fora enviado ao garrote inxustamente, xulgado por este delito que, asegura, non cometeu.³¹ Pablo intentará resolver este caso mentres acontecen episodios cotiáns dunha vila en 1925. “As Leis de Celavella” vai ser, así, unha serie de suspense e acción, que combina as tramas xudiciais e costumistas, a través das cales se amosa a realidade histórica da época. “As leis de Celavella” conta cunha trama central moi definida (o caso do asasinato da amada do pantasma) e que se amplía ao longo dos capítulos. A medida que esta trama se desenvolve, observamos que cada vez hai máis personaxes implicados nela e que cada vez cobran un papel máis importante. Ao tempo, conta con pequenas tramas episódicas nas que Pablo, o avogado, debe resolver pequenos casos, recalcando relacións sociais que se desenvolven na vila.

No ano 2004, Vídeo Voz, baixo a dirección do dramaturgo Quico Cadaval e Judas Diz, produce “**A miña sogra e mais eu**”, que incorpora nos papeis protagonistas a afamada

cantante, xa falecida, Ana Kiro. O argumento céntrase no personaxe de Óscar, actor en paro, obrigado a trasladarse coa súa familia á casa da súa sogra. De ton humorístico e cunha duración de 55 minutos,³² desenvolveranse as situacións de tensión que esta situación provoca entre os personaxes.

En 2005, CTV e Producións Zopilote van realizar a serie “**Pepe o inglés**”, interpretada nos seus papeis protagonistas polo grupo de teatro Chévere.³³ O protagonista, Pepe, ten unha querenza por todo o inglés que non se sabe moi ben de onde lle ven. Rexenta un taller de reciclaxe onde, ademais, fai pequenos inventos co seu axudante Suso. Pepe desenvolverá unha relación particular con Pilar, que se muda a vivir a carón do taller de Pepe. De éxito moderado, a serie tivo 28 capítulos. Tamén en 2005, CTV vai producir “**Libro de familia**”. Ambientada ao final da ditadura franquista, na vila ficticia de Santalla, narra as relacións entre varias familias diversas, os terratenentes, os labregos e propietarios dun ultramarinos e os indios que volven de Venezuela. A serie vai ter unha vida prolongada, producida ata 2013, sendo durante varios anos líder de audiencia.³⁴

Outra produción de CTV, en coprodución con Filmanova do ano 2005, vai ser “**Cuarto sen ascensor**”. Unha produción de enorme interese ao tratarse da primeira comedia de situación galega que se gravou en plató ao estilo americano, con público presencial. O argumento recolle as peripecias de tres estudantes, Fran, Lucía e Sebas, que comparten piso. Comparten veciñanza cun matrimonio novo e relaciónanse a miúdo nun bar próximo. As súas influencias directas derivan, obviamente, das *sitcom* americanas. O referente máis parecido podería ser *Friends*: un grupo de coñecidos que viven en pisos contiguos e un bar como lugar de relación común. Outro referente próximo sería a serie española “Siete Vidas”, en que os protagonistas comparten unha variedade de idade máis achegada aos protagonistas desta serie. A diferenza

máis acusada fronte as *sitcom* norteamericanas é a duración da serie,³⁵ de case unha hora fronte a media hora dos modelos orixinais, para se adaptar aos hábitos de programacións nacionais.

En 2006, Continental, Zénit e TVG, van producir a serie “**Maridos e mulleres**”, baseada na serie valenciana *Matrimonis i Patrominis* de Canal 9. Nesta serie, en clave de humor, mestúranse tramas baseadas nas relacións persoais entre un grupo de familiares e amigos. A estes elementos se lles une un elemento de intriga centrado na desaparición do marido dunha das protagonistas. Serán gravados 26 episodios desta serie.³⁶ Neste mesmo ano o grupo Voz, vai producir un dos produtos de maior calidade da ficción seriada galega, “**A vida por diante**”. O argumento xira ao redor da vila mariñeira de Sada, onde cinco mulleres moi distintas, fican unidas polo naufraxio en que os seus homes perden a vida. Logo da noticia do afundimento, as viúvas teñen que facerse cargo da situación e tirar cara a adiante coas súas familias.³⁷ A estrutura dramática componse dunha serie de tramas en arco que se prolongarán ao longo de toda a serie e que se desenvolven en torno as cinco viúvas, contándonos así a vida de cada unha. Estas tramas en si tamén se entrelazan durante todos os capítulos.

No ano 2006 aparece en Internet unha web serie dirixida por Omar Rabuñal, “**Para mariñeiros nós**”, que narra as aventuras de dous mariñeiros da costa da morte en ton de humor irreverente. A partir de maio de 2010 pasa a ser emitida pola nova canle do grupo Voz, Vtelevisión, converténdose na primeira web serie galega que da o salto á televisión en aberto.³⁸

TVG e Zenit, producen en 2007 a serie “**Valderrei**”, unha adaptación da serie estreada en TV3 en 2004 *Ventdelplá*, un dos programas máis vistos da autonómica catalá. No proceso

adaptouse o guiión orixinal do dramaturgo Josep María Benet i Jornet a un formato diario, xa que a serie catalá se emitía dúas veces á semana en horario de *prime time*. A adaptación correu a cargo da guionista Rosa Castro, que xa participara noutros éxitos como “Rías Baixas” e “Libro de familia”. “Valderrei” conta a historia de Isa, unha muller de 40 anos, casada e con dous fillos que, despois de vivir moitos anos en Ferrol, foxe dunha situación matrimonial de maos tratos. Isa terá que refacer a súa vida no lugar onde ten as súas raíces, a pequena vila de onde procede a súa familia, “Valderrei”, un lugar de ficción, situado en exteriores entre Caldas de Reis e Padrón.³⁹ A dirección da serie correu a cargo de Miguel Conde, Antón López e Álex Sampayo, tres novos realizadores galegos.

CTV en 2007 inicia a produción de “**Efectos secundarios**”, serie que trata en clave de humor o traballo e as experiencias do persoal que presta os seus servizos no centro de atención primaria dunha vila galega,⁴⁰ co personaxe de Alicia Sampaio, unha médica, como protagonista. Os pacientes, as relacións cos seus colegas e amigos, e a vida coa súa filla e o seu exmarido, van constituír os temas fundamentais das tramas dos distintos episodios.

No ano 2007 prodúcese un dos grandes éxitos do grupo Voz, que comezará a ser emitida a principios de 2008 en TVG, “**Padre Casares**”, que narra as peripecias do sacerdote Horacio Casares quen, formado nun moderno seminario xesuíta, chega a Louredo, unha pequena vila da costa, para substituír o vello párroco local, un home que levaba toda a vida nese lugar. Padre Casares narra, con humor, o proceso polo que este home irá encaixando nese lugar. De novo, atopámonos coa premisa do forasteiro que ten que se adaptar ás peculiaridades do seu novo fogar, tan habitual no plantexamento inicial das series galegas. O novo párroco é un cura novo e urbano que debe adaptarse a unha vila rural e, en moitos aspectos tradicional, chea de personaxes curiosos e excéntricos.⁴¹ Cada episodio de “Padre Casares” ten unha

duración de 60 minutos. A acción desenvólvese arredor dunha trama principal e unha subtrama. Nas primeira tempadas, o relato ten unha estrutura en tres actos, coa seguinte distribución: un prólogo onde Don Horacio introduce ao espectador no episodio mediante a súa voz en off, seguida pola cabeceira. Tras ela, o acto primeiro onde se presentan as tramas e se produce o primeiro punto de xiro; posteriormente, ven un corte publicitario seguido do acto segundo co nó das tramas; desenvólvense as tramas e complícanse os problemas dos personaxes, ata que estoupan no segundo punto de xiro. Un segundo corte publicitario dá paso ao acto terceiro: acádanse os clímax das tramas e resólvense os conflitos, propiciando o desenlace. Un pequeno epílogo coa voz en off do Padre Casares, pecha o episodio cunha reflexión, ao tempo que finaliza a historia desa semana. Tras varias tempadas de emisión, o actor protagonista Pedro Alonso, deixa a serie para traballar noutra serie en Madrid, “Gran Hotel”. O seu personaxe será substituído por un novo párroco interpretado polo actor Xaquín Domínguez. “Padre Casares” xurde dunha idea orixinal de Ramón Campos, que máis tarde fundaría a produtora Bambú, retomada por Carlos Portela, que lle daría o enfoque definitivo (entrevista a Alberto Guntín, anexos p. 224).

As produtoras Continental e Filmanova producen en 2008 “**Os Atlánticos**”, unha serie que retrata a vida dun conxunto de verbena que toca polas festas de toda Galicia.⁴² Os protagonistas son os distintos músicos do grupo, Carlos (o líder e guitarrista), Silvia (a cantante), Xurxo (o baixista), Iván (teclista) e Marta (batería). Con eles viaxan sempre Lucio, o representante da banda, e Brais, o técnico de son. A historia comeza cando Laura, a primeira cantante do grupo, desaparece sen deixar rastro e Os Atlánticos quedan sen vocalista. Na busca dunha nova cantante que substitúa a Laura, dan con Silvia, a perruqueira da vila, que finalmente acepta poñerse tras o micrófono até que Laura regrese. Movéndose entre a comedia e o drama, a serie retrata as vidas cotiás destes músicos que viven na

localidade mariñeira de Pontedenós (na realidade, os exteriores son de Pontedeume). Para alén da música, todos sobreviven con outras ocupacións laborais. A estrutura dramática de Os Atlánticos é bastante sinxela. Polo normal, cada capítulo ten entre 4 e 6 tramas e subtramas moi variadas, misterio, corrupción, triángulos amorosos, relacións laborais e tensións sentimentais que se articulan sobre o arco de trama serial que constitúe a desaparición da cantante do grupo.

2009 é un ano moi prolífico na produción de series de televisión. O grupo Voz lanza o que será o seu último grande éxito ata o presente, “**Matalobos**”, ambientada no mundo do narcotráfico na Costa da Morte. O título da serie refírese ao apelido da familia protagonista, o clan dos Matalobos, dedicados ao negocio do narcotráfico. O argumento recolle os esforzos da xuíza e as autoridades policiais por capturar os responsables do tráfico ilícito, así como as relacións dos narcotraficantes con outros grupos de delinquentes. A serie, cun importante éxito de audiencia,⁴³ é producida até o ano 2013. A serie, a partir dunha idea orixinal de César Portela, pretendía ir máis alá dunha serie típica de narcotraficantes e policías, pretendía tratar, como una característica diferencial do produto, como o tráfico de drogas afectaba ao entorno social, dunha vila, persoas e familias, a ambos lados da lei (entrevista a Alberto Guntín, anexos p. 224).

O ano 2009 será tamén o ano de estrea de outras series que non acadarán o éxito de “Matalobos”. Unha destas series será “**O Nordés**”, producida por CTV e Zopilote,⁴⁴ ambientada na redacción dun hipotético xornal vigués, O Nordés, empresa familiar que atravesa apuros económicos e sofre a presión dun poderoso industrial que quere facerse coa súa propiedade. A emisión non acadou un elevado índice de audiencia e foi cancelada ao final da primeira tempada tras trece episodios. Outra serie de 2009 que vai a ter unha vida efémera

será a produción de Zenit e Continental “**Gondar**”. A serie baséase nun telefilm anterior do mesmo nome e xira ao redor dunha equipa de investigadores que traballa no laboratorio de biotecnoloxía dunha empresa familiar. Nese laboratorio deberán enfrontarse a diversos problemas de saúde que terán que investigar.⁴⁵ Cada capítulo presenta dúas tramas argumentais, unha centrada sobre algunha crise alimentaria ou de saúde que debe ser inmediatamente solucionada, e outra sobre as relacións persoais entre os membros da equipa. A serie xurde polo interese da produtora de alongar a produción de enorme éxito “Rías Baixas”, de forma que se deseñou unha nova serie relacionada coa anterior, pero que introducira unha forte influencia das series procedimentais de investigación, neste caso sobre alimentos (entrevista a Victor Sierra, anexos p. 189), pero a serie non funcionou ben na súa emisión, que se cancelou aos dous episodios, aínda que posteriormente emitíronse os 26 capítulos da serie completa.

O ano 2009 será tamén o da estrea da miniserie “**Conexión**”, un interesante produto creado pola TVG, a Radio Televisión Portuguesa e TV3. A historia xira ao redor das relacións do narcotráfico aos dous lados da fronteira entre Galicia e Portugal.⁴⁶ A produción distribuíuse con dúas montaxes diferentes, como telefilm nun único episodio, e como miniserie de dous episodios. Tamén no 2009 producírase “**Mar libre**”, unha miniserie que, como no caso anterior, tamén terá unha dupla distribución (como telefilm e como miniserie). Producida por Ficción Producciones,⁴⁷ foi emitida por televisión de Galicia en febreiro de 2010. A historia en clave de aventuras, está ambientada na costa da morte no século XVIII e narra a historia de amor entre o fillo dun pescador e a filla dun comerciante catalán, nunha situación de profundas tensións sociais. A serie foi premiada en numerosos festivais internacionais.

Froito das adaptación á situación de crise económica que atravesamos o país, estréase “**Era visto**” en 2011, unha produción de baixo custe de TVG e Zopilote. Fronte ás series corais cun numeroso elenco e coidada posta en escena con variadas localizacións que se viñan producindo nesas alturas e que van desaparecendo ao non poder permitirse seguir existindo cuns orzamentos cada vez máis minguados a causa da crise (“Matalobos” ou “Padre Casares”), esta serie parte dun elenco moi reducido, así como tamén son mínimas as localizacións onde transcorre a acción. A historia ten como protagonista ao operario dun almacén e conta o seu día a día entre a casa, o traballo e o bar cos seus amigos.⁴⁸ Esta mesma situación de redución extrema de custes caracteriza tamén a outra estrea de 2011, “**Escoba**”; unha serie de Ficcions Produccións.⁴⁹ Unha comedia de situación protagonizada por un grupo de mulleres que acoden a un centro social para xogar ás cartas, concretamente ao xogo da escoba que dará título á serie. A serie será gravada na Facultade de Ciencias da comunicación da Universidade de Santiago, como xa acontecera coa serie “Avenida de América”.⁵⁰

Haberá que esperar ata 2013 para asistir a outra estrea dunha serie de televisión en aberto, “**Luci**”, dirixida por Jorge Coira. A serie pretendía ser viable economicamente reducindo ao máximo os custes de produción: gravada cunha soa cámara ao estilo cinematográfico, en decorados naturais de A Coruña e cun elenco limitado, baseado na forza da súa protagonista, Luci, interpretada pola actriz Nuncy Valcárcel.⁵¹ A serie trata o día a día dunha muller que traballa no servizo de mantemento de parques e xardíns dunha cidade e a relación co seu entorno laboral e familiar.

En 2013, Continental Producciones, en coprodución coa catalá Dream Team Concept, realizaron a miniserie histórica galego-catalá “**Salgadura**”, estreada en catalán como “**Slao**”, que consta a historia dunha familia de conserveiros, baseada na familia Massó, que a cabalo

entre os séculos XVIII e XIX, participa no desenvolvemento da industria do salgado en Galicia. Foi interpretada por Joan Carrera, Luis Zahera, Luís Iglesia, María Castro e Belén Constenla, entre outros.⁵² A miniserie foi emitida en dous capítulos en Televisión de Galicia, entre finais de setembro e principios de outubro de 2013.

Tamén en 2013 estreouse “**O Faro**”, unha serie de emisión diaria na que a Televisión de Galicia participou nesta produción da FORTA, a Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicas e o Extremadura TV.⁵³ Estreouse de forma simultánea na Televisión de Galicia, Telemadrid, Castilla La Mancha e Televisión de Asturias. Tras esta primeira etapa, a TVG continuou producindo en solitario esta serie. O argumento xira ao redor dos problemas que ameazan o futuro dun restaurante familiar, cruce de camiños de moitos personaxes, que se entrelazan en relacións de amor, ambición e celos.

En outubro de 2013 a produtora Voz Audiovisual,⁵⁴ estrea “**Chapa e pintura**”, unha comedia de situación sobre a guerra de sexos nunha veciñanza ficticia cun taller de motos e un salón de beleza como escenarios de fondo. A serie baséase nunha idea orixinal de Carlos Carballo, que tamén se encargará da produción executiva, e Alberto Guntín, que fará a edición de guión. A dirección de produción virá a cargo de Paula Fernández, e a música orixinal será de Santi Jul e Iván Laxe. A xefatura de produción foi desempeñada por Silvia Mosquera.

Tamén de Voz Audiovisual será a serie máis interesante do 2014, “**Serramoura**”. Ambientada nunha pequena vila chamada Serramoura, unha moza aparece morta no medio do monte. A Garda Civil, envía unha parella de investigadores para resolver o caso. No argumento da serie entrecrúzase a investigación do homicidio co tema de fondo do enfrontamento e as rivalidades das principais familias do pobo e os segredos dos seus

habitantes. Serie de gran éxito, estará en emisión en TVG ata outubro de 2020, cun total de 11 tempadas e 173 episodios,⁵⁵ polos que pasarán boa parte dos actores do audiovisual galego.

En 2014 aparecerá una serie nova realizada pola empresa do produtor José María Besteiro, Central de Telecontenidos. “**Pazo de familia**”, e una serie centrada nas historias dunha familia a mediados dos anos oitenta, nun pazo urbano. A loita polo poder na empresa familiar e as relacións amorosas entre os seus personaxes principais, protagonizan as tramas principais. É unha continuación doutra serie de éxito da televisión de Galicia, “Libro de Familia”.⁵⁶

Tamén de 2014 é “**Casa Manola**”, unha serie producida por Filmanova para TVG. Unha comedia dunha hora de duración dirixida por Javier Camino a partir dun guión de Jacobo paz e Xosé Antón Moure, con música de Piti Sanz, e protagonizada por Isabel Blanco, María Costas, Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira.⁵⁷ A serie céntrase na vida de Nacho e a súa muller Vero, que tras quedar sen traballo na cidade, deciden regresar a súa vila, e reconverter a casa familiar, na que aínda vive a nai de, en casa de turismo rural. Ademais das tramas baseadas nos catro personaxes protagonistas, cada capítulo desenvolve tramas autoconclusivas ao redor de personaxes episódicos, fundamentalmente os hóspedes da casa. A serie caracterízase tamén por basearse en decorados naturais, gravados nos arredores de Betanzos. A primeira tempada estivo conformada por seis capítulos.

En 2014, estréase na TVG, “**Caseiros**”, Unha serie producida para a Televisión de Galicia pola produtora Central de Contenidos, plataforma de distribución de contidos para emisoras locais, actualmente TeleFicción, dentro do grupo Galiwood. A serie creada por José María

Besteiro, que tamén producira Libro de Familia, ten como protagonistas a dous irmáns Lola (Isabel Risco), e Roi (Roi da Costa), que en situación de desemprego, múdanse a un piso alugado por dous complicados caseiros, Eladio (Pepo Suevos), e Viruca (Elena Seijo).⁵⁸ A serie en clave de comedia narrará as difíciles relacións entre caseiros e inquilinos. A serie, cunha duración de 55 minutos por episodio, acadou os 13 capítulos.

“**Hotel almirante**”, serie da televisión de Galicia que comezou as súas emisións en abril de 2015. Trátase dunha miniserie de tres capítulos baseados na novela homónima de Marta Rivera de la Cruz, escritora luguesa. Ambientada na Galicia da posguerra, a morte dunha rapaza madrileña que ocupa unha habitación do hotel, servirá de arranque para o relato dunha historia de amor xunto coa crónica da historia do hotel.⁵⁹ Producida pola produtora lucense Formato Producciones e participada por Televisión de Galicia. Contou cunha axuda do Agadic na convocatoria de Axudas ao Audiovisual do ano 2012, e foi rodada en distintas localizacións de A Coruña e Lugo.

En 2015 chega a TVG a serie “**Hospital Real**”, producida por Ficción Producciones⁶⁰ e ambientada na Compostela do século XVIII, no hospital Real que da nome á serie. Unha serie que mistura tramas amorosas e de intriga, cun aporte adicional sobre a medicina da época. A serie foi gravada en decorados naturais, para o que se utilizou o convento franciscano de Herbón, como escenario principal e o Pazo de Faramello en Rois, que simula ser a casa dos Condes de Bastabales, personaxes da serie. Ademais de exteriores en Santiago, tamén se gravaron paisaxes de Padrón e a Praia de Vilar. Consta de 15 capítulos duns 70’ cada un, unha aposta formal e atrevida mesturando unha serie de época, nunha época no que a nivel nacional houbo grandes éxitos, como “*Gran Hotel*”, “*Tierra de Lobos*”, ou “*La Señora*”, con un drama médico, aínda que nada convencional, pola súa atmosfera tenebrista do século

XVIII, e ademais un substrato de intriga xustificado nas tensións sociais da época, aderezado con numerosas mortes e asasinatos, todo iso arroupado por unha coidada dirección artística.

Producida por Ficción Producciones para Televisión de Galicia, estréase en 2016 “**Augasquentes**”, que narra a historia dunha xuíza que volve á súa vila natal despois de 20 anos fora dela. Volta a unha vila pequena desde unha cidade de maior tamaño, e deberá, ademais de refacer a súa vida, facendo novos amigos e coñecidos, deberá adaptarse aos novos costumes dunha vila, desde o estrañamento do que ven de fora, e ademais do hábitat urbano.⁶¹ Un achegamento inicial que nos lembra o doutras moitas comedias galegas, comezando polo gran éxito de *Mareas Vivas*. Está serie está interpretada por María Vázquez, no papel da xuíza Ana Ledo, Antonio Durán “Morris”, Miguel de Lira, Ana Turpin, David Amor, Ricardo de Barreiro, Sheyla Fariña, Patricia Vázquez, Javier Veiga, Marcos Pereiro, Isabel Risco, Manuel Millán, Fina Calleja e Alberte Montes, ademais da aparición puntual de numerosos actores episódicos.⁶² A serie conta con numerosas localizacións na vila termal de Cuntis e no Pazo Cibrán de Vedra.

En 2016, producida por Atlantida Media, a televisión de Galicia estrea “**Fontealba**”, unha ficción diaria dirixida á franxa da sobremesa, producida polos creadores de “Faro”.

A serie narra os conflitos que atravesará una familia de alta posición, os Douro, traumatizada despois da desaparición da filla menor, Nina, tras a súa festa de dezoito aniversario. Luís, o pai, sufriu especialmente a perda, afectándoo profundamente. Agora quere facer o seu testamento sabendo que a repartición da súa herdanza levará aos diferentes integrantes da familia a unha desapiadada loita por controlar o patrimonio familiar. Agora Nina aparece vinte anos despois, disposta a clamar vinganza.⁶³ O esquema narrativo remite aos clásicos do novo *culebrón* norteamericano dos anos oitenta, cos exemplos paradigmáticos de “Dallas”

(1978-1991) de David Jacobs, “Falcon Crest” (1981-1990) creada por Earl Hammer e “Dinastía” (1981-1989) de Aaron Spelling, que marcan o modelo moderno da *soap opera* sobre a loita polo poder, no seno dunha familia rica, outro dos modelos preferidos para as series de sobremesa galegas. A serie está interpretada por Julio Pereira, Sonia Castelo, Melania Cruz e Sheyla Fariña, nos seus papeis principais.

Tamén no ano 2016, comeza a súa emisión en TVG,⁶⁴ “**Urxencia Cero**”, unha serie protagonizada por persoal sanitario, ambientada na unidade de transplantes dun hospital galego. Os exteriores foron grabados no Hotel Balneario de Guitiríz, que será na ficción o Hospital Francisco Balmis, nunha homenaxe ao médico español do século XVIII, responsable da expedición da vacina da varíola, a famosa expedición Balmis. Aínda que non é con exactitude a primeira incursión galega no tema dos dramas médicos, pois víamos máis arriba que ese privilexio lle corresponde a “Hospital Real”, trátase na primeira incursión no case subxénero de hospitais, digamos convencionais, con referentes a nivel nacional como “Hospital Central”, a lonxeva serie de Telecinco emitida entre 2000 e 2012, ou “*Urgencias*” “*ER*”, na súa versión orixinal, a serie dramática norteamericana, que veu a insuflar un aire novo a este tipo de produtos. A serie foi producida por Voz Audiovisual para Televisión de Galicia. *Urxencia Cero* contou coa colaboración da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, e moi especialmente coa axuda da Coordinación de Transplantes e do Centro Hospitalario Universitario da Coruña, e tiña un interese en publicitar a necesidade das doazóns de órganos.

Ao ano seguinte estreárase “**TAC**”, unha nova serie baseada na anterior, ambientada no mesmo entorno hospitalario e compartindo boa parte do elenco. A serie, que ía chamarse orixinalmente “Segunda oportunidade”, centrárase nas tramas persoais dos seus protagonistas

e incorporará unha trama de misterio ao ter que investigar un asasinato. Á serie incorporáranse novos actores, Luísa Merelas (Fina), Alberto Rolán (Gabriel), David Novas (Henrique), Samuel Blanco (Damián), Victoria Pérez (Costa), María Mera (Vera), Leire Rodríguez (Natalia). Aos anteriores se lles suman actores de Urxencia Cero, que regresan cos seus mesmos personaxes, Covadonga Berdiñas (Reme), Nacho Castaño (Xurxo Prieto), Ana Conca (Ánxela Souto), Raquel Espada (Sara Souto), Julia Gómez (Eva Muíños), Paula Morado (Laura Montes), Salvador del Río (Adolfo Serantes), Artur Trillo (Vitu), Dani Trillo (Lois Ferreiro), Carolina Vázquez (Pili Garrido), Carlos Villarino (Daniel Losada) e Manuel San Martín (Marcos).⁶⁵

Entre finais de 2016 e principios de 2017, emítase en Televisión de Galicia, a serie “**Dalia, a modista**”, Unha produción de CTV, ambientada nos anos 50, en plena posguerra civil española, protagonizada por unha modista nunha vila galega, que atende a unha clientela ben situada economicamente. A argumento incorpora unha trama de misterio, ao investigar a protagonista a recente morte da súa nai, pero tamén inclúe tramas amorosas e de superación persoal que xiran ao redor dunhas mulleres que son quen de levantar un obradoiro de costura ata convertelo nunha referencia da moda. A serie obtivo catro premios Mateo na gala dese ano, mellor actriz feminina de reparto, mellor vestiario, dirección de arte e maquillaxe e perruquería.

“**O final do camiño**”, e unha serie de oito capítulos de Voz Audiovisual, estreada en 2017 e que, dunha forma novidosa, vai ser producida para dúas canles en aberto á vez, para Televisión Española, e para Televisión de Galicia.⁶⁸ A historia nárrese desde a Compostela do século XI e recrea os anos da construción da Catedral en tempos de Xelmírez e o Rei Alfonso VI. Aínda que a serie recibiu numerosas críticas pola súa imprecisión histórica, resulta moi

interesante o seu estreo case simultáneo con dúas versións lingüísticas diferentes, en galego e castelán, e inspírase no éxito que a tamén serie histórica “Isabel” tivo en Televisión española entre 2012 e 2014. A serie foi posteriormente vendida para México e Puerto Rico en 2018.

Froito dos esforzos de cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal para producir contidos audiovisuais conxuntos, a través dos encontros promovidos pola Axencia Galega das Industrias Culturais, AGADIC e o Festival de Cine de Ourense, OUFF, nace “**Vídago Palace**”, unha coprodución da produtora galega Portocavo e a portuguesa Hop,⁶⁹ para TVG e a televisión pública portuguesa, emitida en 2017. A serie foi gravada no célebre hotel Vídago e en escenarios de Verín e o Couto Mixto. O argumento xira ao redor dun triángulo amoroso ambientado no famoso hotel e balneario que da nome á serie, ubicada temporalmente no verano de 1936, recrea a atmosfera luxosa da alta sociedade co golpe de estado dese ano como historia de fondo. A miniserie de seis capítulos foi posteriormente vendida para ser emitida en Polonia e Estados Unidos.

A finais de 2017, estrearáse “**Viradeira**”, unha serie en clave de comedia, creada por Voz Audiovisual para Televisión de Galicia,⁷⁰ filmada en Mugardos, que conta a chegada á unha vila mariñeira dun grupo de buscadores de tesouros, na procura dun galeón afundido dos tempos da Armada Invencible, alterando así a vida do pobo. A serie contará cun gran número de exteriores na súa rodaxe e unhas novedosas secuencias subacuáticas que lle aportarán unha riqueza visual fora do habitual. Terá dúas temporadas cun total de 22 capítulos.

“**O sabor das margaridas**”, estreouse en 2018, en TVG, producida por CTV. O argumento xira ao redor da desaparición dunha rapaza nunha tranquila vila. Unha inspectora da Garda Civil, encárgase non seu primeiro caso, de levar a investigación. A medida que avanza a

investigación, vaise descubrindo unha faceta tenebrosa desa vila aparentemente idílica, ao mesmo tempo que se amosa o pasado complicado da investigadora. A serie pasou posteriormente a estar dispoñible no catálogo de Netflix,⁷¹ elevándose á lista das dez series máis vistas en Reino Unido, de fala non inglesa. Este bo resultado nunha plataforma de éxito global, marca un fito na distribución das series en galego, amosando que a lingua non é unha barreira á hora de chegar a mercados internacionais. O bo resultado nesa plataforma traducirase nunha segunda tempada estreada en TVG en 2020, pero tamén amosará que a industria audiovisual galega acada un nivel capaz de competir con éxito nas grandes plataformas de vídeo en streaming. En 2020 tamén está prevista a estrea de “*El desorden que dejas*”, unha produción de oito capítulos de Vaca Films para Netflix, nesta ocasión en lingua castelán.

“**Os Mariachi**”, Estreouse en decembre de 2018, no festival OOFF de Ourense, para ser posteriormente emitida por Televisión de Galicia. Unha serie protagonizada por Manuel Manquiña e Antonio Durán (Morris), en formato de media hora de humor irreverente e ambientada na rexión do Ribeiro, conta as peripecias de dúas familias ourensanas, enfrontadas, a do notario da vila, e os seus veciños, descendentes de emigrantes mexicanos, alcumados “Os Mariachi”.⁷²

En 2019, estréase en Televisión de Galicia “**A Estiba**”, unha serie de intriga e suspense producida por Voz Audiovisual. Ambientada na cidade ficticia de Ardora, e o traballo da policía ao redor do contrabando e as descargas ilegais no seu porto. Na creación da serie teñen moita importancia as numerosas localizacións gravadas en Sada, Arteixo, Culleredo, Bergondo, Oleiros, Carballo e A Coruña.⁷³

En 2019, estréase “**Lobos e Cordeiros**”, producida por Galiwood par Televisión de Galicia.⁷⁴ Serie de época ambientada en 1898 na cidade de Ourense, cunha estrutura de intriga e amores imposibles por mor da diferenza de clase, que entrecruza nas súas tramas a vida de tres familias moi diferentes, unha familia fidalga, outra de criados e unha terceira de médicos de Madrid.

En decembro de 2019, estréase “**Do dereito e do revés**”, serie creada por Xosé Cermeño, que fora autor de “Pratos combinados”,⁷⁵ e producida por Think First, produtora galega de recente creación, propiedade de José Manuel Rey Novoa, do grupo Compostela, en colaboración con CTV. A produción executiva correu a cargo de Silvia Carnero, que xa estivera na produción de Libro de familia, e dirección foi de Manuel Espiñeira.

Unha comedia familiar, interpretada por actores como Víctor Fábregas e Sergio Pazos, Susana Sampedro, Casilda Alfaro, Alberte Montes, Xoel Fernández e Alicia Armenteros nos seus papeis principais. A serie conformada por capítulos de 70 minutos de duración, tende ao predominio das tramas autoconclusivas. Ditas tramas, xiran ao redor do abogado sen éxito Ramón Patiño, interpretado por Víctor Fábregas, e os seus manexos na busca de clientes e demandas, e os enredos na súa vida persoal, na relación coa súa exmuller Sara, interpretada por Susana Sampedro e a filla de ambos.

En 2020, estréase “**Auga seca**”, unha serie de televisión producida pola produtora galega Portocabo e a portuguesa Sp-i, para Televisión de Galicia e a RTP. Un produto que profunda no proceso de colaboración entre produtoras galegas e portuguesas, con traballos que serán estreados nas canles públicas de ambos países, seguindo a estela de “Vidago Palace” e “Verão M”. Pero ademais tamén é a primeira serie en entrar no catálogo de HBO España e

HBO Portugal,⁷⁶ seguindo a posibilidade da distribución en streaming internacional, que abría “O sabor das margaridas”. O argumento responde ás premisas dun policial clásico, que arranca co investigación dun aparente suicidio con demasiadas incógnitas a cabalo entre Vigo e Lisboa. O traballo conxunto entre investigadores portugueses e españois, lembra ao clásico moderno “Bron”, de 2011, unha produción Sueco-danesa, baseada tamén no traballo policial de cooperación entre dous países, diferenciados administrativamente, pero enormemente achegados no eido cultural.

En novembro de 2020, estréase en TVG, “**A Lei de Santos**”, unha serie de sete episodios de setenta minutos, derivada doutro éxito da ficción galega, Serramoura.

Protagonizada por Monti Castiñeiras no papel de Santos, a serie foi dirixida por Miguel Conde, Jorge Saavedra e Victor Sierra, creador da mesma e guionista, xunto a Aberto Guntín, Xosé Morais, Lidia Fraga e Araceli Gonda.⁷⁷

O argumento xira ao redor de Santos, que marcha de Serramoura para volver a súa vila natal, Viladesantos. O seu regreso coincide co asasinato dun dos veciños, o que fai que todas as sospeitas se centren en Santos, quen a súa vez planea o atraco ao banco da vila.

A principios de 2021, estréase “**Método criminal**”, unha nova serie co narcotráfico como tema de fondo, pero agora en clave de comedia negra. Producida por Voz Audiovisual,⁷⁸ ten unha duración de 50 minutos, nunha aposta por abandonar as longas duracións típicas das series para Televisión de Galicia, e adaptarse a franxa de programación dunha hora.

O argumento xira ao redor do fillo dun importante narcotraficante, que se ve obrigado a ocupar a dirección da delitativa empresa familiar. Completo descoñecedor do negocio e

fervente seguidor das series da galega, decide inspirarse no seu narcotraficante de referencia, o protagonista da serie Matalobos, así que contactará co actor que interpretou no seu momento o personaxe, coa esperanza de que lle ensine a representar o papel de xefe mafioso. Cruzada por múltiples referencias ao audiovisual galego e á ficción audiovisual en xeral, así como o compoñente fundamental na trama, de actores que se interpretan aparentemente a si mesmos, ademais de ser personaxes doutras series reais, fan que os aspectos metaficciónais de “Método criminal”, sexan unha atrevida e novidosa aposta dentro da produción galega.

Os esquemas narrativos.

O forasteiro e a pequena comunidade.

Víamos nos distintos argumentos das series galegas, unha grande variedade de situacións ambientacións e conflitos. Porén, quizais debamos sinalar a repetición dun punto de ataque narrativo que atopamos cunha certa asiduidade, referímonos, como xa comentamos en repetidas ocasións, ao estrañamento que provoca a figura do forasteiro que debe incorporarse a unha nova comunidade. Este proceso está presente como trama principal en numerosas propostas, como “A familia Pita”, “Mareas vivas”, “Un mundo de historias”, “Rías Baixas”, “Terra de Miranda”, “As leis de Celavella”, “Valderrei” ou “Padre Casares”, ou aparece de forma secundaria na presentación dalgún personaxe como en “Libro de familia”. Pode dar lugar a situacións de comedia ou dramáticas, segundo o ton da serie, mais é innegable que goza de moito éxito entre os nosos guionistas.

Certo é que non se trata dun esquema orixinal, pois xa mencionábamnos os modelos norteamericanos de referencia, pero a proporción tan elevada na que se presenta dentro do argumentario das series galegas, lévanos a procurar razóns máis profundas para un uso tan repetido. Quizás podería servir para amosar un certo punto de tensión entre dúas realidades sobre as que xira tamén a cultura galega: a tensión entre o mundo rural e o urbano.

Ao longo dos séculos a cultura galega foi principalmente unha cultura de ámbito rural, eido ao que ficou restrinxida durante boa parte da súa historia, recluída nun entorno familiar e afastada das administracións, órganos de poder e educación regrada. Porén, na actualidade ese mundo rural está a desaparecer froito do desprazamento ás cidades da poboación, nun fenómeno xeneralizado en todo o mundo ao que Galicia non é allea. A cultura galega vese

polo tanto na tesitura de adaptarse, se quere sobrevivir, a esta realidade urbana na que até hai pouco fora excluída. Pode que a presenza abundante da figura do forasteiro (xeralmente da cidade), que debe adaptarse a unha comunidade nova, veña a recoller en certa medida esta incerteza á que se ve sometida a cultura galega. Non é polo tanto un paralelismo directo coa brusca migración do rural ao urbano que se produciu en Galicia, ao mesmo tempo que no resto de España, nos anos 60. En realidade trátase dunha exaltación da comunidade pequena e aislada co seu propio mundo referencial, ao que debe adaptarse o recen chegado. Reflicte, en certa medida o hábitat disperso propio de Galicia. As series galegas coherentemente, teñen unha ambientación predominantemente rural. A acción acontece en vilas e pequenas localidades, moito menos nas cidades máis importantes. Isto está relacionado co perfil do espectador habitual ao que vai dirixida a programación da TVG, e que ten no ámbito rural ao seu público máis fiel.

As series de trama criminal.

O éxito de “Matalobos” (2009-2013), que fai das tramas de tipo criminal o elemento central da serie, vai a abrir a posibilidade de que a ficción galega se vexa influída por unha ambientación baseada na longa presenza do narcotráfico nas rías galegas. Xa no ano 2002, o director galego Jorge Coira, fixera un telefilme que recollía este tema. “Entre bateas”, era unha coprodución da Federación de Canles Autonómicas, a FORTA, realizada pola produtora Continental e con guión de Ramón Campos e Carlos Portela. Centrábase no conflito, na ría de Arousa, entre os antigos contrabandistas de tabaco e os novos traficantes de drogas. A película acadou numerosos recoñecementos nos premios Mestre Mateo, e amosou as posibilidades narrativas que tiña a realidade da ambientación local, inspirada no tema do contrabando, que podía servir como escenario crible para o cine negro contemporáneo.

“Matalobos” viña a explorar e expandir as posibilidades da temática tradicional do cine negro, en relación cos conflitos entre redes de narcotraficantes, coa ambientación local das rías galegas, xogando cun pasado recente no que estes conflitos tiñan unha base real. Ficciónase polo tanto, a partir de anécdotas e episodios que tiñan un eco real no narcotráfico galego. Todo este bagaxe apórtalle unha atmosfera de verosimilitude ás distintas tramas, que enriquecía o escenario narrativo.

No desenvolvemento desta temática debemos falar dunha forte influencia literaria. A literatura galega experimenta co xénero negro desde que o escritor Carlos Reigosa publicara en 1984 *Crime en Compostela*, co que acadara o premio Xerais de novela. Esta obra inaugurarán unha saga protagonizada polo detective Nivardo Castro que continuará con *O misterio do barco perdido* en 1988, *A guerra do tabaco* en 1996 e *Narcos* en 2001.

O escritor e investigador cinematográfico Miguel Anxo Fernández, viña explorando o xénero co seu persoaxe Frank Soutelo desde o ano 2002, coa publicación de *Un nicho para Marilyn*, ao que seguirán outras cinco obras da saga deste detective, todas publicadas por Galaxia. No ano 2006 o escritor vigués Domingo Villar, publica a novela de xénero negro *Ollos de Auga*, onde nos presenta ao detective Leo Caldas, que tamén protagonizará en 2009, *A praia dos afogados*, e en 2019 *O último barco*. O éxito destes autores, e o doutros moitos como Aníbal Malvar, ou Diego Ameixeiras (que tamén é guionista de cine e televisión), ven a contribuir a xestación dun substrato narrativo, resolto nas estruturas do xénero de intriga, que van a contribuír no florecemento destas estruturas narrativas no eido audiovisual.

Tras “Matalobos”, virá o éxito de “Serramoura” (2014-2020), agora aparcando os conflitos entre narcos, para substituílos polas intrigas entre madeireiros, pero coa fórmula da investigación dun caso, que pasa a ser o fío fundamental que articula a narración.

A influencia literaria volverá a cruzarse co audiovisual coa adaptación do ensaio periodístico de Nacho Carretero, que dará lugar a serie homónima “Fariña” producida por Bambú Producciones e emitida en 2018 por Atresmedia, converténdose nun dos grandes éxitos nacionais da tempada. De novo o tema do narcotráfico nas rías, sustentado por unha acertada investigación periodística. Ao ano seguinte será o da estrea de “Hierro”, un *thriller* creado por Pepe Coira e dirixida polo seu irmá Jorge, o realizador de “Entre bateas”. A serie producida por Portocabo, será emitida por Movistar+ en 2019.

En 2020 estrearse “Néboa” producida por RTVE e Voz Audiovisual para a primeira cadea de TVE. A investigación dunha serie de asasinatos por parte de dúas investigadoras da garda civil, nunha remota illa da costa coruñesa. Tamén en 2020 estrearse “El desorden que dejas” un *thriller* producido pola produtora galega Vaca films para a plataforma Netflix. Tamén do 2020 será a serie dirixida por Dani de la Torre, co tema da investigación criminal ao cargo neste caso dunha unidade de elite da policía, “La Unidad”, producida tamén por Vaca films para Movistar+. E por último, tamén neste ano, estreouse en HBO a coprodución de TVG e SP Televisão e Portocabo, “Auga Seca”, da que xa falamos anteriormente, co tema da investigación dun asasinato como elemento articular da trama.

Como vemos a fórmula narrativa de mestura do *thriller* o ambiente da delincuencia e a investigación criminal, serán o formato de máis éxito do audiovisual galego máis alá da TVG, abríndolle a porta as canles nacionais, con éxitos en TVE, Antena 3 e Movistar e ás plataformas internacionais como HBO e Netflix.

8.4. As series para Internet.

A mediados dos anos noventa, empezan a aparecer en EEUU as primeiras series deseñadas expresamente para Internet, tanto en imaxe real como en animación. A tecnoloxía da época non permite un gran desenvolvemento do fenómeno, haberá que esperar ata 2003, cando se estrea MSN Vídeo, a gran aposta de Microsoft polo vídeo en Internet, que se fai habitual a produción de series para esa plataforma. Entre 2003 e 2005, numerosas series independentes fanse populares en Internet. A partir de 2005, a aparición de YouTube vai incrementar exponencialmente o desenvolvemento de webseries.

8.4.1. O contexto nacional. As series web españolas

En 2004 nace en Barcelona unha webserie española de animación para adultos: “**Cállico Electrónico**”. A tecnoloxía flash permite nestas alturas desenvolver unha técnica de animación, que aínda que moi sinxela, permite desenvolver animacións a un custe moi moderado. A serie creada por Nikodemo Animation foi, nun principio, un encargo dunha empresa Electrónica Web como elemento de promoción da súa páxina. O protagonista, Cállico, baséase na figura do antiheroe. A serie cunha linguaxe coloquial e un humor irreverente, acadará unha rápida difusión. A serie chegará a ter 5 tempadas, emitíndose o último capítulo en 2015. “Cállico Electrónico” converteuse na primeira webserie nacional de éxito, incluso cunha certa repercusión internacional, con versións en inglés e francés.

O desenvolvemento de Internet 2.0, coa participación activa dos usuarios como creadores de contido, vai desdibuxar a fronteira entre produtores e receptores, primeiro cos blogs, que

democratizan a publicación de contidos, e pouco despois coas redes sociais. O desenvolvemento da tecnoloxía, a mellora das conexións e o consecuente aumento da velocidade na taxa de transferencia de datos, permitirá un progresivo incremento dos contidos audiovisuais na Rede. En 2005, comeza a funcionar unha nova plataforma deseñada para aloxar vídeos de factura doméstica, unha aplicación de gran capacidade e fácil uso para os seus usuarios, así nace YouTube, que terá un éxito fulgurante. En pouco tempo, acadará unha posición dominante na Web á hora de facilitar o aloxamento e visionado de audiovisuais. A partir de ese momento, de forma paralela ao aumento da presenza de contidos de vídeo, vaise multiplicar o número de seriesweb accesibles en Internet.

En 2005, dous amigos de Bilbao: Natxo del Agua y Rubén Ontiveros, empezan a rodar capítulos dunha webserie chamada “**Qué vida más triste**”. En formato videoblog contan, semanalmente, as desventuras do protagonista. As tres primeiras temporadas, emitidas en exclusiva por Internet, tanto na súa propia páxina web como por YouTube, terán un elevado número de visitas, que chamará a atención da produtora K2000 (La Sexta) que en 2008 lles propuxo adaptar o formato para ser emitido por televisión, sendo o primeiro exemplo en España de salto dunha serieweb desde a Web á televisión convencional.

“Cálculo Electrónico” e “Qué vida más triste”, marcan un punto de inflexión no éxito dos contidos de ficción deseñados para Internet en España. A partir dese momento vaise multiplicar a aparición de series web no noso país. Afeccionados e aspirantes a profesionais do audiovisual, desenvolverán proxectos independentes de baixo custe, a maior parte das veces autofinanciando os seus propios traballos que serán distribuídos nos seus propios blogs e páxinas web así como en diferentes portais de vídeos de Internet, e sobre todo no recentemente creado YouTube.

Será o caso de Javier Batalla e Cristian Font, que con escasos medios, crearan unha serie de pequenas curtametraxes caseiras coa súas primeiras experiencias no audiovisual, que posteriormente comezarán a subir a Internet a partir de 2006, será a serie “**Dos primos muy primos**”, xerme da súa produtora valenciana, Producciones la Hormiga.

Tamén en 2006, a asociación cultural Singermorning, crea a primeira webserie de temática homosexual, “**Lo que surja**”. O baixo custe destas producións, permitiralles abordar con liberdade unha temática que en aqueles anos víase excluída dos medios tradicionais. A serie tivo un total de 19 episodios emitidos entre 2006 e 2010, e por primeira vez nunha webserie en España, fixéronse habituais en algúns dos seus episodios, cameos de personaxes famosos, como Paco León ou Alaska.

En novembro de 2008, irrompe o seguinte éxito das series web españolas, coa estrea en Internet de “**Malviviendo**”. Nuns seis meses a partir da súa estrea, a serie xa recibira máis de 6 millóns de visitas. Tal tráfico de espectadores chamou moi cedo a atención de varios canais convencionais. Telecinco, Canal Sur ou La 2 póñense en contacto para conseguir os dereitos de emisión.

Son os inicios dunha converxencia mediática en España, entre Internet e as televisións tradicionais, no que a primeira xa non só se nutre de contidos televisivos, senón que os contidos de ficción orixinalmente desenvolto para a rede, tamén son atractivos para a televisión en aberto. Ao mesmo tempo, esas mesmas televisións, que comezan a desenvolver as súas propias plataformas co fin de achegar os seus contidos a través da Rede, como unha

forma adicional de distribución, empezarán tamén a desenvolver contidos de ficción deseñados especificamente para o novo medio.

Telecinco.es fixo unha gran aposta pola ficción exclusiva para Internet, apoiando proxectos alleos como “**Sin pelos en la lengua**”, e creando as súas propias webseries como “**Sexo en Chueca**” ou “**Becarios**”.

Tamén darase o recorrido inverso, cando un produto con orixe na televisión en aberto, teña unha segunda vida Internet. Tal será o caso de “**Enjuto Mojamuto**”, un contido de animación emitido dentro do programa “Muchachada Nui” de TV2. Cando o programa foi cancelado na súa canle de televisión orixinal, a demanda dos fans derivou na creación dunha páxina web propia onde continuaron a emitirse novos capítulos, agora xa como webserie.

Algunhas pequenas produtoras especializaranse na produción de ficción para Internet. Será o caso de Beniwood en Valencia, Mundo Joven Creativo en Madrid ou Frikibot en Sevilla, que producirán entre dúas e tres series á vez neses anos. Estas produtoras comezan cunha webserie inicial que busca contactar e fidelizar ao seu público, e a partir dese momento producen varias series dirixidas ao mesmo target.

Hacia o final da década, faise habitual a incorporación de empresas á produción de series web, como forma de promocionarse e potenciar a súa presenza en Internet. É o caso de Telepizza, Eljueves.es, NegroClarito.com, Rockzone, a empresa de autobuses ASA, etc.

Desta forma, a produción de series para Internet desenvolve un ecosistema de produción máis rico e variado, no que podemos atopar como axentes creadores, as pequenas produtoras

especializadas, os canais de televisión tradicionais, os creadores independentes e as empresas privadas.

O último actor en incorporarse á produción de webseries, serán as novas plataformas exclusivas de Internet. En 2016, na plataforma de Internet Flooxer, propiedade de Atresmedia, estréase a webserie “**Paquita Salas**”, unha serie española dirixida e guionizada por Javier Calvo e Javier Ambrossi, e protagonizada por Brays Efe no papel principal de Paquita Salas. O éxito da serie fará que os seus dereitos de emisión foran adquiridos ao ano seguinte por Netflix, para ser producida para a súa plataforma. A serie converterase nun dos exemplos máis importantes de webserie de éxito que amplía a súa difusión a medios de maior audiencia, pero agora xa non será unha televisión en aberto, se non unha plataforma masiva de presenza mundial.

A normalización da produción de series web favorecerá a aparición de festivais especializados. Xa en 2010, Nicodemo.tv, creadores de “Cálculo Eléctrico”, crearon o “Web Series Festival”, de vida efémera, o primeiro festival de capítulos piloto. En 2014, desde Galicia, convócase un festival de webseries, que aínda continúa celebrándose, o Carballo Interplay, que desde 2015 pasa a ser un festival de contidos dixitais.

8.4.2. As series web galegas.

Paralelamente a progresiva desaparición das series de ficción da grella de TVG polo efecto da crise económica de 2008, que vai reducir as partidas orzamentais dedicadas á súa produción, até o punto de as facer inviables, prodúcese unha eclosión de pequenas producións destinadas a Internet como fiestra de distribución. Como dicíamos anteriormente, boa parte destes títulos serán producidos en lingua castelá co fin de acadar unha maior difusión na rede, pois a promoción dos seus autores convértese no principal razón de ser da produción, ao non poder xerar ingresos máis alá de certos patrocinios.

Listaxe de webseries en lingua galega, en orde cronolóxica de produción.

- 2006. “Para mariñeiros nós”
- 2008. “Oculto identidade”
- 2009. “Non saímos do lixo”
- 2009. “A Cobiza dos Souto”
- 2011. “O Comisario”
- 2012. “Verba Vermella”
- 2012. “Amores prohibidos 2.0”
- 2013. “O Gran compadre”
- 2013. “PIB-Produto Interior Bruto”
- 2013. “Fame”
- 2013. “Poetarras”
- 2013. “Conversas con Cunqueiro”
- 2014. “Dalle Jas!

2014. “Artemia”
2014. “De volta ao rural”
2014. “Interfecto”
2014. “Toñito, ti es especial”
2015. “Gafas e Pallaso”
2015. “Vento ferido”
2015. “Veciños”
2016. “Galicia Crime”
2016. “Antolepsia”
2017. “Peter Brandon”
2018. “A partida”
2019. “Hai vida en Bran”
2020. “Mataría Microserie”
2020. “Amnesia 3.0”
2020. “Xan Serie”

Tras a experiencia que xa comentábamnos anteriormente de “**Para mariñeiros nós**”, que é en propiedade a primeira serie galega producida para Internet, coa particularidade de acabar sendo emitida en aberto, haberá que esperar ata 2008, para atopar outra serie en galego, “**Oculto identidade**”, unha webserie creada por Bruno Nieto, que xa fixera para a rede outra serie anteriormente, “*Nada es lo que parece*”. Nesta ocasión a serie desenvólvese co apoio da Escola de Imaxe e Son de A Coruña da que Bruno Nieto era alumno nese intre. Cristian Pazos, un estudante de 20 anos da escola de Imaxe e Son desaparece; a partir de aí os seus compañeiros comezan unha busca paralela á da policía; co paso dos días empezarán a

desconfiar entre eles mesmos. Por outra parte, a reporteira Cayetana investiga pola súa conta querendo atopar a Cristian para poder dar a exclusiva do ano. Tanto uns coma outros tardarán en se decatar de que a solución está nun acontecemento do pasado que cambiará a vida dos protagonistas.

No ano 2009 o portal sobre música galega Komunikando.net desenvolve un programa de humor en clave de parodia que acaba por ter vida propia, “**Non saímos do lixo**”. Esta serie chegou aos dez episodios en dúas temporadas, cun formato semellante aos programas de *sketchs* televisivos, intercalando personaxes habituais con situacións e parodias propias de cada episodio, utilizando cada vez un asunto diferente como fío condutor.

No ano de 2009, ao longo de dous meses, medio centenar de veciños de Allariz participaron dun serial televisivo destinado á televisión local, RTV Allariz, dispoñible posteriormente nas canles de Internet de Vimeo e YouTube. O serial “**A Cobiza dos Souto**”, xirará ao redor de 11 episodios, dos desacordos familiares por mor dunha herdanza.

En 2011 aparece unha nova serie, “**O Comisario**”, nela un comisario, en crave de parodia, loita contra o crime. Esta serie web, guionizada, dirixida e interpretada no seu papel protagonista por Luis Taboada Brea, membro do grupo cómico de Lalín, Dous tolos moi tolos, do que forma parte xunto a Jacobo del Valle Batán, que tamén participa na serie. Os escenarios da serie son as rúas e lugares recoñecibles de Lalín, que percorre o comisario, un personaxe un pouco extravagante, vestido de camisa hawaiana e sombreiro.

Ao ano seguinte en 2012, os alumnos do IES Audiovisual de Vigo, desenvolverán “**Verba Vermella**”, unha serie en ton de suspense, dirixida por Isaac Pazos e protagonizada por

Sandra Iglesias. Conta a historia dunha prestixiosa periodista que está a punto de destapar un importante caso de corrupción que implica autoridades políticas, pero ao facelo poñerá en perigo ela e a súa familia.

En 2012, o grupo de teatro Chévere, afrontou un dos proxectos máis interesantes en relación co exploración das posibilidades das novas tecnoloxías en materia narrativa, “**Amores prohibidos 2.0**”, unha produción que supera amplamente o concepto de serie, xa que foi un experimento transmedia en tempo real baseado nunha representación escénica, que incluíu unha plataforma na web, as redes sociais e a propia serie de vídeos. Neste proxecto, durante o mes de abril dese ano, un grupo de estudantes do IES A Cachada de Boiro recreou a historia de Romeo e Xulieta co conflito lingüístico como tema de fondo. Producido por Redenasa.tv e Grupo Chévere, co soporte de A Navalla Suíza, empresa galega de comunicación dixital e solucións de Internet.

En 2013 estréase “**PIB-Produto Interior Bruto**”, onde unha parella de personaxes habituais, Richi e Maxi, serven como fio condutor a uns episodios satíricos e moi críticos sobre a situación do país, o feísmo o cacique, as festas ou os negocios fáciles. É un proxecto do colectivo Os Ghairas de Ourense, con Mighele de Curras como director e Héctor Casas e Alfonso Míguez de protagonistas.

En 2016 realizan unha segunda quenda de capítulos, “Barlamento”, uns breves sketches satíricos e moi críticos sobre a situación do país, a ecoloxía, os votos ou a lingua. Catro breves episodios de menos dun minuto, máis outro adicional de 10 minutos. Foron premiados co premio do público no Prado Reas Web Festival en 2016, onde tamén estiveron nomeados a mellor web serie e mellor guión.

A produtora Audiobeesimal, baixo a dirección de Anxos Fazáns, estrea tamén en 2013 “**Fame**”, un thriller que conta a viaxe interrompida por unha avaría do coche de Eme e Uve, dúas divertidas rapazas. Ao día seguinte, tras unha noite de festa desenfreada, aparece un cadáver. Comeza unha investigación, na que as dúas rapazas son sospeitosas, ¿terán algo que ver no asunto?

En 2013 comeza un proxecto de longo recorrido, “**Poetarras**”, que comparte nome co grupo musical e cómico formado por Daniel Vilaverde, Pablo Lamosa, Ruben Lino e Manuel Gago. Un proxecto audiovisual, no que a música e o humor se mesturan estreitamente. Os membros de Poetarras escriben e interpretan esta serie de sketches humorísticos cos que gañaron en 2014, o premio á mellor serie en lingua galega no Carballo Interplay.

En 2013, unha pequena produción propia, parodia o reality-show máis emblemático, “Gran Hermano”, chamarase “**Gran compadre**”. En cinco programas de media hora de duración, simulando as galas do modelo orixinal e en clave de comedia absurda e irreverente, os habitantes da casa de “Gran compadre”, competían entre eles, tendo como premio para o finalista o de ser nomeado Director Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia. Nos diálogos mestúrase galego e castelán segundo o precise a personalidade dos seus propios personaxes. Esta serie propúxose aproveitar as posibilidades de interacción que permite a rede e, así, durante o tempo en que se foron estreando os capítulos, os personaxes tiveron perfís propios nas redes sociais e as votacións do concurso foron reais vía Internet.

En 2013 estréase “**Conversas con Cunqueiro**”. Esta webserie galega, é o proxecto do guionista e protagonista da mesma, Óscar Cruz. Este proxecto naceu dun traballo da Universidade de A Coruña, cunha certa nostalxia do Xabarín Club. As súas referencias foron

algunhas das mellores webseries galegas como: “Angélica y Roberta” e “Entre Pipas”. En ton de comedia, preséntase formalmente en forma de monólogo. O protagonista expón as súas reflexións persoais, na Praza do Humor de A Coruña, expoñendo os seus pensamentos a carón da estatua de Álvaro Cunqueiro, que pacientemente escoita as súas diatribas. Tras a aparencia de comedia sen complicacións, vai aflorando un certo fondo de crítica social. Está producida por Porco Bravú, unha produtora creada no 2013 por varios alumnos da UDC. Esta serie permite consolidar a súa produtora, e van a continuar a elaborar outras series web, como “El Método Sueco” e “Peter Brandon”.

En 2014, a compañía de teatro Triateiros desenvolve “**Dalle Jas!**”, unha comedia de 12 capítulos, nos que uns descoñecidos xúntanse para compartir coche nunha viaxe. Nese traxecto descubrirán novas realidades desde a súa perspectiva.

Tamén en 2014, a produtora Irmandade TV, estrea unha serie de intriga centrada ao redor de Marcos, un periodista drogadicto, retirado por depresión. Marcos atópase inmerso nun trío amoroso entre a súa ex e o seu irmá. Confía en que algo poda cambiar a súa sorte. Este triller “**Artemia**”, de nove episodios, contará coa dirección de Darío Autrán.

A crise leva ao paro a dúas rapazas que volven á vila familiar e deben instalarse na casa da aboa dunha delas. A partir dese momento vivirán unha serie de aventuras rodeados de curiosos personaxes. Ese será o argumento de “**De volta ao rural**”, un proxecto estreado en 2014 pola produtora Audiobeesual e dirixida por Belén Bouzas.

“**Interfecto**” será unha serie de tres capítulos, rodada en xullo de 2014 en Celanova, ao longo de catro días de traballo. Creada no Taller do Curso de Medios Audiovisuais de Celanova por alumnos do Grao de Comunicación Audiovisual, contou coa colaboración dos alumnos de

interpretación da Escola Superior de Arte Dramático da Universidade de Vigo. Un detective, Salvador, investiga unha serie de misteriosos asasinatos en Celanova. Ante a falta de progresos, decide solicitar axuda a Pedro, un periodista, que leva tempo investigando os mesmos asasinatos.

“**Toñoito, ti es especial**”, nesta serie, Toñoito o seu protagonista, fálanos desde Carballo das rarezas dos seus paisanos, segundo el, pode haber ata extraterrestres. Coa axuda dun astuto axudante, investigará se tal cousa pode ser posible. A serie, de cinco capítulos, é o produto dun obradoiro no que colaboraron, Javi Camino, Daniel Villaverde, Enrique Lojo, Luis E. Froiz, Santiago Días e Under Varela, no Festival Carballo Interplay de 2014.

En 2015, estreouse “**Gafas e Pallaso**”, unha serie na que dous personaxes estafalarios, un coa cara mal pintada de pallaso e o outro con grandes gafas de pasta, protagonizan unha serie de humor absurdo, baseada na vida cotiá dos protagonistas. A serie foi creada por un grupo de compañeiros da Facultade de Ciencias Sociais e da comunicación, do campus pontevedrés da Universidade de Vigo.

“**Vento ferido**” é un proxecto que xurde dunha interpretación libre do libro de relatos de Carlos Casares do mesmo nome, adaptación feita por un grupo de estudantes de Comunicación Audiovisual e Publicidade e Relacións Públicas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, da Universidade de Vigo en 2015, no obradoiro audiovisual do CeMAC, o curso de Medios Audiovisuais de Celanova. O argumento xira ao redor dun rapaz duns vinte anos, que debe volver á súa vila natal, para descubrir que as razóns que o levaron a marchar seguen a estar presentes.

En “**Veciños**”, unha serie de 2015, Alberte, o fillo da Ermitas, volve á aldea dos seus avós. Un estraño veciño vai facilitarlle o retorno á vida rural. Unha serie de humor absurdo protagonizada polos integrantes da produtora Páramo Pictures, no que mesturarán música co humor irreverente. Son tamén responsables de moitas parodias de cancións de éxito entre elas unha versión de Despacito de Luís Fonsi e Daddy Yankee, Alcolitos.

En 2015, Cousas Veredes, unha produtora de contidos creada por Víctor Grande, Oswaldo Digón e Pedro Brandariz, crea a serie “**Galicia Crime**”, unha serie policial de humor absurdo, cun gran elenco de actores cómicos galegos. Ambientada en Carballork, cidade dos Concellos Unidos, o detective Downson e o sarxento Pillei, investigan casos e perseguen criminais sen pausa nen tregua.

A seguinte obra da que nos ocuparemos será “**Antolepsia**”, unha serie creada por Javier Segade en 2016. Esta webserie de humor galega, narra as vivencias de Antón, un personaxe que sofre unha estraña enfermidade, mistura da narcolepsia e o somnambulismo, que lle fai experimentar cada día unha nova e louca aventura.

Cunha liña narrativa, repetida a modo de partitura, preséntasenos ao personaxe principal (Antón) e o seu problema, a súa estraña enfermidade, desencadeada cando se lle aparece un rato xigante e con el se manifesta a súa enfermidade, que o despraza a un mundo diferente á realidade, coma nun sono. Gravada na cidade da Coruña, ‘Antolepsia’ está rodada cunha posta en escena moi sinxela, e unha utilización habitual da elipse, e consta con actores habituais da comedia galega, como Álvaro Brandariz ou David Perdomo.

Porco Bravú, a produtora gañadora de tres Premios Mestre Mateo, xa tivera éxito coa súa webserie “El método sueco”, estrea en 2017 “**Peter Brandon**”. Esta serie foi premiada como Mellor Proxecto, no Carballo Interplay en 2016, e galardoada co Premio Mestre Mateo á mellor webserie en 2018.

A trama xira ao redor da vida dun cómico, Pedro Brandariz, fóra de escena. Pedro, farto do seu traballo, decide emprender unha nova vida mediante a creación dun novo proxecto, Peter Brandon co fin de acadar o seu soño de presentar un *late night* en Galicia. Rómpense premeditadamente as barreiras entre realidade e ficción, con actores que se representan a si mesmos, como o propio Pedro Brandariz, buscando satirizar o sector audiovisual galego mediante uns personaxes inadaptados e irreverentes.

No aspecto visual, atopámonos cunha serie realizada coa fórmula das *Single Cam Sitcom*, no que a cámara pasa a ser un personaxe máis da historia. Habitualmente esta fórmula aporta verosimilitude ao relato do protagonista. Trátase evidentemente dun falso documental, que amosa a influencia de moitas das series americanas que optan por esta técnica, como “The Office” ou “Bojack Horseman”.

Ademais a súa estética achegase intencionadamente á linguaxe publicitaria e do videoclip, uns tempos de duración próximos á duración das sitcom convencionais, ao redor dos 28 minutos, personaxes esaxerados, e temas arriscados.

En 2018, verá a luz “**A partida**”, un proxecto da produtora Voufilms rodado e estreado en A Pobra. Nunha partida clandestina de póker, seis personaxes, catro homes e dúas mulleres

buscan unha oportunidade para refacer as súas vidas. Irásenos mostrando o pasado de cada un deles ata chegar ao momento presente.

Mariña, despois de rematar Belas Artes, sen traballo, volta a súa aldea. Este é o punto de ataque de “**Hai vida en Bran**”, unha web serie gañadora do premio ao Mellor Proxecto, no Festival Carballo Interplay de 2017, e estreada en 2019. Ven encarnar o tema dunha mocidade no intre de acometer a transición á vida adulta, e das súas aspiracións frustradas. A promesa incumprida dunha carreira universitaria que permitiría a incorporación ao mercado laboral, cun traballo estable e ben remunerado, que a súa vez resolvería as súas necesidades vitais. Aparece tamén a visión dun rural en Galicia, que non é compatible de todo coa xente nova, e as súas necesidades, xa que non hai actividades dirixidas a eles. A crítica social, aparece tamén en moitas das tramas e construción de personaxes, como a homofobia que aparece con facilidade, ou a crítica ao abuso de poder dos pequenos cargos políticos que aparecen na serie.

Hai na serie unha certa cita constante a referentes da xeración xabarín (como por exemplo na elección da banda sonora), que medraron vendo os debuxos da galega, e que agora deixan de ser nenos para enfrontarse á idade adulta.

Mariña é unha moza que tras volver de estudar Belas Artes en Madrid sen éxito, comeza a traballar na mesma gasolinera cá súa nai. Pese ao seu fracaso, ela segue crendo na valía da súa arte, o que fai que a situación que vive nese momento, ter 25 anos e non conseguir o éxito laboral e verse obrigada a regresar a Bran, a súa aldea, frustra á protagonista, cuxa imaxinación desesperada, crea un alien imaxinario que a acompaña nas súas reflexións e

aventuras. Pese aos poucos capítulos que conforman a serie, pódese apreciar unha certa evolución da protagonista, que vai apreciando a súa nova vida en Bran.

En 2020, o actor Pedro Brandariz e o realizador Javier Seoane, crearían “**Mataría Microserie**”, guionizada por eles mesmos e Ángela Triana, e con outras dúas persoas máis na produción, Eli Monteagudo e Jesús Martínez. Trátase dunha serie de humor formada por capítulos autoconclusivos, moi breves, cunha duración de poucos minutos. A serie está producida por Dinamo producións, a produtora propia de Pedro Brandariz e por Javier Seoane Producciones.

A serie baséase nun humor moi visual, o protagonista quéixase en cada capítulo dun tipo de personaxes que o levan á desesperación, e acto e seguido un breve sketch ilustra unha situación que exemplifica ese odio tan visceral, rematando cando o protagonista deixa escapar a súa imaxinación sobre como acabaría cos causantes de tanto encordio. Desta forma, os repartidores que non chegan á hora acordada, as persoas que coa escusa de probar, devoran a nosa propia sobremesa, os aproveitadores infinitos de iogures rematados, as parellas excesivamente melosas, etc, acaban desfilando polos distintos capítulos da serie, que excede a mediados de 2021, o medio centenar de capítulos.

En novembro de 2020, estreouse no Carballo Interplay, “**Amnesia 3.0**”, unha serie de 3 capítulos, escrita e dirixida por Irene Pin e producida por Natalia Porca y Cristela Torres. A particularidade desta serie é que ten un compoñente interactivo, permitindo que os espectadores, usuarios, podan escoller entre distintas opcións evolutivas do relato, dependendo do personaxe que escollan en algunha secuencias. O deseño de interactividade, correu a cargo de Iria Iglesias, que tamén foi a autora da banda sonora orixinal.

A serie está interpretada por Daniel Celester, Sara Ferro, Vanessa Dorrei, Monti Castiñeiras e Duarte Galbán, coa participación de Isabel Naveira e Sabela Arán. O argumento transcorre nun futuro distópico no que un software implantado no cerebro humano borra a memoria a curto prazo cada noite, co fin de ser manipulados e limitar a súa capacidade reflexiva. Aqueles que non queren vivir dentro do sistema imposto, viven nos marxes da sociedade, excluídos.

Tamén en 2020, estreouse a que fora gañadora do Premio a Proxecto de serie web no Carballo Interplay de 2019, “**Xan Serie**”, escrita por Miguel Canalejo e dirixida por Lucía Estévez. Estreada en decembro, foi gañadora ao ano seguinte, do Premio a mellor serie web nos Mestre Mateo de 2021. Cada capítulo, de duración variable, entre os catro e os oito minutos, utiliza como fío condutor a un peculiar personaxe, Xan, un milenial, espectador mudo do que acontece en cada capítulo, unha estraña invitación á reflexión sobre os mais diversos temas. A primeira tempada componse de 6 episodios. Os tres primeiros xiran ao redor dos límites do humor, a tolerancia e a moral, e os tres seguintes utilizaban unha escusa histórica para explorar o humor absurdo.

9. Fichas técnicas das series galegas de televisión.

As seguintes fichas confeccionáronse combinando información de diversas fontes, Televisión de Galicia, Galipedia, (a Wikipedia en galego), a Axencia Audiovisual Galega, IMDb (Internet Movie Database), Filmaffinity España, a páxina Web “Cine Galego” e o portal AVG Audiovisual galego (pertencente ao Consello de Cultura Galega), durante moitos anos, a base de datos máis completa neste senso.

Cada unha destas fontes recolle información diversa dun certo número de series, dependendo do momento no que a base de datos empezou a recopilar información e dos anos nos que estivo en activo, no caso de que xa non o siga facendo. Algunhas delas dependen das meritorias aportacións voluntarias dos seus usuarios, como a Galipedia ou o portal Cine Galego. Outras, dependentes das institucións, como a TVG, AVG Audiovisual galego, ou a Axencia Audiovisual Galega, foron variando no tempo á hora de recopilar información. A Televisión de Galicia ten unha certa información accesible, daquelas series que ten dispoñibles no seu portal de televisión á carta. O portal AVG Audiovisual galego, foi moi activo recollendo información sobre series durante uns anos, pero xa non o é actualmente. Axencia Audiovisual Galega, naceu cunha gran ambición de proxección da industria audiovisual galega, pero desapareceu cun cambio de goberno galego.

Nos últimos anos faise máis habitual atopar fichas de series galegas nas grandes bases de datos internacionais privadas, IMDb (Internet Movie Database) e Filmaffinity España.

A partir dos datos recopilados nos portais mencionados anteriormente confeccionamos unha serie de fichas de datos sobre cada unha das series mencionadas no noso traballo. As fichas seguen aproximadamente o modelo que a AVG desenvolveu no seu tempo; compóñense

dunha breve sinopse, deseguido menciónanse os premios obtidos no caso de telos, unha enumeración do equipo humano, comezando polo persoal técnico, e seguindo polo elenco e os cargos de dirección. E un último bloque con datos xerais da serie, como o xénero, televisión de emisión, duración, etc.

Neste listado de fichas sinalamos a ausencia de Lendas a serie pioneira de 1986, pois carecemos de datos suficientes como para poder elaborar unha ficha completa.

1988. “Servizo de urxencias”

Sinopse: Trátase dunha minicomedia de situación, de trece minutos, que se emitiu por primeira vez como unha sección dentro do programa de humor “Velai”, dirixido por Xaime Fandiño, e que se emitiu de novo de xeito independente en 1991¹.

A serie está ambientada no servizo de urxencias dun hospital visto en clave paródica e de humor. Primeira serie de ficción televisiva producida pola TVG. 15 episodios². O guión fora escrito por Suso de Toro que recolleu parte dos seus guións nun libro homónimo.

Equipo técnico e artístico

Deseño de decorados: Suso Montero

Dirección: Xaime Fandiño

Guionista: Suso de Toro

Intérpretes: Luma Gómez, Fely Manzano, Manuel Pombal, Marisa Soto, Antonio Durán
“Morris”

Ficha técnica

Emisión: Televisión de Galicia (TVG)

Produtora / Televisión de Galicia (TVG)

Xénero: Comedia de situación

